

# Os Símbolos de Galicia

Edición ao coidado de
Xosé Ramón Barreiro Fernández e Ramón Villares

# Os Símbolos de Galicia

Edición ao coidado de Xosé Ramón Barreiro Fernández
Ramón Villares

Xosé Luís Axeitos
Xosé Ramón Barreiro Fernández
Manuel Ferreiro
Fernando López-Acuña
Eduardo Pardo de Guevara y Valdés
Ramón Villares

Consello da Cultura Galega

Os Símbolos de Galicia / edición ao coidado de Xosé Ramón Barreiro Fernández, Ramón Villares. — Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega ; A Coruña : Real Academia Galega, 2007. — 199 p. : il. ; 33 cm
D.L. C 0000-2007. — ISBN 978-84-96530-46-1
1. Emblemas nacionais-Galicia-Historia. I. Barreiro Fernández, Xosé Ramón. II. Villares, Ramón. III. Consello da Cultura Galega. IV. Real Academia Galega. V. Título



**AGRADECEMENTOS**

Arquivo da Real Academia Galega
Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela

**Documentación gráfica**
Xosé Luís Axeitos
Guillermo Escrigas
Eduardo Pardo de Guevara

**Deseño gráfico**
Xosé Díaz / Imago Mundi

**Imprime**
Alva Gráfica

Depósito Legal: C 0000-2007

ISBN: 978-84-96530-46-1

© Dos textos, os seus autores
© Dos debuxos heráldicos, X. A. García G.-Ledo
© Desta edición, Consello da Cultura Galega e Real Academia Galega

# ÍNDICE

7 INTRODUCIÓN
Xosé Ramón Barreiro Fernandéz
*Presidente da Real Academia Galega*
Ramón Villares
*Presidente do Consello da Cultura Galega*

11 PRODUCIR SÍMBOLOS NACIONAIS
Ramón Villares

33 O ESCUDO DE GALICIA. ORIXE, SIGNIFICACIÓNS E EVOLUCIÓN
Eduardo Pardo de Guevara

79 A BANDEIRA DE GALICIA
Xosé Ramón Barreiro Fernández
Xosé Luís Axeitos

105 O HIMNO. HISTORIA, TEXTO E MÚSICA
Manuel Ferreiro
Fernando López-Acuña

193 UN LUGAR PARA A MEMORIA. O PANTEÓN DA GALEGUIDADE
Xosé Ramón Barreiro Fernández

que adoita anunciarse nas páxinas da revista (vid. *Vida Gallega*, suplemento do número 12, decembro 1909). Outros moitos comerciantes fixeron o mesmo; tal ocorre co *Vino Tostado Rosalía de Castro*, de Lago e Hijos Ltd. de Vigo, que na «solera 1916» reproduce un poema de *Cantares gallegos* cruzado pola franxa azul da bandeira.

[44] *Gaceta de Galicia*, 22 de xuño de 1910.

[45] *Diario de Galicia*, 11 de novembro de 1910.

[46] *Boletín Oficial del Colegio Provincial de Médicos de Pontevedra*, 1 de novembro de 1933.

[47] *El Noroeste*, martes 19 de abril de 1921.

[48] Folla voante datada en Vigo o 30 de maio de 1921.

[49] *El Compostelano*, Santiago, 2 de agosto de 1923.

[50] O poema «A nosa bandeira», de Amado Carballo, publicouse por primeira vez en *La Concordia*, Vigo, 10 de abril de 1924.

[51] Avelino R. Elías, «Salve Galicia», *Vida Gallega*, 72, 1º de xullo de 1916.

[52] Carta manuscrita autógrafa de Noriega Varela dirixida a Alejandro Barreiro e datada en Santa María de Chavín o 1º de abril de 1939 «III año triunfal». Como cabeceira unha foto de Franco en uniforme de campaña rodeada dos lemas «¡Viva Franco! ¡Viva España!».

[53] Sobre estes acontecementos, existe un libro xustificativo obra de Ramón Mourente, *Mi paso por el Centro Gallego de Buenos Aires*, Edifasa, Bos Aires, 1971.

[54] «Revoldaina», *A Nosa Terra*, Bos Aires, xuño, 1969.

# O HIMNO. HISTORIA, TEXTO E MÚSICA

**Manuel Ferreiro**
**Fernando López-Acuña**







Eduardo Pondal (esquerda)
e Pascual Veiga (arriba)

*Os feitos eran da patria,*
*que nobre respeto inspiran;*
*as glorias eran da patria,*
*a qu' un amor grande obriga;*
*os cantos eran da patria,*
*entusiasmo os escribira…*
(E. Pondal, PA 21.5-10)[1]

**Ao longo do** século XIX, os principais elementos da identidade nacional son establecidos e fixados na maioría das nacións europeas, quer nas consolidadas como Estados, quer naqueloutras, como Galiza, precisadas de recoñecemento: os antepasados son identificados, a lingua é reivindicada e fixada, a historia nacional é escrita, a paisaxe é glosada, a cultura popular é recuperada e estudada... Así aparecen, ou se confirman, a bandeira, o escudo e mais o himno, os tres símbolos a través dos cales unha nación exhibe e proclama a súa identidade e soberanía real ou desexada, revelando o seu pasado, o seu pensamento e a súa vontade de existencia e permanencia.

Entre estes símbolos nacionais –himno, escudo e bandeira– é seguramente o primeiro deles o máis importante por canto os cidadáns poden participar activamente na súa emisión e actualización, ao contrario do que acontece coa bandeira e co escudo, que funcionan como símbolos estáticos.

Algúns dos himnos nacionais actuais proceden de músicas militares que celebraron momentos significativos da historia patria; outros baséanse na obra de compositores clásicos (como o alemán, obra de Haydn) ou en música e texto populares (Cataluña, por exemplo). O noso himno non conmemora un triunfo importante nin actos gloriosos da nosa historia: o seu nacemento e a súa concepción é outra, porque foi produto da necesidade de creación de símbolos nacionais identificadores que se comezou a sentir fundamentalmente desde mediados do século XIX nos ambientes máis conscientes do «Rexionalismo», isto é, do protonacionalismo galego.

O actual Himno Galego oficial, nacido en 1890 e definitivamente institucionalizado en 1984, ten unha longa historia que se estende durante máis dun século, desde que o poeta Eduardo Pondal e o músico Pascual Veiga o creasen no Certame Musical convocado para tal efecto. Neste sentido, o noso himno ten unha aparición non serodia en relación á maioría dos himnos das nacións europeas porque, aínda existindo himnos anteriores (Francia, Inglaterra...), moitos dos oficiais dos Estados europeos proceden de mediados do século XIX (Dinamarca 1840, Bélxica 1845, Italia 1846, Austria 1847, Grecia 1864, Noruega 1864 etc.), mentres que outros, como o portugués ou o irlandés, por exemplo, aínda son posteriores ao noso[2]. Canto aos himnos das nacións ibéricas, para alén do actual himno portugués, algo posterior ao noso (composto en 1891), e do himno oficial español (en realidade, unha marcha), que ten orixe na antiga «Marcha de granaderos», cunha historia de alternancia co himno de Riego, símbolo da oposición á monarquía (oficial na I República, 1873; na II, 1931-1939), o himno catalán procede dun texto popular, difundido a finais do século XIX, mentres que o vasco foi escrito en 1932 por José María Gárate.

Cartel das festas musicais do 'Orfeón Coruñés nº 4', 1890



## OS «OUTROS» HIMNOS GALEGOS

*Prázalle aos outros*
*Un boo concerto.*
(E. Pondal, PM 32.39-40)

O proceso de consolidación do actual himno oficial (nacido en 1890) non foi fácil e nin sequera foi a única proposta hímnica para Galiza. Desde as últimas décadas do século XIX pódense achar alusións e propostas para dotar o noso país dun símbolo que era sentido como necesario para acompañar o proceso de reivindicación nacional que, desde o provincialismo inicial do século XIX, está a renacer, estenderse e consolidarse no seo da nación galega.

Certamente, desde os inicios do século xa se contaba co denominado «Himno da Guerra de Independencia» ou «Himno do Batallón de Literarios», xurdido na contenda bélica contra os franceses en 1808. E tamén se debe ter en conta que Marcial del Adalid compuxera varios himnos orquestrais, entre eles a «Marcha triunfal Galicia» (1881). Por outra parte, tamén non se pode esquecer que o «Himno de Riego», oficial no Estado español durante breves períodos do XIX, pola súa carga liberal e republicana foi interpretado en actos galeguistas ao longo do século XX. En calquera caso, non eran himnos sentidos como propios no sentido de identificación nacional, como mostra o feito de que ficasen axiña no esquecemento e que funcionasen máis como referencia literaria que como símbolos reais e históricos.

Na realidade, é na década de 1880 cando se documentan propostas hímnicas conscientes, prescindindo de noticias parciais e inconcretas como, por exemplo, a que nos informa de que en 1884 se interpretaba un «Himno á Galicia» no coruñés Paseo de Méndez Núñez, ou que en 1885 nunha festa galega celebrada no Teatro Tacón da Habana se interpretou, xuntamente con outras pezas galegas, outro «Hino á Galicia»[3].

O certo é que, con motivo da Exposición Rexional celebrada en Pontevedra en 1880, pola recentemente constituída 'Sociedad de Juegos Florales' foi convocado un premio para un «Himno á Galicia en dialecto del país», que tería como galardón unha «Corona de laurel en cuyas cintas se

Nesta páxina e na seguinte:
Programa *Certamen Musical* do 'Orfeón Coruñés nº 4', 1890








leerán los títulos de los periódicos que han contribuido a este premio». As bases establecían que a obra gañadora serviría de tema para o premio de composición musical que sería convocado no próximo certame que se celebrase, feito que vén a demostrar o interese que os convocantes tiñan por dotar Galiza dun canto patrio: «En el programa del segundo certámen se ofrecerá un premio al autor de la mejor composición musical, escrita sobre la letra del himno que se considere de más relevante mérito, entre los que se presenten, con motivo de esta convocatoria»[4]. O texto premiado foi o do autor pontevedrés Andrés Muruais (1851-1882), cun accésit de Francisco María de la Iglesia (1827-1897)[5]. O certame de 1884 establecía, pois, o premio de composición musical sobre o coro e as dúas primeiras estrofas do himno de Andrés Muruais, que será gañado polo músico noiés Felipe Paz Carbajal (1850-1918?)[6]. Velaí o texto poético («A Galicia. Hino»)[7]:

Coro
Hirmans, con entusiasmo
Cantemos a Galicia,
Pra nós outra delicia
Com' ela xa non hay;
E mali' ô fillo ingrato
Que como nós non queira
A terra feiticeira
Qu' é nosa doce nai.

I.
¡Pátrea! guind' á coroa d' espiñas,
Ergu' â testa dorida e muchada,
Hirmans, vinde da nai adourada
A poñervos do trono ar[r]edor;
E xuremos curarlle as feridas
Sobr' ô peito poñendo á man forte,
E que todos loitand' hastr' â morte,
Saberemos gardar seu honor.



CORO
*Hirmans, etc.*

II.
D'o porvir escomenz' ô gran dia
E nas tréboas que fuxen latexa
O traidor curazon con qu' á invexa
Seu veneno, verteu sobre nós.
¡Veni' â lús qu' os farrapos d'a brétema
Rach' êspalla no ceo d'a hestoria
E alum' ôs altares d'[a] groria
Os sepurcros dos nosos avos!

CORO
*Hirmans, etc.*

III.
¡Ouh Galicia! tuas bágoas enxoiga,
Pois pra ti novo sol hoxe brila,
E nos aires, solene e tranquila,
D'o progreso x' â vos resoou.
Reina, escoita ó mañan que t' agarda,
Pero lembra tamen teu pasado
Que d'a hestoria no libro dourado
Siñalado pra sempre quedou.

CORO
*Hirmans, etc.*

IV.
Aló enriba d'o monte Medulio
Inda imobles nos altos penedos
Pol'a noite, calados e quedos,
Teus guerreiros velando se ven.
Por tí s' erguen suas sombras d'as cobas,
Teu honor inda gardan despertas
Amostrando as feridas abertas
Por loitar cada un contra cen.

CORO
*Hirmans, etc.*

V.
Inda miran pr'o azul hourizonte
Coroadas de buxos e rosas
D'os teus nautas as sombras groriosas
É os seus barcos se vén gobernar,
Semellando aló lonxe, moi lonxe,
De tuas illas as moles pesadas
Tuas escadras marchando caladas
O crarisco d'a lua no mar.

CORO
*Hirmans, etc.*

VI.
¡Miña terra, xardin encantado,
O mirar qu' eres tan feiticeira,
Hastr' ô vent' ô bruar na ribeira
Canta humilde os encantos que tes;
E o mar tolo, anque rode de noite



O trebon antr' a brétema, rouco,
Esquecend' o furor pouco á pouco,
Ven bicar cariñoso teus pes.

CORO
*Hirmans, etc.*

VI.
¡Cencias! ¡artes! ¡endustrias! ¡traballo!
En nos sempr' uns escravos teredes
E pr'a pátrea querida seredes
Lus eterna qu' a faga brilar.
De loitar, ¡ouh hirmans! non deixemos!
Pra nos sempr' a de ser a victoria,
¡Un porvir pra Galicia de groria
Xa no ceo se ve crarexar!

CORO
*Hirmans, etc.*

Tamén deste mesmo ano de 1880 é a letra do «Himno a Galicia» do padronés Manuel Barros (1844-1885), emigrante na Habana e en Bos Aires, onde editou diversas obras e dirixiu varias publicacións periódicas[8]:

Erte é escoita, Galicia adorada,
d'os teus fillos o doce cantar.
Erte é escoita, que bril' a alborada
d'o gran dia que n' ha de pasar.

Longos siglos chorando te viron
sentadiña n'a veira d'o mar.
E as ondiñas mil veces ch' oiron
libertá, libertá sospirar.

Xa relocen n'a veiga é no monte
os roxiños cabelos d'o sol.
Erte é mira que luz n' horizonte,
e nos ceos qu' amigo claror.

Libertá qu' é das almas encanto[9]
nova vida gloriosa che dá:
xa das orfas o fúnebre manto
podes patria n'as ondas votar.

A música é da autoría de Ricardo Pérez Camino (1842-1915), segundo información indirecta subministrada bastantes anos despois polo bonaerense *Eco de Galicia:*

> En 1880 compuso el *Himno á Galicia,* que ejecutó el coro del «Centro Gallego», á cuya Comisión se le debe la feliz idea de hallarse impresa dicha partitura que fué remitida á varios pueblos de Galicia. A propósito del mencionado «Himno» dijo un diario de la Coruña correspondiente al mes de Setiembre del año de 1880: «El domingo hemos tenido el placer de oir, perfectamente ejecutada por la banda de música de Múrcia, el precioso "Himno á Galicia", de R. P. Camino, arreglado para banda militar por el Sr. D. Martin Fayes, director de la misma, el cual ha sido escuchado con profundo silencio por el gran número de personas que había en el paseo de Méndez Núñez»[10].

Uns anos despois, en 1884, no programa do Certame Musical de Santiago, que se vai celebrar no mes de xullo, recóllese na 3ª base un premio consistente en «Una pluma de plata también de mérito artístico, al mejor himno, cuya letra se publicará en el número próximo, á cuatro voces, coro




Portada do «Himno a Galicia» de Manuel Barros, Buenos Aires [1880]




Partitura de Luís Taibo García sobre o texto do himno de Alfredo Brañas



y orquesta.- Premio de la Ilustre Sociedad Económica»[11]. O longo texto (setenta e dous versos e mais o coro de catro versos repetido en dez ocasións), en castelán e sen atribución de autoría, é de teor reivindicativo, como mostra a letra do estribillo[12]:

Rasgando el velo de la noche oscura,
Brota una luz de paz y de justicia:
Es de la nueva aurora que fulgura
En el turbio horizonte de Galicia.

E nesta mesma década, en 1886, aparece un novo «Himno Gallego» de Armada Teixeiro (1848-1920), co pseudónimo Chumín de Céltegos, con música de Felipe Pereira, dado a coñecer na Habana, nas páxinas da revista *A Gaita Gallega*[13]:

I
«Galicianos, a patrea ou a cova;
Libertade ou de cote morrér,»
Qu' é de pobos valentes e nobres,
Seu honor y-os seus dreitos sostér.
II
A bandeira gallega ondeemos
Desd' o Miño hastr' o Landro y-o Sar,
*Deus Frates que Gallaici* atruxando
Por congostras e cerros e valls.
III
Fora, d' hoxe pra sempre, os tiranos;
Xa máis nunca calar â opresión,
¡Guerra ô fisco y-â usura y-âs leixes
Qu' esnaquicen o lar de Feixóo!
IV
Mil coroas fagamos a eito
Co'as cadeas que cinguen â *Erin*;
Y-en trofeo levemoas â foxa
De Velasco, de Cela e Solís.
V
Groria! ôs nobres fidalgos d'a terra
Que defendan d'o pobo a vertú;
¡Hurra! ôs suevos qu' a patria rediman;
Ós enxebres petrucios ¡Salú!

Cronoloxicamente, a proposta hímnica de Eduardo Pondal e Pascual Veiga, finalmente consolidada a partir do Certame Musical de 1890, foi a seguinte, mais non a derradeira, porque tres anos despois, en abril de 1893, o prolífico autor Galo Salinas (1852-1926) compuxo na Coruña o poema «¡Galicia! Hino Popular Rexional» (co lema *Deus fratresque Galleciae*), musicado neste mesmo ano polo non menos produtivo compositor Varela Silvari (1848-1926)[14]:

**Coro**
¡Ouh, Galicia! erguida tua testa
E da groria por vredas de honor
Conquerindo loureiros que a cingan
Xunta as filas da soeva rexión.

ESTROFA I
A bandeira do *Rexionalismo*
Que dos ceos copióu seu azur
Se desprega pra ô mundo decirlle
Que hai no pobo heroismo e virtú.

**Coro**
¡Ouh, Galicia! etc.

Estrofa II
Si os alleos contendas nos arman
Os fagamos da *terra* fuxir,
Porque ôs fillos que â nai non defenden
A concencia da historia os maldiz.

**Coro**
¡Ouh, Galicia! etc.

Estrofa III
Traballemos pol-a honra da pátrea
E a viutoria ôs valentes virá,
Que un gallego, morrer, eso poide,
Pro cobarde vencelo ¡xamais!

**Coro**
¡Ouh, Galicia! etc.

Estrofa IV
Nos queremos que surxan patricios
Que ademostren puxanza e valer
Cal os que no Medulio e San Payo
Domearon do entrus['] a altivez.

**Coro**
¡Ouh, Galicia! etc.

Estrofa V
Nos queremos ô amparo das leises,
Asociarnos en federación,
E queremos que sexan gallegos
Bispos, Xuëces, Goberno... ¡e mais[15] Dios!

**Coro**
¡Ouh, Galicia! etc.

Estrofa VI
E dempois de loitar pol-a patria
Como á imaxe lle alcemos altar,
E antusiastas cantémoslle este hino
¡Libertá, libertá, libertá!

**Coro**
¡Ouh, Galicia! erguida tua testa
E da groria por vredas de honor
Conquerindo loureiros que a cingan
Xunta as filas da soeva rexión.

Por outra parte, xa comezado o século XX, o 'Círculo Católico de Obreros' de Ferrol convocou, en 1904, o terceiro Certame Literario, Científico e Musical en que, na parte musical, o tema de composición será «Himno á Galicia para masa coral, é instrumentado para orquesta, adaptado á la letra que va al fin de estas bases». Efectivamente, a continuación aparece o texto hímnico (cuxo primeiro verso constituirá o lema de 'Solidaridad Gallega'), sen indicación de autoría[16]:

CORO
*Desperta, Galicia,*
*si queres vivir*
*o sono da morte*
*tes que sacodir.*



Estrofa 1ª
Eres rica y estás probe;
libre ês por dreito, y escrava
vives d'a fera que crava
duras poutas n-o teu chan:
pra ceibarte é pra salvares
a España, de mágoas chea,
forxa puñal d'a cadea;
non agardes a mañán.

Segundo veredicto do xurado composto por Bretón, Serrano e Fernández Grajal, a música gañadora deste himno esquecido foi a da partitura presentada co lema «Galicia, desperta»[17], do compositor donostiarra Miguel Oñate[18].

Avanzándomos cronoloxicamente, a data de 1907 resulta sorprendente porque, sendo o ano da estrea na Habana do futuro himno oficial galego, tamén é a data en que documentamos varias composicións que co título de «Himno Galego» ou «Himno a Galicia» foron escritas para o Álbum Literario que ía publicar a Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega da Habana, na cal participa activamente Xosé Fontenla Leal, o futuro 'oficializador' do himno de Pondal e Veiga. Os materiais desta fracasada publicación ficaron inéditos na Real Academia Galega até que en 2001 viron finalmente a luz a partir dos dactiloscritos conservados na institución académica[19]. A relación de colaboradores do Álbum mostra a presenza de nomes moi importantes na literatura e cultura galegas da época, e os autores dos textos hímnicos recollidos (todos eles coa mesma métrica) non son menos significativos.

O primeiro dos himnos, titulado «ADIANTE! (Himno á Galicia)» e datado na Coruña o 19 de maio de 1907, foi escrito por Manuel Lugrís Freire (1863-1940), anos despois presidente da Real Academia Galega[20]:

Unha nai solo deunos a vida,
E nos espazos hai solo un sol;
Solo unha terra, sempre quirida,
Por patria nosa donounos Dios.

Nobre Galicia, terra sagrada,
Dos fortes celtas amante nai,
Recibe a ofrenda pra ti donada
Ô santo grito de libertá.

¡Adiante sempre! Nos hourizontes
Escentilea xa un novo sol,
Que pol-as vilas, veigas e montes
Trai a fogaxe da redencion.

Loitemos todos pol-o progreso;
Xuremos todos têr hirmandá;
Y-así libremos un pobo opreso
Ô santo grito de libertá.

O segundo «Himno á Galicia» é da autoría de Carré Aldao (1859-1932), primeiro secretario da recentemente creada Real Academia Galega:

Xa mais non cumpren tristeiros layos,
raza podente, non mais chorar;
abonda âs femias feros salayos,
os homes, fortes queren loitar.

A patria xeme: raza baruda,
do molecente sono acordar:
na santa empresa Dios nos axuda,
a vosa causa ten de trunfar.

E se caedes na loita fera
morte gloriosa teredes vos:
quen pol-a patria vida perdera
morto cal héroe, somella un Dios.

Fortes gallegos: o voso aceiro
xa mais non folgue, brile no ar,
e sea o voso canto guerreiro
¡A loitar, e morrer ou trunfar!

O seguinte «HIMNO Á GALICIA», datado na Coruña no 20 de maio de 1907, ten como autor a Florencio Vaamonde Lores (1860-1925), tamén académico:

Barudos celtas, do Ourente a liña
O sol nos mostra brilando xa;
Sino de gloria que se aveciña
Tempos mellores ventando está.

A terra nosa xemente crama
Pra lle arrincarmol-os seus grilós,
E o duro ferro de nós recrama
Pra sermos libres, dinos varós.

Fillos valentes! eia! voemos
A defendela con sacro ardor:
Na man a espada, presta levemos,
Para cravala no usurpador.

Os mouros lixos da honra aldraxada
C'o mouro sangue s' han de lavar
Dos enemigos, que derrubada
A enseña sua logo han de ollar.

E, finalmente, o cuarto «Himno á Galicia», tamén datado na Coruña o 18 de maio de 1907, corresponde á pluma de Evaristo Martelo Paumán (1853-1928), poeta que ocupou a cadeira de Eduardo Pondal na Real Academia Galega[21]:

I
Paso tras paso, mesta a fileira,
unha tras d'outra ¡qué firmes van!
Por riba d'eles branca a bandeira,
ventos, que azouta, levan e trân.

II
As limpas lanzas, ora feridas,
do sol lostregan, outrora non;
e as hostes marchan, xuntas, garridas,
marcando o paso con grave son.

III
Os nobres bardos cantando avante
ferver o sangue nos péitos fan;
Ergueuse o ola, rompe xigante:
¿A donde os fillos de Brigo irán?

IV
Por lei da raza da historia a fada
o albor pregoa da redencion.
Na triste España dexenerada
Pelayo ê o símbolo, nosa a misión.



Significativamente, estes catro himnos, sen música coñecida, xunto con outros aparecerán na relación feita pola 'Unión Redencionista' da Habana, presidida por Fontenla (tamén impulsor deste *Álbum* de 1907), para a edición dun cancioneiro patriótico, un dos acordos tomados na súa xunta xeral en 1911[22]:

> Dirigir un patriótico manifiesto de propaganda á la colonia gallega.
> Celebrar un concurso literario para premiar el mejor catecismo patriótico, escrito en gallego, y en donde se consiguen [sic] los deberes y derechos de todo ciudadano amante al progreso y bienestar de su patria.
> Redactar un cuestionario en el que se señalen los males que sufre nuestra región y la manera de combatirlos.
> Editar un cancionero patriótico con trabajos de los más eminentes literatos gallegos, á fin de levantar el decaído espíritu de nuestros paisanos y animarles á conseguir la reivindicación de sus derechos ultrajados. En dicho cancionero aparecerán entre otras las siguientes composiciones:
> «Os pinos», Pondal; «Sexa por todos gabada», Curros; «Himno», Brañas; «Por Galicia», Vicenti; «Himno á Galicia», «A Galicia», Muruais; «Himno», Lugrís; «A sombra do druída», Vazquez [sic]; «Poesía», Novo; «Himno», Vaamonde; «Himno», Carré; «Anxel de redención», Carvajal; «Himno», Martelo Paumán; «Poesía», Cabeza de León; «A Galicia», Añón; «Pol-a unión», Curros; «Alma gallega», Barcia; «Regato montañés», Ribalta; «Gaita gallega», «Castellanos de Castilla», Rosalía Castro.

Verdadeiramente importante como proposta de himno galego foi a aparecida en 1911, ano en que Luís Taibo García (1877-1954) compuxo unha partitura[23] sobre o poema de Alfredo Brañas (1859-1900)[24], «perfecta y acabada obra»[25], que tivo gran difusión a partir da súa aparición, talvez pola personalidade do poeta e intelectual galeguista, polo carácter reivindicativo do texto e tamén, se cadra, por máis adiante se converter en himno oficial das Mocedades Galeguistas[26]:

*Deus Fratresque Gallaecia*

Casta dos celtas ¡esperta axiña!
¡ergue do fango da escravitú!
¡Pátrea da y-alma, teus ceibes cantos
henchan o mundo de norte a sul!

Dos meus pasados bendita terra,
nai amorosa da miña nai,
¡creva as cadeas que te asoballan
e cingue a croa da libertá!

Cantai, galegos,
o hino xigante
dos pobos libres,
dos pobos grandes;
cantai, galegos,
a idea santa
da independenza
da nosa pátrea.

Os de Castela son castelaos,
os de Galicia galegos son,
pero non somos, como españoles,
nin eles amos nin servos nos.

Das costas bravas de Finisterre
hastra as douradas beiras do Sil,
¡ruxan os berros de guerra e morte
contra os tiranos do meu pais!

Ártabros fortes,
feros brigantes,
sombras quiridas
d' outras edades,

¡prestade alentos
ôs que batallan
por esta meiga,
pequena pátrea!

O nacemento deste himno é narrado por Victoriano Taibo, irmán do músico e secretario da Irmandade da Fala compostelá. Lembra a descuberta do texto de Brañas a través de Felipe Cimadevila, que o recitou nunha reunión[27]:

La juventud gallega debía juramentarse, porque el vandalismo caciquil exigía la formación de una nueva Hermandad. Todo el que sintiese correr por sus venas sangre celta no debía dar un paso más en la vereda de la vida sin acuciar sus esfuerzos para destruir el inri denigrante, que es un estigma para la raza, y quemar el madero vergonzoso en que el caciquismo pretende inmolar al pobre pueblo gallego ahito de miseria y de dolor. [...]

Le escuchamos asombrados. Luego que terminó indagamos llenos de curiosidad:

–¿Qué es eso?

El himno de Brañas. [...]

Aquel himno admirable, gloriosamente regionalista, era definitivo, único. En la literatura galaica no había nada igual.

Allí mismo acordó la asamblea regionalista ponerle música y editarlo. No sabíamos que hubiese ningún otro himno gallego y autonomista y queríamos darle uno á nuestra patria, pues considerábamos ese servicio transcendental y necesario, para revulsionar los estratos psíquicos de la raza, para despertar su energía que reposa en el sueño ancestral de la inacción y de la muerte.

Se trató de elegir el músico. Todos señalaron á Luís Taibo [...].

Non menos importante que o himno de Brañas e Taibo foi, por outra banda, o Himno de 'Acción Gallega', da autoría de Ramón Cabanillas (1876-1959), utilizado polas organizacións agraristas nas primeiras décadas do século XX e recollido en *Vida Gallega* facendo constar este carácter. O poema foi publicado en 1915, na sección «Da Terra asoballada» de *Vento mareiro*[28], mais xa era coñecido en 1913, tanto o texto como a versión musical de Adolfo Campos López[29]:

¡Hirmáns! ¡Hirmáns gallegos!
¡Dende Ortegal ó Miño
a folla do fouciño
fagamos rebrilar!

Que vexa a Vila podre,
coveira da canalla,
a Aldea que traballa
disposta pra loitar.

Antes que ser escravos,
¡hirmáns, hirmáns gallegos!
que corra a sangre a regos
dend-a montana ó mar.

¡Ergámonos sin medo!
¡Que o lume da toxeira
envolva na fogueira
o pazo siñorial!

Xa o fato de caciques,
ladróns y-herexes, fuxe
ó redentor empuxe
da y-alma rexional.

Antes que ser escravos,
¡hirmáns, hirmáns gallegos!
que corra a sangre a regos
dend-a montana ó val.



Que este texto funcionaba como himno non ten dúbida, como aparece confirmado coa seguinte noticia que chegou a Bos Aires:

El alcalde de Leiro ha solicitado del gobernador de Orense el envío de algunos números de la benemérita, para obligar á que no se cante en su distrito el himno agrario, que prohibió en un bando reciente. Parece que á pesar de la prohibición, hay quienes se empeñan en cantarlo, y por eso el alcalde pide auxilio al gobernador[30].

E, por outra parte, *Vida Gallega* afirma que o himno pondaliano ten un «competidor» no de 'Acción Gallega', que «responde á un estado espiritual de intensa exaltación: es un canto de rebelión y guerra, tal vez excesivamente apasionado. Las dos músicas y las dos letrillas podrán vivir sin estorbarse resonando según las necesidades del sentir gallego»[31].

Para alén de todas estas propostas ou realidades hímnicas, máis ou menos afortunadas e/ou difundidas, algunhas delas sen música coñecida, tamén se poden citar outros himnos galegos, dos que actualmente tampouco temos constancia da existencia de partitura, que aínda pode aparecer nas páxinas dunha publicación periódica ou arrecantada en calquera arquivo[32]. Máis unha vez, é a viguesa e antinacionalista *Vida Gallega*, no seu interese en rebaixar a unanimidade a prol do himno pondaliano, que publica estoutras propostas para o himno de Galiza. A primeira delas, de Xan Pla Zubiri (1874-1936), autor do texto «Hino gallego» datado en «Jijona: Febereiro de 1923»[33]:

¡Galicea...: hermosa terra
de inmaculada hestoria,
con limpa executoria
de «nobre» e de «leal»;
non hai rincón n-o mundo
que pod' a ti igoalarse,
pois quixo Dios mostrarse
contig' orixinal.

Por eso, n-os teus fillos
se asentan as vertudes
y-as santas enquietudes
que Cristo padricou;
por eso, n-os teus campos,
sen lar tivo a Belleza,
que, n-eles, con largueza,
seus dones derramou.

De inxénita modéstea
e de bondá probada,
filís, tranquila, honrada,
tratache de vivir;
pr' ô verte d'ese xeito,
feroz, a Tiranía,
n-a escravitú sumbría
pensó[u] de te fundir.

N-a luz d'un novo día,
pra os teus agudos dôres,
refllexos [sic] redentores
ollar ansosa qués.
¡Agarda! que, teus fillos,
de amor as almas cheas,
partir han as cadeas
que cinguen os teus pés.

Un segundo texto (tamén titulado «Himno Gallego»), con intertextualidades pondalianas (cf. «a raza forte de Breogán»), é de Rogelio Rodríguez Díaz (1888-1948)[34], publicado inicialmente na revista *El Eco de Galicia* da Habana e reproducido despois en *Vida Gallega*[35]:

Coroada de vals e montanas
e deitada n'un leito de frores,
arrulad' antre mainos rumores
pol-o mar qu' ós seus pés s' adormeu,
hay no mundo unha terra saudosa,
chan qu' o sol mainamente acaricia;
ese chan venturoso é Galicia:
d'esa terra bendita son eu.

Solar dos meus amores
aonde o sol s' espella
e luce o arco da vella
seu ledo titilar;
os teus fillos co-ese arco,
qu' a tua beldá pregoa,
faránche unha coroa
e co-ela has de reinar.

Terra dos celtas,
cuna primeira
da raza forte
de Breogán;
xurda o teu berro:
¡¡Ei, carballeira!!
d'unh' autra banda
do noso chan.

A tua groria Santiago,
dormido no teu seo,
marcóun' alá no ceo
n'un camiño estelar.
Seguindo ese camiño,
a tua raza puxante,
mais groria, mar adiante,
logróuche conquistar.

A fouce en alto,
o vento espallen
oxe os teus fillos
esta canción:
«¡Non deixaremos
que t' asoballen,
terra bendita
do curazón!».

Baixa o Miño mainamente
por un leito verdecente,
murmuxando eiquí y-alá;
e na tarde e n' alborada
xurde un coro de ruada,
con un canto de alalá...

De todos os xeitos, antes de cerrarmos o capítulo de propostas, aínda convén facer notar que a música da *Alborada* de Pascual Veiga (con letra de Francisco María de la Iglesia), louvada por Curros nun poema (*¡Gloria a quen un tesouro n'esa canción nos leiga / Qu' ha de ser a «Marsellesa» galaica «d'o Porvir»!*), funcionou historicamente, tanto no interior de Galiza como nas comunidades galegas emigrantes, como música de identificación patriótica galega. Non é casualidade que con ocasión da translación dos restos do músico mindoniense se reivindique esta peza, «que es el himno gallego por excelencia [...]. La *Alborada* es el compendio de nuestra música regional, es el signo de





Harmonización para piano da *Antiga Marcha Real de Galicia*, por Mauricio Farto Parra

identificación artística de los gallegos»[36]. Mais tamén existen opinións contrarias, xa que «Por lo que respecta a convertir la *Alborada* en himno de la raza, no encontramos muy acertada esta proposición. No se presta á ello por su carácter. Un himno nacional debe ser ardiente, majestuoso, viril... y esas condiciones las llena á parte de los varios que hay escritos, el *Himno regional*, del propio Veiga, con letra de Pondal»[37].

Finalmente, débese ter en conta que tamén existe a denominada «Marcha do Antigo Reino de Galiza», citada na disposición adicional cuarta da Lei de símbolos de 1984. Esta marcha, de orixe incerta, ten un ar solemne e procesional: talvez foi composta para actos cívico-relixiosos, aínda que nos últimos tempos ultrapasa ese ámbito para se converter nunha especie de marcha patriótica que coexiste, con menor rango, co Himno oficial. Segundo Filgueira Valverde, que era posuidor dunha copia en 1924, «a melodía da "Marcha" adeprendéralla un famoso gaiteiro cruñés ó vello e petrucial Lugrís Freire. Anotouna e fixo unha harmonización Pilar Castillo»[38]. Á parte desta partitura, Manuel Lugrís Freire era posuidor doutra co título «Antiga Marcha Real de Galicia», harmonizada para piano, que lle fora doada polo músico Mauricio Farto Parra (1867-1947)[39]. E, por outra parte, a «Marcha del antiguo Reino de Galicia de Chirimías», pertencente ao repertorio do músico lucense Vicente Latorre, pode deitar luz sobre a antigüidade desta melodía, que era escoitada en Lugo con motivo da ofrenda que as sete capitais do Reino de Galiza facían na Catedral.

Moitas das propostas vistas até agora reapareceron fundamentalmente no momento da polémica que se produciu no ano 1925 (vid. *infra*) acerca da pertinencia do texto pondaliano e da música veiguiana como Himno Galego, criticados en xeral nos ambientes antigalegos por razóns diversas, que van desde a alusión ao seu escaso espírito marcial até a crítica do seu excesivo ton reivindicativo, no referido ao texto, e con alusións a supostos plaxios musicais[40] ou á ausencia de marcialidade e de elementos enxebres na partitura, no que respecta á música.

Mais a personalidade e función simbólica de Eduardo Pondal Abente (1835-1917) como Poeta galego por excelencia (sobre todo despois da morte de Rosalía, con Curros na emigración) e as propias calidades do seu texto, así como o prestixio da música de Pascual Veiga (1842-1906), popular por ser o autor da *Alborada*, contribuíron, sen dúbida, ao éxito definitivo das catro estrofas iniciais d'*Os Pinos* como himno, asumido desde o principio do século XX por todo o galeguismo (tanto político como cultural), rexeitando as publicacións ligadas ao nacionalismo calquera outra posibilidade alternativa e mantendo firmemente un símbolo que xa era popular na Galiza e mais nas comunidades do exterior.

## O CERTAME MUSICAL DE 1890 E O NACEMENTO DO HIMNO

*[…] Aquí nacío:*
*Neste pinar salvage, rouco e espeso,*
*Súas rudas harmonías aprendío.*
(E. Pondal, PM 115.2-4)

No ano 1889, o 'Orfeón Coruñés Número 4', creado, presidido e dirixido por Pascual Veiga, consegue un dos maiores triunfos orfeónicos galegos: o premio no Certame da Exposición Universal de París dese ano. Talvez por iso, e mais pola súa traxectoria e importancia na cidade herculina, no ano seguinte, en 1890, a comisión de festexos da Coruña encarga a este Orfeón que organice os actos musicais das festas, para contribuír ao esplendor festivo da cidade. É por iso que o Orfeón decide organizar dous eventos, un Certame Musical e mais un Certame de Gaitas, Murgas e Flautas de Aldea, que rematesen nun gran Festival que tería lugar na antiga Praza de Touros coruñesa.

Segundo o Prospecto do Certame Musical[41] (datado o 22 de maio de 1890), o concurso –con Pascual Veiga como presidente e Francisco Tettamancy como primeiro secretario– componse de dúas partes: un apartado de composición e outro de execución. No de composición, un dos premios vai corresponder á mellor «marcha regional gallega» escrita para orfeón sobre o texto *Os Pinos* de Pondal:

> Una valiosa *Pluma de oro*, concedida por el Ilustrísimo Sr. D. Eduardo Vincenti, Director general de Administración y Fomento del Ministerio de Ultramar, al autor de la mejor **Marcha Regional Gallega**, escrita también para orfeón, sobre las dos primeras octavas de la letra consignada á continuación de este programa, original del ilustre vate don Eduardo Pondal, quedando las restantes para repetir la música, de dos en dos, y la novena como final de la composición, entendiéndose que ésta no podrá exceder de 32 compases de compasillo, sin comprender dicho final.

Este galardón, conforme as bases do Certame, goza dunha consideración especial, xa que vai acompañado dun accésit, que, para a Marcha Rexional, consiste no seguinte: «Por cada premio se adjudicará un accésit consistente en un diploma de honor que será otorgado á la obra que alcance un mérito inferior relativo á la premiada, á excepción de la *Marcha regional gallega*, que obtendrá una *Medalla de plata*, concedida por D. Eugenio Carré».

Como outros certames musicais que durante o Rexurdimento se convocaban e celebraban en Galiza, o presente concurso ten un carácter esencialmente galego na súa concepción, como mostra que os dous textos literarios que serven de base ás composicións musicais sexan textos escritos na nosa lingua, que se convoquen premios para a elaboración de música culta de inspiración folclórico-nacional galega ou que os premios estean vinculados a feitos que en parte van alén do interese local[42].

Previamente á publicación das Bases do Certame, Pascual Veiga, como organizador, tiña que conseguir os textos poéticos para os dous apartados de «Marcha Regional Gallega» e «Balada». O de Salvador Golpe, para o apartado das baladas, alleo aos intereses deste traballo, seguramente foi xestionado directamente polo músico mindoniense polo feito de este escritor residir na mesma cidade e, inclusive, en casas moi próximas.

Para a «Marcha Rexional Galega», Pascual Veiga pensou na figura máis sobranceira, na altura de 1890, do mundo da creación poética galega: Eduardo Pondal. Coa desaparición de Rosalía en 1885 e co afastamento físico de Curros, que traballa durante longos períodos en Madrid, antes da súa marcha á Habana en 1894, a única escolla posíbel a esta altura na Galiza literaria e cultural para a elaboración dun texto hímnico só podía ser o Bardo bergantiñán, inscrito politicamente no movemento democrático e protonacionalista desde 1856, ano do Banquete de Conxo. Por outra parte, en paralelo á liña cívica de Curros, Eduardo Pondal, creador dunha poderosa mitoloxía poética galega, representaba o canto épico a través dunha obra en que glosa as orixes míticas da patria (por medio do celtismo con base no mito de Breogán, o creador en última instancia da nación), na que canta as súas contendas e as súas glorias, e que representa a voz da terra coa asunción dunha misión



bárdica que levou ás súas últimas consecuencias na creación poética. Na súa poesía, ademais, maniféstase atento aos movementos nacionais de liberación que se producían en Europa, con alusións aos patriotas gregos e irlandeses (QP 77) e con referencias poéticas a Serbia (PM 62) ou Polonia (PM 76), entre outras, nacións inmersas en procesos libertadores, sen esquecer Cataluña, invocada directamente a través da citación dun verso (*Bon cop de falç!*) do seu himno (PM 21).

Poeta patriótico, en fin, non só na súa concepción poética mais tamén como figura pública, en comuñón amical e ideolóxico-política co patriarca Manuel Murguía, bardo da Cova Céltica e figura indiscutíbel da Galiza literaria de finais de século, concentrando na súa persoa todo o valor cultural-representativo do espazo simbólico galego.

Por outra parte, Pascual Veiga era a figura de maior prestixio musical no campo do orfeonismo na Galiza do derradeiro terzo do século XIX, alén dun fervente 'rexionalista' que, a través da súa obra compositiva, trata tamén de reivindicar e prestixiar a nosa lingua e a nosa literatura. Ademais, como dato ben significativo do pensamento político de Veiga, convén lembrar que, neste ano de 1890, era vogal do comité coruñés da 'Asociación Regionalista' presidida por Murguía en Santiago.

E, finalmente, 1890, un ano despois da publicación de dúas obras teóricas fundamentais no movemento galeguista decimonónico, como son os dous volumes que, compartindo o título de *El Regionalismo*, veñen a lume en 1889, obra, respectivamente, de Alfredo Brañas e Manuel Murguía.

Así pois, Pascual Veiga dirixiuse a Eduardo Pondal a través dunha carta inicial, en papel co carimbo do orfeón por el dirixido, na que lle solicita formalmente o texto poético para o certame de 1890[43]:

> Muy señor mío: a la sociedad coral «Orfeón Coruñés nº 4», que me honro presidir, le ha sido confiada la misión de celebrar un certamen musical en el próximo mes de Agosto. La comisión organizadora acordó conceder un premio al mejor himno regional gallego que sea la espresión fiel del espíritu de esta región, con objeto de que a manera de la Marcha Real, Marsellesa, etc., sea cantado en toda Galicia con el entusiasmo que despierta en el ánimo el Sentimiento de la patria.
>
> Ahora bien: dada la condición de ser para cantada dicha marcha, se hace necesario una letra y nadie mejor que V., ilustre e inspirado vate, puede cumplir las aspiraciones que abrigamos: no dudando que el que tan admirablemente ha sabido cantar las bellezas de la región gallega, y siente latir su pecho de entusiasmo por el adelantamiento y progreso de nuestra pequeña patria, habrá de coadyuvar con su inspiración poderosa a la realización de nuestro proyecto componiendo unas sencillas estrofitas que sean como un suspiro regional.
>
> Reciba V. pues por anticipado mi más profundo agradecimiento, a la par que la seguridad de la más distinguida consideración con que soy de V. afmo. segº. serr. y admirador q. b. s. m. Pascual Veiga [rubricado].
>
> S/C Puerta de Aires 13-2º.

Non coñecemos a data exacta desta petición mais, tendo en conta a frecuencia das restantes comunicacións e a rapidez que mostra Eduardo Pondal nas correccións do poema, a carta podería datar do mes de febreiro de 1890 ou, en calquera caso, de principios de marzo, prazo prudente para a composición do texto, que foi moi rápida («escribir el himno que me pide, fue, por decirlo así, cosa de un momento», dille máis adiante, o 5 de abril, Pondal a Veiga, cf. *infra*).

Eduardo Pondal acepta, obviamente, o encargo e inicia o proceso horaciano de escrita do poema. E como acontece con moitas outras composicións pondalianas de que se conservan redaccións previas, tamén *Os Pinos* mostra numerosas tentativas de escrita que evidencian a evolución do proceso creativo nun poeta que meditaba profundamente os textos, que os refacía, pulía e traballaba nunha especie de neurose creativa que o levaba a modificar decote a súa produción, nomeadamente antes da súa publicación[44].

O conxunto de todas as redaccións previas anteriores ao envío da primeira versión a Pascual Veiga, que aínda despois foi modificada por indicación do músico antes da súa definitiva publicación no Prospecto do Certame Musical, mostra a existencia de catro redaccións sucesivas, confirmadas polas diversas medidas das papeletas, a teor dos materiais conservados na Academia e que foron progresivamente recuperados entre os anos 1995 e 2003. E, sen dúbida, todas estas redaccións son dun período cronolóxico moi breve –dous meses–, mais polo desenvolvemento textual poden determinarse diversos estratos sucesivos.

Para alén dunha redacción inacabada moi afastada da versión final mais que xa anuncia o título e o *leit-motiv* dos piñeiros, a primeira aproximación ao texto da composición é a constituída por un primeiro bosquexo que chegou a nós a través dunha papeleta inicial, que mostra un proxecto poemático, relativamente afín á versión final, mais aínda extremadamente confuso e vacilante. Porén, xa comeza coa pregunta inicial aos piñeiros, que se manterá en todas as versións, e continúa cun desenvolvemento onde o «céltico clan», a «raza de Breogán» está chamada a ser «misterioso atamento / e forte ligamento» coas comunidades iberoamericanas, ao tempo que chama ao combate aos «bos fillos do Luso», que están «apartados» dos «antigos eidos»: federalismo, iberismo e o destino da Galiza como lazo unificador, tal como Pondal canta en diversos momentos da súa obra e moi especialmente no poema central de *Queixumes dos Pinos* (QP 45). A relación deste primeiro estrato redaccional con este poema é evidente, tanto pola coincidencia temático-ideolóxica como pola intertextualidade estilístico-formal na formulación dunha liña de pensamento poético-político que explicita a misión da Galiza con relación a España e Portugal e mais a Latino-américa, xunto con claras referencias á conquista americana e a *Os Eoas*. Un desenvolvemento máis completo das ideas fundamentais contidas neste bosquexo inicial aparece noutro grupo de papeletas, en que o primeiro eixe temático pode ser o que contén a invocación aos galegos, á «gente de Breogán» chamada a cumprir os ideais «ibéricos», recollendo fielmente, na maior parte das súas redaccións, o inicio de QP 45:

Boandanza, saúde,
raza de Breogán,
teus groriosos destinos,
certo, é doce agoirar... (vv. 1-4).

Completa este primeiro estrato redaccional un segundo grupo de elaboracións que mostran o Pondal obsesionado por *Os Eoas*, coa conquista do continente americano como destino histórico conseguido polo «genio» dos galegos. A seguir, o chamamento á unión ibérica por medio da «áurea ponte» que atraerá a boa Lusitania para a futura Iberia comandada por Galiza. E a teor das redaccións de que dispomos, semella que a parte final do conxunto é a constatación, fronte ao glorioso destino futuro da terra de Breogán, da realidade da necesaria redención galega no presente («Mas a terra dos celtas / Jaz ainda irredenta»).

O segundo estrato de redaccións manuscritas aparece encabezado por unha papeleta co título «Vision futura da Raza. | Profecía do Bardo», especie de síntese temática do poema, que agora avanza ao longo de vinte papeletas na dirección final, que se aproxima gradualmente á formulación definitiva, de modo que os diversos fragmentos xa poden ser filiados en relación ás sete estrofas da primeira versión do Himno enviada por Pondal a Pascual Veiga.

O terceiro estrato de redaccións está formado por un conxunto de papeletas que mostra o proceso de aproximación á primeira versión provisoria do poema. Por outra parte, nesta redacción aparecen xa unhas estrofas finais que non foron incorporadas á versión de sete estrofas inicialmente enviada a Pascual Veiga, aínda que foron reaproveitadas para a versión de nove estrofas finalmente publicada no Prospecto do Certame. Unha destas versións, ademais, ten a particularidade de ser a redacción manuscrita correspondente á décima oitava acrecentada nas publicacións póstumas d'*Os Pinos*, a partir da edición feita en 1917 pola Real Academia Galega no seu *Boletín* (vid. *infra*).

Finalmente, o derradeiro estrato redaccional, contido en tres papeletas da mesma medida que a que contén o bosquexo inicial da primeira redacción, culmina o proceso de aproximación textual e estilística á primeira versión de sete estrofas enviada por Pondal a Veiga.

No día 5 de abril de 1890, acabada esta primeira versión (necesariamente provisoria) do poema, Eduardo Pondal, desde A Ponteceso, envíalla ao músico, mostrando a súa disposición para colaborar en tan «levantado propósito» e explicitando as súas conviccións iberistas:

Muy señor mío: recibir su atenta, y escribir el himno que me pide, fue, por decirlo así, cosa de un momento.

Obrero ha tiempo consagrado a la noble causa de la redención de nuestra tierra, no puedo negarme, no, a contribuir a la consecución de tan levantado propósito, en la medida de mis escasas fuerzas; y desearía que esas breves estrofas, que tengo la satisfacción de remitirle, estuviesen animadas, no del exiguo calor de mi pobre fantasía, sino del más digno y poderoso ardimiento, de modo que encendiera los ánimos de nuestro buen pueblo gallego.

Excuso advertir a V. que esas estrofas aspiran sólo a despertar en nuestros paisanos las nobles ideas de un bien entendido *regionalismo*; pero de ningún modo a promover el *separatismo*, pues que soy acérrimo partidario de la unidad e integridad de nuestra grande y gloriosa España.

Deseando nuevos triunfos (que los alcanzará, pues le dirige un maestro distinguido) al orfeón nº 4, queda de V. muy atº. S. S. Q. B. S. M., Eduardo Pondal [rubricado].



No espolio documental da Academia Galega consérvase unha copia autógrafa deste texto hímnico inicial que, sen dúbida, foi a primeira versión do Himno enviada por Eduardo Pondal, xa que responde perfectamente aos problemas rítmicos detectados por Pascual Veiga, así como ao número de estrofas que, máis tarde, se verá acrecentado na publicación definitiva con outras dúas (vid. *infra*).

Agás no referente ao título, o texto xa presenta todas as características do final, incluídas as métricas: oitava aguda (abbe':cdde'), caracterizada por ser oxítonos o cuarto e oitavo versos, utilizada fundamentalmente no neoclasicismo español[45]. Resulta significativo, por outra parte, que este mesmo esquema métrico, ás veces con variación de medida, aparecese xa previamente nas propostas hímnicas de Muruais (1880) e de *El Censor* (1884), así como noutras posteriores (Oñate, Cabanillas, Pla Zubiri e Rodríguez Díaz).

O manuscrito autógrafo desta primeira versión está constituído por un grupo de cinco papeis (270x210 mm), dobrados, formando, por tanto, un «folleto» de 10 páxinas, cuxas medidas se reducen á metade do total[46]:

Himno á Galicia

Breogán. (1)

[I]
Que din os rumorosos,
Na sua ruda pendente,
Ó resprandor dormente,
Do pracido luar?
Que din das altas copas,
Cheas de mil queixumes,
Os arpados arumes,
No seu doce fungar?

[II]
–De verdura cingida,
E de benígnos astros,
Terra dos verdes castros,
E do céltico clán;
Non esquezas escura,
Da injuria o rudo encono;
Desperta do teu sono,
Filla de Breogán.

[III]
Tódol'os generosos,
Nosos cantos entenden;
E docemente atenden,
O noso rouco son:
Mas aqueles ignaros,
Avarentos e duros,
Preguizosos e escuros
No-nos entenden, non.

[IV]
Os tempos son chegados,
Q' auguráno as edades;
Q' as tuas vaguedades,
Cumprimento terán;





Carta de Pascual Veiga a Eduardo Pondal, sen data

Nesta páxina (abaixo) e na seguinte (arriba):
Carta de Eduardo Pondal a Pascual Veiga, do 5 de abril de 1890











Carta de Pascual Veiga a Eduardo Pondal, do 7 de abril de 1890







Carta de Eduardo Pondal a Pascual Veiga, do 14 de abril de 1890



Carta de Pascual Veiga a Eduardo Pondal, do 22 de abril de 1890



Pois donde quer gigante
Noso murmullo soa
A redencion da boa
Terra de Breogán.

[V] Teus fillos vagorosos,
En quen fero honor late
A glorioso combate
Aprestandose van:
Sé por ti mesma libre
D' indígna servidume,
E d' oprobioso alcume,
Filla de Breogan.

[VI] Á boa Lusitania,
Vosos brazos tendéde;
Pois voso auxilio pede,
Con un pungente afan;
Cumpríde as vaguedades
Dos vosos altos pinos,
D'uns gloriosos destinos,
Fillos de Breogán.

[VII] Amor da terra verde
Da verde terra nosa;
Ergue a raza gloriosa,
D' Ousinde e de Froxán;
E aló nos seus garridos
Justillos, mal constreitos,
Os amorosos peitos,
Das fillas de Breogán!

(1) Antíguo caudillo de los celtas gallegos[47].

Eduardo Pondal [rubricado]

Pascual Veiga, satisfeito en xeral co texto pondaliano, nunha carta do 7 de abril, novamente con carimbo do Orfeón Número 4 e da Comisión organizadora do Certame Musical, solicita mudanzas no poema por razóns rítmicas, certamente comprensíbeis no proceso de composición musical dun himno sobre un texto poético:

Muy Sr. mío y respetable amigo:

He recibido con su atenta grata del 5 sus hermosas estrofas, y me apresuro a enviarle las gracias más espresivas, tanto por su pronta y fina atención en satisfacer mis deseos, cuanto por su esquisita amabilidad por los conceptos favorables que su citada misiva encierra, para esta Sociedad.

Quisiera, sin embargo, abusando de su confianza, tuviese la bondad de hacer unas pequeñas correcciones en lo que respecta a la acentuación, puesto que se trata de una poesía lírica y esta clase de composiciones exigen una simetría perfecta en los acentos, para que el ritmo musical se incruste, digámosle así, en la letra, a fin de que aparezca ésta sin quebrantamiento alguno en su forma gramatical.

Así es que se amoldaría perfectamente que la primera cuarteta se compusiera de la siguiente forma: los tres primeros versos exactamente iguales al 1º que empieza

«Que din ôs rumorosos»

y el cuarto tal como está, o sea,

«Do prácido luar».

Más claro, si a V. le parece, por ejemplo:

La-ra-rí-ra la-ra-rí-ra[48]
la-rá-ra la-ra-rá-ra
la-rí-ra la-ra-rá-ra
la-rá-ra la-ra-rá

y de igual forma las demás cuartetas; puesto que aunque la música no cojerá más que dos octavas, no obstante puede V. estenderse hasta seis u ocho para que pueda repetirse aquélla.

Bien comprendo que con mis observaciones le seré a V. altamente molesto, pero en el deseo de que la obra tenga el lucimiento posible tanto para el poeta como para el maestro compositor, de ahí la causa de ellas.

Y anticipando a V. nuevamente gracias por este señalado favor, me reitero suyo siempre affmo. s. s. q. b. s. m. Pascual Veiga [rubricado].

A resposta de Pondal a Veiga tarda unha semana (escribe na Ponteceso o 14 de abril), con certeza dedicada a introducir as modificacións solicitadas por Veiga canto á colocación de acentos, para alén de acrecentar dúas estrofas máis, tal como lle suxire o músico e como mostra o texto publicado no Certame, e a efectuar diversas mudanzas estilísticas e textuais:

Muy señor mío y de mi mayor consideración: por mucho que sus observaciones estrechen no poco {la} libertad rítmica del poeta, no obstante, allá {va} eso, con los acentos colocados en donde V. indica, y con el aditamento de dos estrofas más.

Celebraría que ahora encajasen bien en la turquesa del pentágrama.

De V. muy atº. S. S. Q. B. S. M. Eduardo Pondal [rubricado].

Así pois, Pondal, atento ás suxestións de Veiga, comeza o proceso de modificación do texto primitivo, sempre suxeitándose ás indicacións do autor da *Alborada.* Podemos seguir documentalmente o proceso de corrección a través dos acentos circunflexos colocados sobre a vogal da segunda sílaba tónica naqueles versos en que esta era átona, e da acumulación de novas redaccións entreliñadas na versión inicial de sete estrofas, sempre na dirección da versión definitiva que despois foi publicada no Prospecto do Certame.

Certamente, este proceso de corrección rítmico-estilística e textual despois das indicacións rítmicas de Pascual Veiga ocupou pouco tempo, pois nunha carta autógrafa datada no día 22 de abril, desde A Coruña, Pascual Veiga xa felicita a Pondal polo poema, agora na súa versión final:

Muy mío y de mi consideración:

He recibido su hermosísima poesía que me ha dejado completamente satisfecho bajo todos puntos de vista, cual no podía por menos de suceder siendo hija de un tan esclarecido ingenio que es honra de Galicia.

Además de la sociedad que represento, quedo muy obligado a su fina atención para conmigo deseando tener un motivo para poder demostrar a V. mi eterno reconocimiento.

Reciba V pues mi enhorabuena con los sentimientos más distinguidos de la más alta consideración con que soy de V. affmo. s. s. q. b. s. m. Pascual Veiga [rubricado].

O texto d'*Os Pinos* enviado por Pondal e louvado por Veiga é, sen ningunha dúbida, o que aparece publicado no Prospecto do Certame Musical. Precedendo o poema *Adiós á Galicia*, de Salvador Golpe, base para o premio (4º) á mellor Balada composta sobre as dúas primeiras estrofas, o texto último do Himno Galego aparece impreso na súa derradeira páxina (p. 4)[49]:

Os Pinos

I Que din os rumorosos
Na costa verdecente,
Ó rayo trasparente,
Do prácido luar...?
Que din as altas copas
D' escuro arume arpado,
Co seu ben compasado,
Monótono fungar...?

II –Do teu verdor cingido,
É de benígnos astros,
Confin dos verdes castros,
E valeroso clán,
Non dés a esquecemento,
Da injuria o rudo encono;



Despérta do teu sono,
Fogar de Breogán. (1)

III Os boos e generosos,
A nosa voz entenden;
E con arroubo atenden
O noso rouco son;
Mas, sós os ignorantes,
E férridos e duros,
Imbéciles e escuros,
No-nos entenden, non.

IV Os tempos son chegados,
Dos bardos das edades,
Q' as vosas vaguedades,
Cumprido fin terán;
Pois donde quer, gigante,
A nosa voz pregóa
A redenzón da bóa
Nazón de Breogán.

V Teus fillos vagorosos,
En quen honor só late,
A intrépido combate,
Dispondo o peito ván;
Sé por tí mesma libre
D' indígna servidume,
E d' oprobioso alcume,
Región de Breogán.

VI Á serva Lusitania,
Os brazos tende amigos;
Q' ós éidos ven antigos,
Con un pungente afán;
E cumpre as vaguedades
Dos teus soantes pinos,
D'uns mágicos destinos,
Oh grey de Breogán!

VII Amor de terra verde,
Da verde terra nosa;
Encende á raza briosa,
D' Ousinde e de Froxán;
E aló nos seus garridos,
Justillos, mal constreitos,
Os doces e albos peitos
Das fillas de Breogán.

VIII Q' a nobre prole insinen,
Fortísimos acentos;
Non mólidos concentos,
Q' á vírges só ben 'stán;
Mas os robustos écos,
Q' oh pátria, ben recordas,
Das sonorosas cordas,
Das arpas de Breogán.

IX Estíma non s' alcanza,
C'un vil gemído brando;
Cal quen requer rogando
Con voz q' esquecerán;

Mas c'un rumor gigante,
Sublime e parecido
Ó intrépido sonido
Das armas de Breogán!

(1) Antiguo caudillo de los celtas gallegos.

A organización do Certame tiña previsto que, como remate do gran festival, todas as colectividades musicais (orfeóns, bandas militares) interpretasen conxuntamente a obra que gañase o premio da «Marcha Rexional Galega» e, no caso de que ningunha obtivese tal distinción, sería executada a que, expresamente para este acto e con enteira obediencia ás bases, compuxera o maestro Veiga[50], que, como presidente da Comisión do Certame, non podía presentarse ao concurso.

Para alén do Prospecto, a prensa recolle durante o mes de agosto o programa completo das festas, asinado polo presidente e o primeiro secretario con data do 15 de agosto de 1890, no que se detallan todas as actividades relacionadas co Certame Musical. O acto derradeiro do programa aparece no apartado final (9º) da seguinte maneira:

> Gran final por todos los orfeones y bandas, que ejecutarán la *Marcha regional gallega* que haya obtenido el premio en el Certamen. Caso de que ninguna de las obras presentadas obtuviese aquel honor, se ejecutará la que expresamente para este acto y con entera sujección á la base 2ª del Certamen Musical, ha escrito el maestro Veiga[51].

Resulta significativo que este programa, poucos días antes do festival, sexa alterado, conforme o publicado na prensa, de modo que como acto final agora apareza o seguinte: «Fantástico y gran final por las bandas militares de Zamora y Reus, y las civiles de esta capital, Tuy y Villagarcía que en número de más de 200 músicos y bajo la dirección del maestro Braña y Muíños, ejecutarán la clásica obra descriptiva de Veiga, titulada *Os Ártabros*», en transcrición de Francisco García Oliva[52].

Preséntanse ao premio dez partituras[53], algunhas con lemas representativos do espírito nacionalista ambiental en que se desenvolvía o Certame: *Marcha Regional Gallega* (n.º 2); *Pra miña pátrea* (n.º 6); *«Amor de terra verde». E. Pondal* (n.º 13); *Le peuple qui rende homenage á ses héros, il tend á se régénérer* (n.º 15); *Desperta do teu sono, / Fogar de Breogán* (n.º 17); *Musica feras domesticat* (n.º 18); *Los hombres sabios son apreciados en todas partes* (n.º 20); *Bendita sea mi pátria..!!* (n.º 26); *Santiago y viva España* (n.º 30); *Galicia y Cataluña son dos hermanas gemelas. Ambas lloran su perdida independencia. ¡Loor á la idea regionalista!* (n.º 42).

Ramatado o prazo de admisión de obras, estas son enviadas a París, onde son xulgadas por un tribunal de prestixiosos músicos, baixo a presidencia de Laurent de Rillé[54], unha das máximas autoridades en música orfeónica, que fora presidente do Comité de Audicións da Exposición Universal de 1889 en París, onde coñecera a Pascual Veiga tras o triunfo do 'Orfeón Coruñés nº 4' na capital francesa:

> En la ciudad de París á 21 de Agosto de 1890, los abajo firmados llamados á juzgar las cuarenta y tres composiciones musicales enviadas al concurso abierto por el *Orfeón Coruñés número 4*, se reunieron por última vez en casa de su Presidente.
>
> Estaban presentes los Sres. Laurent de Rillé, Presidente; Adriano Barthe, y Julio Duprats, profesores de composición del Conservatorio Nacional de música de París; Oscar Comettant, Decano de los críticos musicales y redactor del periódico *Le Siècle;* J. Hemmerle, antiguo Director de la música de los granaderos de la Guardia; Mr. Weckerlin, Bibliotecario del Conservatorio de París. (Este último, ausente y enfermo, envió su voto por escrito.)
>
> Después de haber examinado minuciosamente y comparado las obras antedichas en varias reuniones preliminares, el Jurado distribuyó los *premios* y *accésits* designados en la siguiente forma: [...]
>
> MARCHAS REGIONALES GALLEGAS.- *Premio* por unanimidad al manuscrito número 18, que tiene por lema: *Música feraz domestica.* [sic]
>
> *Acésit* á la partitura número 6, cuyo lema es: *Para a miña patrea* [...][55].

O día 30 de agosto no 'Coliseo de San Jorge' da Coruña ten lugar a primeira parte do Certame musical en que se dan a coñecer os gañadores do concurso de composición. Abertas as plicas correspondentes, recae o primeiro premio[56] no catalán Ivo Gotós, músico maior da Armada de Instrución que na altura tiña a súa base en Ferrol, correspondéndolle o accésit ao vigués Francisco R. Núñez (?-1913).



Mais a música gañadora non foi interpretada. As explicacións poden ser varias: pouco tempo para preparar a partitura premiada (talvez o veredicto foi tardío), que Pascual Veiga non considerase a obra vencedora merecente de tan alta honra ou –quen sabe!– o interese de Veiga por preservar o «seu» himno para o futuro, que xa ensaiara previamente:

> Dice un periódico coruñés:
>
> La bien organizada masa coral á que aludimos [o 'Orfeón Coruñés nº 4'] empezó anoche á ensayar, y ya la tiene en ese primer ensayo completamente, una hermosa marcha regional escrita para cantar en el acto del Certámen, por el insigne compositor D. Pascual Veiga.
>
> Hemos oído dicho coro, y aduciendo la belleza que encierran solo 15 compases de que la «Marcha regional» consta solamente.
>
> El público podrá juzgar el día del Certámen la nueva composición que ha añadido á sus numerosas y magníficas obras, el señor Veiga, gloria de Galicia por su talento musical[57].



Partitura de Ivo Gotós, gañadora do concurso convocado polo 'Orfeón Coruñés nº 4', en agosto de 1890

## DO NACEMENTO DO HIMNO Á PRIMEIRA OFICIALIZACIÓN (1890-1907)

*Ti os esp'ritos unes máis distantes*
*Con atamento inquebrantabre e forte.*
(E. Pondal, E 140.1-2)

A partir de 1890, en que o texto poético é publicado oficialmente no Prospecto do Certame e a futura música veiguiana do Himno estaba composta (coa música gañadora no esquecemento), entramos nun período en que existen escasas noticias sobre a interpretación e circulación do himno pondaliano no interior do país antes da súa «oficialización» na Habana en 1907. Seguramente tivo algo que ver o feito de que Pascual Veiga marchase de Galiza[58] ao ser nomeado, en 1892, profesor da Escola Nacional de Música en Madrid, onde, con seguranza, o Himno foi interpretado. Así o demostra a afirmación de Francisco Luís López, secretario do orfeón do Centro Galego de Madrid, dirixido por Pascual Veiga, con motivo da viaxe da agrupación a Lugo para participar no certame orfeónico celebrado o 12 de setembro de 1896. O devandito secretario, no día 17 de decembro, dirixe un comunicado ao director do diario lugués *El Regional* para se defender dos ataques recibidos en diversas instancias. Ao longo da súa exposición afirma explicitamente que o Himno era interpretado pola agrupación musical dirixida por Veiga:

> El Orfeón del Centro Gallego de Madrid tiene una significación muy distinta de la que sin duda han formado en su mente algunos espíritus, á los que podría aplicárseles una de las cuartetas de la Marcha Regional Gallega «Os pinos», letra de Pondal, música de Veiga, que canta dicho Orfeón, y que dice así:
>
> Mais só-os iñorantes
> e férridos e duros
> embéciles e escuros
> non nos entenden, non[59].

Na realidade, este dato é a única información verdadeiramente obxectiva e fiábel da que dispomos até 1907, ano en que, desde A Habana, o emigrante e activista galego Xosé Fontenla Leal (1865-1919)[60] se dirixe a Pascual Veiga para lle solicitar unha copia da música do poema *Os Pinos* –composta, lembremos, en 1890– e se converte deste xeito no verdadeiro promotor da consolidación e 'oficialización' do Himno no seo da comunidade galega en Cuba e mais no seu Centro Galego, de onde se difundiu ao interior de Galiza.

Nesta altura, na Habana funcionaba a 'Asociación Iniciadora y Protectora de la Real Academia Gallega' (constituída o 27 de xuño de 1905 baixo a presidencia de Curros); existía prensa nacionalista e en galego; Curros, Lugrís e outros grandes persoeiros do movemento protonacionalista galego tiñan a súa residencia na illa cubana; e no ambiente político-cultural da emigración percibíase a necesidade da consagración dun elemento simbólico tan importante e popular como é un himno. Neste sentido, foi Xosé Fontenla Leal o artífice verdadeiro da recuperación e difusión do Himno de Pondal e Veiga, razón que explica a confusión existente en gran parte da historiografía galega arredor do proceso do nacemento do Himno Galego.

Tense afirmado que Xosé Fontela lle solicitara, non sabemos en que data, a composición dun himno a Curros (letra) e Chané (música). E certamente *El Regional*, en 1907, recolle unha entrevista na Coruña con Castro Chané, confirmando esta información:

> Nuestro colega *La Voz de Galicia*, narrando los detalles de una excursión del Sr. Chané a Meirás, á casa de la ilustre escritora Dª. Emilia Pardo Bazán, dice lo siguiente:
> «Se habló de la fiesta de la "Música Gallega" y se convino en que faltó en ocasión tan alta el "Himno" glorioso de esta patria "chica" y bien amada.
> Curros Enríquez tiene desde hace años el encargo enaltecedor de sintetizar en versos dulces y viriles lo que ha de decir ese "Himno".
> Chané, fué a la vez escogido para poner su insipiración lozana y genuínamente gallega al servicio del poeta.
> El poderoso "Centro" de la Habana, autor de la iniciativa patriótica, espera todavía su cumplimiento feliz. ¿Por qué? Castro Chané, aún disculpando el perezoso sestear de la musa de Curros, le atribuye la tremenda demora..., y por lo que a él personalmente atañe, siente no haber recibido mucho antes la invitación honrosa de la "Liga" que le hizo cruzar los mares para venir a vernos.
> –No es cosa baladí escribir un "Himno". Es menester una oportunidad, un estímulo poderoso. La celebración de esa soberbia fiesta gallega acaso hubiera dado á mi espíritu el vigor necesario, el chispazo de inspiración que se requiere... Y á Curros le hubiera sucedido lo mismo. Pero lo supimos tarde...»[61].



A teor dos feitos, posibelmente Fontenla non achou a receptividade esperada en Curros, razón que explicaría a súa carta a Veiga para reactivar o himno do Certame de 1890, cuxas bases (que incluían o texto de Pondal) foran publicadas, a petición do músico mindoniense, en *El Eco de Galicia* da Habana[62], cidade onde a revista *Galicia* volve publicar en 1905 e 1907 o poema pondaliano. Esa carta de Fontenla a Veiga, datada o 31 de maio de 1906, di o seguinte:

> Estimado Señor: he recibido carta de mi amigo el Señor Manuel Díaz, en la cual me dice de que Ud. ya terminó la música de *Os Pinos*, poesía de nuestro ilustre Bardo D. Eduardo Pondal; con este motivo es conveniente que nos mande la partitura para hacer las planchas en ésta, que nos sale más barato, por las razones siguientes: el que tiene el honor de escribirle estas letras es grabador *Litógrafo* y con este motivo las planchas no nos cuestan nada y la impresión costará muy poco, de manera que fácilmente comprenderá el por qué hacemos la edición en ésta.
> Para que pueda correjir las faltas que tengan [sic] el trabajo grabado le mandaré 2 ó 3 pruebas, para que pueda correjir.
> La edición que se haga será para Ud., ya le daremos cuenta de los ejemplares que se tiren, y se le entregará el numero íntegro de la edición.
> Lo que deseamos saber es lo que lleva Ud. por su trabajo, así es que le ruego nos lo diga.
> La partitura la manda bien empaquetada y certificada.
> Me es sumamente grato el tener este momento de alegría para mí, al comunicarme con el eminente autor de la *Alborada*, que tanto hace sentir a todos los gallegos que estamos alejados de nuestro país. ¡Ojalá que su nueva obra levante el entusiasmo patriótico de nuestros paisanos con el fin de engrandecer a nuestra Galicia!
> Sin más que decirle puede Ud. mandar lo que guste, que estoy dispuesto a servirle y sabe que siempre tiene en éste un amigo y admirador. S. S. S. Q. B. S. M. José Fontenla [rubricado].
> Antes de cerrar esta carta, se me ocurre indicarle lo conveniente que será el que la partitura sirva también para piano solo, en la misma forma que Ud. arregló en su Obra *A Escala*, que sirve para Orfeón y al mismo tiempo para piano.
> Vale.
> Su casa Apodaca 55.

A petición ten a seguinte contestación epistolar de Pascual Veiga, nunha carta mecanografada en Madrid o día 23 de xuño de 1906 (data tamén rexistrada no carimbo):

> Mi distinguido paisano: Le agradezco con toda el alma las bondadosas frases con que recuerda mis antiguas campañas artísticas.
> Había terminado la partitura inspirada en la poesía de D. Eduardo Pondal, cuyo título es «Os Pinos», antes de que me amagara el fuerte ataque de *grippe* que aún hoy me retiene en la cama. Bastante aliviado ahora, se la remito a V., en un certificado, por el mismo correo que llevará estas líneas.
> Respecto a la edición íntegra que V. me ofrece, después de estimar en lo mucho que significa la delicadeza de tamaño obsequio, encargo a V. que la otorgue a ese «CENTRO GALLEGO DE LA HABANA», a fin de que el mismo expenda los ejemplares ingresando en la caja de tan patriótica sociedad el producto de la venta, en concepto de donativo que, en compañía de V. y demás editores, rinde también este viejo músico a dicho benemérito Instituto regional.
> Comprenderá V. que mi trabajo no admite señalamiento de precio; éste lo decidirá el éxito que mi obra alcance: no se puede medir por su extensión relativamente corta.
> Mas si VV. quieren corresponder a mi labor con mil pesetas, las aceptaré tan gustoso como reconocido, sobre todo por la oportunidad de recibirlas en el trance de una enfermedad nada breve.
> Salude en mi nombre a todos los compatriotas que no olviden a este veterano de las lides para conservar el fuego de la fe en las gloriosas tradiciones y en los grandes destinos de Galicia.
> Reciban todos mi más entrañable expresión de gratitud ilimitada.
> Un efusivo apretón de manos encargo a V. para D. Manuel Díaz.
> Siempre a V. s. incondicional y amigo Q. L. B. L. M. Pascual Veiga [rubricado].

Efectivamente, Pascual Veiga debeu enviarlle unha copia da partitura de 1890, uns días antes da súa morte, porque a prensa recolle unha noticia que se corresponde cos documentos epistolares transcritos:

El entusiasta gallego residente en la Habana D. José Fontenla, que es un excelente artista como grabador y litógrafo, está terminando de grabar las planchas[63] de la última producción musical del genial maestro Veiga, titulada *Marcha regional gallega*.

Esta composición lleva letra del inspirado vate Eduardo Pondal que responde al título de *Os Pinos*, poesía escrita expresamente el año de 1890 para una obra que sirvió de tema acerca de un «Himno regional», en el certámen musical que celebró en esta ciudad [A Coruña] el *Orfeón Coruñés número 4* que entonces dirigía el celebrado maestro; y el cual concurso de composición, fué juzgado por los profesores del Conservatorio de París presididos por el eminente Mr. Laurent de Rillé.

El producto de la venta de ejemplares de la obra de Veiga que por su cuenta edita en la Habana el Sr. Fontenla, lo remitirá éste, á la *Academia Gallega*, para que la misma se encargue de tributar un honroso homenaje á la memoria del autor de la inmortal *Alborada*.

Es digno del aplauso general, el desprendimiento y altruismo del señor Fontenla[64].

Recibida por Fontenla a carta (coa copia da partitura), morre Pascual Veiga Iglesias en Madrid o día 12 de xullo de 1906 e xorde a iniciativa en Bos Aires de lle facer unha homenaxe para conseguir financiamento para o traslado dos seus restos mortais a Mondoñedo.

Esta idea é tamén acollida na Habana, a través da organización dunha «Velada Artístico-Literaria» no gran Teatro do Centro Galego, onde será solemnemente interpretado o Himno, que, na altura, era considerado como obra inédita, por descoñeceren os seus promotores as anteriores interpretacións da súa música. Deste xeito, o Himno de Pondal e Veiga soa pública e oficialmente o día 20 de decembro de 1907, executado pola Banda Municipal da Habana, baixo a batuta do seu director, o mestre Guillermo M. Tomás (1868-1933), importante figura da música na illa, que, moi vinculado ao Centro Galego, acabará sendo nomeado correspondente da Real Academia Galega.

A Velada do Centro Galego, onde se descubriu un busto de Veiga envolto coa bandeira galega, tivo un ton nacionalista e reivindicativo: para alén da interpretación solemne do Himno e mais de numerosas pezas musicais galegas (*A Alborada* de Montes, *A Alborada* de Veiga, *Unha noite na eira do trigo, Adiós a Mariquiña, Galicia, Os Ártabros, Sonata galega, A lúa de Cangas* e o Himno do Batallón dos Literarios), xunto coa recitación do poema currosiano dedicado a Veiga («*A Alborada* de Veiga»), as sociedades galegas e a comisión da velada homenaxearon colectivamente o músico mindoniense despois dun discurso de José López Pérez, presidente do Centro Galego, que, logo da apoloxía de Veiga, falou das orixes célticas de Galiza, das súas tradicións e amor á patria, así como das arelas de liberdade do noso pobo, do abandono do goberno castelán e da tiranía dos caciques, nun discurso cualificado como «liberal, autonomista, regionalista y hasta solidario»[65].

Un ano despois, en 1908, o himno de Pondal e Veiga é declarado oficial en todas as festas do Centro Galego da Habana, por iniciativa[66], máis unha vez, de Xosé Fontenla, que presenta unha Moción á Xunta Directiva, que é aprobada o 3 de decembro de 1908 e ratificada pola Asemblea Xeral o día 13 do mesmo mes:

El que suscribe, José Fontenla, socio y Bibliotecario de la Sociedad que Vds. tan acertadamente dirigen, tiene el honor de manifestarles que obra en su poder la partitura original de la obra póstuma escrita por el inmortal compositor D. Pascual Veiga, que lleva por título el de *Marcha ó Himno Regional Gallego*, cuyo himno fué ejecutado por primera vez en la Velada que en honor del expresado compatriota se celebró por este Centro en el Gran Teatro de su propiedad, el día 20 del mes de Diciembre del año próximo pasado, habiendo obtenido un brillante éxito.

Por todo lo expuesto, y en atención á la memoria que se debe á su autor, cree el que habla que sería muy patriótico que el indicado himno se considere con carácter oficial de la Sociedad para todas aquellas fiestas que la misma celebre; pues además está inspirada dicha composición en una poesía del gran poeta Eduardo Pondal.

De esta manera el Centro Gallego tendrá algo propio de verdadero mérito, según se puede comprender por todo lo que antecede.





Banda Municipal da Habana que estreou o himno galego

Suplica, pues, á tan distinguidos señores se dignen aceptar esta proposición y llevarla á la Junta General próxima, que tendrá lugar el día 13 del presente mes, á fin de que por dicha Junta se pueda resolver sobre este particular definitivamente.

Muy atentamente. – (f) *José Fontenla Leal*[67].

Como é lóxico, a partir de agora, nas actividades relacionadas co Centro Galego da Habana o himno é interpretado. Véxase como mostra significativa o comentario de Peinó sobre a presentación da Sociedade de Declamación 'Rosalía de Castro' no Teatro Tacón: «Cando se descubreu o retrato *Santiña*, debuxado pol-o presidente [...] a seuceón de Filarmonía, composta de rapazas e rapaces, tocou o "Himno Rexional", de Veiga, que foi escoitado en pé antr' ademeraceón e respeuto de todol-os alí presentes, ¡Que momentos tan solenes!»[68]. E a través da prensa pode seguirse o proceso de expansión e consolidación do Himno no seo da comunidade galega en Cuba, cuxa interpretación pública (no Malecón) é reclamada na revista *Galicia* polos emigrantes galegos, cunha nota de adhesión da propia publicación:

GALICIA se adhiere de todo corazón á las manifestaciones de los firmantes. *El himno gallego* debe oirse siempre y con preferencia á cualquier otro, donde quiera que se celebre algún acto regional. Si amamos á nuestra tierra, si no la queremos ver esclava y analfabeta, si deseamos de veras su regeneración y engrandecimiento, no se puede desear otra cosa[69].

Oficializado o Himno na emigración cubana, Xosé Fontenla Leal prosegue co labor de proselitismo a prol de Galiza e do símbolo, arrecadando materiais complementarios d'*Os Pinos:* tamén na Academia se garda unha carta de Xosé Fontenla a Eduardo Pondal[70], dunha data moi posterior (A Habana, 29 de abril de 1910), solicitando o texto autógrafo d'*Os Pinos* para acompañar a partitura musical que Veiga lle enviara pouco antes da súa morte en 1906:

Mi distinguido amigo y meritísimo conterráneo: De retorno en la Habana el amigo Nan [de Allariz], esperimenté una viva satisfacción al darle la bienvenida, no sólo por estrechar la mano de un gallego *enxebre*, sino porque él era portador del obsequio, simbolizado en un abrazo, que usted ha tenido a bien enviar para el viejo luchador por la prosperidad de Galicia y la glorificación de sus hijos esclarecidos.

Yo no sé cómo agradecer a usted, señor Pondal, la delicada atención que me ha dispensado, másime cuando no tengo otros méritos para merecerla que el ser un sincero admirador de sus versos varoniles, saturados siempre de un sabor [sic] netamente regional.

Mil gracias, pues, y acepte mi más cordial saludo.

No sabe usted los deseos que tengo de conocer su grandiosa obra *Os Eoas*.





Papeletas autógrafas con redaccións iniciais d'*Os Pinos* de Eduardo Pondal

















Carta de Xosé Fontenla a Pascual Veiga, 31 de maio de 1906











Carta de Xosé Fontenla a Eduardo Pondal, 29 de abril de 1910



Carta de Pascual Veiga a Xosé Fontenla, 23 de xuño de 1906



Y a propósito del poema: yo me permitiría rogar a usted, interpretando los deseos de varios admiradores suyos, que haga una edición de sus obras completas, pues nadie como usted puede dirijirla y presentarla cuidadosamente correjida. De lo contrario, corre usted el riesgo de que salga deslucida, y esto es lo que no quisiéramos los que de veras le admiramos.

Le remito la música del Himno, acompañada de su orijinalísima poesía *Os Pinos;* como usted verá, no quise suprimir el verso que empieza *A nobre Lusitania*, porque entiendo que sufría el conjunto de la poesía, además encierran las estrofas unas ideas tan hermosas basadas en la unión de Galicia y Portugal que de ningún modo quise cumplir el encargo que de usted me trajo el amigo Peinó[71].

Por lo tanto queda en pie mi petición de rogarle escriba otro verso final y de esa manera la poesía no quedará coja para la música.

Las razones que usted alegó de que la letra de los Himnos tienen que ser cortas, son de gran peso, pero fíjese que la Marsellesa y otros cantos de diferentes Naciones tienen la letra muy larga.

Si usted atiende mi ruego deseo me mande la poesía *Os Pinos* completa y escripta de su puño y letra con el fin de guardarla como se guarda una reliquia, y que acompañe al manuscrito de la música de Veiga, que conservo en mi poder.

Con recuerdos del amigo Peinó, que me los ha dado de usted a su regreso a la Habana, se ofrece de usted afetísimo amigo, y servidor que le admira, José Fontenla [rubricado].

Porén, perdida a memoria histórica dos feitos, probabelmente foron as cartas enviadas a Veiga (1906) e a Pondal (1910) os documentos que provocaron o equívoco sobre o papel desenvolvido por Xosé Fontenla e mais por Pascual Veiga e Eduardo Pondal na creación, consolidación e difusión d'*Os Pinos* como Himno Galego. Seguramente a carta de Fontenla a Veiga en 1906 foi interpretada como unha petición para a elaboración da música, cando, na realidade, o que o emigrante cubano solicita é unha copia autógrafa coa transcrición da partitura de orfeón que «sirva también para piano solo, en la misma forma que Ud. arregló en su Obra *A Escala,* que sirve para Orfeón y al mismo tiempo para piano», que, como vimos, fora composta quince anos antes[72].

Deste modo, á súa persoa foi erradamente atribuído durante moitos anos o papel fundamental na xénese do Himno Galego como peticionario expreso da música e do texto. Así, por exemplo, Francisco Camba, en 1915, lembra a suposta orixe do Himno Galego, considerando a Xosé Fontenla como motor imprescindíbel no proceso, cunhas palabras críticas a respecto da súa figura e das súas actividades:

Hace ahora seis años, poco más ó menos, fué cuando se le ocurrió á Fontenla, de un modo brusco, al levantarse de la cama, esa necesidad del himno gallego. Le pidió aquel mismo día la letra á Curros, el gran poeta regional voluntariamente desterrado en la Habana, y la música á Chané, el mejor compositor gallego de toda la isla. Pero se murió Curros sin consideración ninguna, y Chané, educado en la escuela romántica, habló de esperar un suceso importante; una revolución, un motín siquiera, que justificase el nacimiento del himno. Fontenla es un hombre impaciente. No pudiendo resignarse á esperar, buscó tres ó cuatro poesías que le parecieron adecuadas y se las mandó á D. Pascual Veiga, diciéndole que eligiese una de las tres para ponerle música de himno.

Pascual Veiga accedió. Todo lo demás, porque, según parece, un himno no está hecho cuando el poeta y el compositor acaban su trabajo, sino que, como un vino destinado á ilustre vida, exige tiempo y cuidados, corrió á cargo de Fontenla[73].

Unha opinión semellante acerca do proceso de creación do Himno era basicamente compartida polo galeguismo, como mostran, por exemplo, os comentarios de Eladio Rodríguez en 1920:

Acaso por eso mismo sepan muy pocos a estas fechas que el Himno gallego de Veiga y Pondal, hoy popular en todas las partes del mundo donde hay gallegos verdaderos, sólo a D. José Fontenla se debe. Él concibió la idea, él la meditó y la puso en práctica, él trabajó con ahinco por su realización, él rogó a nuestro Pondal que escribiese la letra, él interesó del maestro Veiga que compusiese la música, él gestionó en la Habana que se pusiese en los atriles; y cuando vió coronados por el éxito todos estos esfuerzos pacientes y patrióticos, pudo con lágrimas de emocion oirlo en público por primera vez, entre clamorosas ovaciones, en una velada que el 20 de Diciembre de 1907 se celebró en el Gran Teatro del «Centro Gallego», en honor precisamente del autor de la música D. Pascual Veiga, fallecido en Agosto [sic: na realidade, en xullo] del año antecedente.

Y más tarde, en 13 de Diciembre de 1908, la Junta general del propio «Centro Gallego», puesta en pié, aprobó una moción del señor Fontenla declarando oficial el Himno para todas las fiestas que la gran Sociedad celebrase.

En el archivo de la Real Academia Gallega se conservan cuidadosamente, como preciadas reliquias una parte de la correspondencia que nuestro llorado amigo sostuvo con tal motivo con los autores del *Queixumes dos pinos* y de *La Alborada;* las notaciones musicales del Himno, escritas por el mismo Veiga, y otros curiosos e interesantes detalles que prueban hasta qué punto era único nuestro conterráneo en amor a esta su patria gallega[74].

Mais fronte á confusión histórica arredor do nacemento do Himno comeza a divulgarse recentemente a historia certa[75]; e, por outra parte, fronte a aquelas pexorativas consideracións da persoa de Xosé Fontenla Leal (e, por extensión, do galeguismo e/ou nacionalismo), a realidade dos feitos imponse, e o certo é que foi, desde unha posición sempre firme e humilde (*A Nosa Terra* cualíficao de «Fray Exemplo»[76]), a figura fundamental tanto na creación da Academia Galega como na consolidación e oficialización do Himno Galego; e, posteriormente, comeza a ser recoñecida a súa actividade militante que «hizo milagros de unión entre los buenos compatriotas emigrados»[77] e que permitiu a expansión do símbolo, como se recoñece repetidamente na prensa galega: *Vida Gallega*, que xa o defendera dos ataques de Camba no seu momento[78], recoñecerá que «venciendo cobardías y prejuicios, dió a conocer en Cuba el himno regional de Veiga, que en Galicia apenas hemos oído. Y su labor de titán tuvo siempre casi la sombra por testigo»[79], mentres que *La Voz de Galicia* afirma que «Nuestra región tuvo siempre en él un entusiasta defensor. El hizo conocer y popularizó el himno de Pondal y Veiga en Cuba; el trabajó, como pocos, para la creación de la Academia Gallega»[80].

## OS INICIOS DA EXPANSIÓN (1907-1916)

*O seu imperio formidabre estende.*
(E. Pondal, E 35.2)

Para a expansión do Himno no interior da Galiza a partir da 'oficialización' na emigración galega en Cuba, é fundamental a aparición do libro *Apuntes para la Historia del Centro Gallego de la Habana,* publicado en 1909, onde se recolle e se difunde por vez primeira en texto impreso a partitura de Veiga, que, xuntamente co texto pondaliano, vai ser propagada a todas as publicacións do interior de Galiza e mais ás restantes comunidades emigrantes.

Esta publicación recolle o texto completo do poema *Os Pinos,* isto é, as nove estrofas publicadas no Prospecto do Certame Musical (con erros lingüístico-interpretativos importantes, vid. *infra*), xunto coa partitura (cunha coidada presentación e cun fermoso encabezamento realizado por Fontenla, cuxo orixinal está depositado na Academia Galega) para tenores primeiros e segundos e baixos, con acompañamento de piano ou para piano só; ademais, inclúese a biografía e a fotografía dos principais actores da estrea: Pascual Veiga, Eduardo Pondal e Guillermo Tomás, o director da banda municipal que interpretou o Himno na velada en honra de Pascual Veiga en decembro de 1907[81].

É a partir deste ano de 1909 que podemos achar paseniñamente noticias sobre a interpretación do Himno en Galiza, así como nas restantes comunidades emigradas do exterior. En datas próximas (1910) existe constancia da interpretación do Himno na cidade de Santiago, nunhas circunstancias que son relatadas pormenorizadamente por *Vida Gallega,* que fai a crónica e publica, asemade, o texto pondaliano e mais a partitura musical, ambos indubidabelmente tirados dos *Apuntes* de 1909[82]:

En la Habana –nos decían hace muy pocos días– se conoce, se toca, y se canta el himno de Galicia. ¿Por qué en la región no se canta, ni se toca, ni casi se conoce? [...]

Pero el himno gallego también se toca en el corazón de nuestra pequeña patria.

Este descubrimiento es obra de nuestros redactores. Se realizó no ha mucho. Fué uno de los pasados días de cambios de mutuas afecciones entre pueblos gallegos.

Visitaban nuestros compañeros la Escuela de Sordomudos y Ciegos de Santiago. Recorrían las clases. Llegaron á la clase de música.



Estaba el recinto envuelto en una semiobscuridad que pasaba de esta medida, que era casi obscuridad completa. ¿Para qué necesitan de la luz los ciegos?

Había ambiente de misterio, de encanto, de religiosidad en el aula. Una voz amiga hizo saber que entraba allí la representación de VIDA GALLEGA. Y entonces, una feliz inspiración acercó á los ciegos al piano y puso los violines en sus manos.

Y de aquel terceto brotó el himno gallego, el que jamás habíamos oído, el que es popular en Cuba y aquí no conocen los gallegos [...].

Hé ahí el himno regional de Galicia. Este es el que se toca y se canta en las fiestas que nuestros paisanos celebran en América. Tengamos nuestra admiración para esas notas viriles y para esos versos valientes. Y amemos á la pequeña patria en su música poética, vibrante como un grito de llamada á las fuerzas regionales, soñadora como nuestro espíritu lleno de vaguedades de un dolor que casi nunca vive sino en los antros de misterio de nuestras nostalgias.

Por outra parte, non deixa de ser significativo que a existencia do noso Himno sexa recoñecida explicitamente na historia da literatura galega de Carré Aldao, cuxa edición de 1911 o recolle repetidamente no Apéndice «Música gallega»: «VEIGA. Himno regional de Galicia (letra de Pondal)» (en «Para canto y piano»), e «VEIGA. Himno regional de Galicia» («Para piano solo»)[83].

Mais a partitura do Himno, para alén da editada nos *Apuntes* de 1909, chegou a Galiza tamén por outros medios, como mostra que unha versión fose recibida por José María Salgueiro, que fora organizador da velada celebrada na Habana en honra de Pascual Veiga en 1907, nun envío feito desde a capital cubana. A partitura «para banda, voces y piano» foi pedida expresamente para ser executada cando viñesen os restos de Pascual Veiga[84] e a partir de aquí difundida directamente entre as bandas musicais.

Deste modo, con ocasión da translación dos restos de Veiga a Mondoñedo[85] o día 17 de setembro de 1912, o Himno será interpretado xa dun modo explícito e público en territorio galego, como mostra o seguimento da prensa, que vai dando noticias case diarias sobre os ensaios («Dicen de Mondoñedo que los ensayos del Orfeón continúan con gran actividad, hallándose ya bien ensayado el viril *himno gallego,* del insigne maestro Veiga»[86]), e anúnciase, finalmente, que «El orfeón que ha de cantar ante los restos del maestro, tiene ya matizado el *Himno á Galicia* y ensaya otras *enxebres* composiciones»[87].

Efectivamente, a interpretación do Himno en Mondoñedo foi un acto solemne, como correspondía a tan importante evento patriótico na Galiza cultural de comezos do século:

El subsecretario de Gracia y Justicia tiró del cordón de seda, y al descorrerse el lienzo que cubría el mármol, la Banda de Isabel la Católica y el «Orfeón Pacheco», que dirige José Castañeda Jurado –un buen músico, que oyó generales y sinceros aplausos–, interpretaron, unidos, el magnífico «Himno gallego», de Veiga, que se oyó con emoción[88].

Outras crónicas mesmo fan o paralelismo entre o noso himno e calquera dos europeos:

después de cantar y matizar la *Alborada* de un modo prodigioso los cincuenta muchachos de José Castañeda dejaron oir en estupendo conjunto con la banda militar de Isabel la Católica, el vigoroso himno *Os pinos,* tan lleno de majestad como cualquier himno nacional europeo[89].

Ao mesmo tempo, tamén se comeza a reclamar un posto sobranceiro para Pascual Veiga no 'rexionalismo', facendo un paralelismo con Brañas, o autor do outro himno concorrente máis importante nos comezos do s. XX, laiándose, ademais, de que ambos os himnos non fosen coñecidos e, mesmo, de que Veiga non tivese composto música para o texto de Brañas[90].

A partir destas datas, a utilización do Himno será crecente en Galiza. Así o vemos, por exemplo, na velada celebrada en Pontevedra en honra de Rosalía: a interpretación está programada como acto final e extraordinario para o domingo, día 19 de xaneiro de 1913, coa orquestra de D. Isidro Puga e o Orfeón de 'La Artística', que dirixía o mestre Serrano:

Entre estos números cuyo programa no se precisó aún, habrá uno de novedad musical para Pontevedra. Será éste la ejecución del *Himno gallego* compuesto por Veiga y desconocido en Galicia hasta ahora.

Manuscrito autógrafo da primeira versión do Himno


Himno á Galicia

Breogán. (1)

(1) Antiguo caudillo de los celtas gallegos

1

Que din os rumorosos,
Na cabanosa pendente,
Ó resplandor tremente
Do prácido luar?
Que din das altas copas,
Cheas de mil queixumes,
Os [illegible] arumes,
No seu doce fungar?

2

De verdura cingida,
E de benignos astros,
Confín dos verdes castros,
E do céltico clan;
Non esquezas escura,
Da inxuria o vello encono;
Esperta do teu sono,
Fillo de Breogán.

Os bos e xenerosos,
Nosos cantos entenden;
E [illegible] atenden,
O noso escuro son;
Mas aqueles ignaros,
[illegible] duros,
[illegible] e escuros,
No-nos entenden, non.

3

Os tempos son chegados,
D'augurarte as idades,
E as tuas vaguedades,
Cumprimento terán;
Pois donde quer gigante
[illegible]
A redencion da boa
Terra de Breogán.

Teus fillos vagorosos,
En gran [illegible] late
A clarinsa combate
[illegible] vai;
Por ti mesma libre
D'indigna servidume
E d'oprobioso alcume
Fillo de Breogán











La letra es de Eduardo Pondal, y fué estrenado recientemente en Mondoñedo, con motivo del traslado de los restos mortales del autor de la *Alborada*[91].

E algo semellante estaba previsto para a homenaxe que se ía celebrar a fins deste mesmo ano, mais que finalmente non se produciu[92], dedicada precisamente a Eduardo Pondal na cidade da Coruña:

> Aprovechando la estancia en la Coruña del viejo poeta gallego Pondal, la Asociación de la Prensa trata de dedicarle un gran homenaje, organizando la fiesta de la poesía gallega.
>
> Serán invitados para tomar parte en ella los señores Mella, Valle Inclán, Vicenti, Filomena Dato, Sofía Casanova y otras intelectualidades.
>
> También serán invitadas la Universidad de Santiago, sociedades de recreo, centros gallegos de Madrid, Bilbao, Habana, Buenos Aires y la Real Academia Gallega.
>
> La fiesta se celebrará el día 15 de Diciembre, y terminará cantándose, por el Orfeón acompañado por la banda del regimiento de Isabel la Católica, el *Himno á Galicia*, letra de Pondal, que se estrenó con gran éxito al ser trasladados los restos del notable compositor Pascual Veiga[93].

Por outra parte, en Ourense parece que o himno vai ser interpretado conxuntamente por todas as masas corais nun concurso de orfeóns organizado para o día 3 de xuño de 1915 pola 'Unión Orensana', coa participación das agrupacións 'Artística' (Vigo), 'La Esperanza' (Vigo), 'Orfeón Gallego' de Lugo, 'Aurora' de Sárdoma (Vigo), 'Orfeón de Teis' (Vigo) e 'Colón' (Pontevedra)[94].

Non van ser estas as únicas veces nin os únicos lugares en que se interprete, porque a través da prensa se poden achar noticias relativas á presenza do himno noutros lugares e noutras ocasións, como, por exemplo, nas festas luguesas de San Froilán por parte do 'Orfeón Gallego' e da Banda Municipal de Lugo[95].

Pascual Veiga, Eduardo Pondal e Guillermo M. Tomás (ilustración dos *Apuntes* de 1909)



## A CONSOLIDACIÓN DO HIMNO (1916-1936)

*Nos fortes peitos s' establece […].*
(E. Pondal, E 187.2)

No día 18 de maio de 1916 fúndanse as Irmandades da Fala na cidade da Coruña, organización impulsada por persoeiros como Antón e Ramón Vilar Ponte, Lugrís Freire, Carré Aldao, Tettamancy etc. Esta institución, que rapidamente se estenderá por toda a xeografía galega ao longo dos seguintes meses e anos, nacía cunha evidente vocación de defensa da lingua, da cultura e da personalidade da nación galega.

Sen dúbida, as Irmandades constituíron un elemento fundamental na consolidación e organización do movemento nacionalista galego, na expansión cultural en todos os sentidos e na propagación dos símbolos nacionais, nomeadamente do Himno, obxecto deste traballo.

Seguramente non é alleo ao ambiente inicial que permitiu e favoreceu a organización nacionalista o feito de que na mesma cidade en que naceron as Irmandades se organizase tamén, desde o Circo de Artesáns, unha «Festa Galega», cuxa alma mater era Manuel Casás Fernández:

> La 'Fiesta Gallega', iniciada por este Centro [o Circo de Artesáns], ha sido otro inolvidable acto de «Afirmación regional», en el cual la música y los cantos de nuestra tierra han tenido solemne y clamorosa consagración; y en ella se cantó, por primera vez ante un público de más de doce mil almas, el «Himno a Galicia» de Pondal y Veiga; y desde entonces hiciéronse populares los viriles acentos de ese himno que nosotros hemos exhumado del olvido en que todos le teníamos, y resuenan como una cordial salutación a la aurora que centellea anunciando el renacimiento de Galicia[96].

O seguimento da prensa diaria demostra que a interpretación do himno se produciu na «Festa Galega» o 20 de agosto de 1916, na Praza de Touros da Coruña a beneficio dos nenos pobres, como remate interpretativo polo coro 'Toxos e Froles', acompañado pola banda de música e o coro 'Aturuxo' de Lugo, e mais un gran número de nenos das escolas «nacionais», que, previamente, ensaiaran a súa interpretación[97]. A crónica de *La Voz de Galicia* achega información interesante sobre o nivel de descoñecemento popular do Himno nesa altura:

> Terminó la hermosa fiesta con el «Himno a Galicia» letra del insigne Pondal y música del gran maestro Pascual Veiga. Lo cantaron todos los individuos de los coros y muchísimos niños y niñas que con la música de Isabel la Católica ocuparon el tablado. Por cierto que esta obra resultaría mucho más solemne y grandiosa, con voces de hombre en mayor número que las infantiles.
>
> Es una gran pena que casi nadie conozca en Galicia este «Himno», tan majestuoso, tan viril, tan austero, como cuadra a nuestro temperamento y a nuestra raza. Debiera hacerse popular y ser escuchado con la cabeza descubierta. Ayer hubo que repetirlo y estalló al final una ovación formidable[98].

A partir desta interpretación festiva e multitudinaria, a demanda popular comeza a manifestarse solicitando que a banda militar coruñesa, que tocaba periodicamente no Cantón, interpretase regularmente o Himno:

> Un grupo de personas entusiastas de nuestra música, se acercaron a nosotros para rogarnos solicitemos desde estas columnas del inteligente director de la banda de Isabel la Católica, D. Pedro Quiroga, que tenga la amabilidad de complacerles ejecutando en el paseo del Relleno el hermoso himno gallego de Pascual Veiga, pue[s] aun cuando sin el canto no se aprecien sus méritos todo lo debido, resultará agradable a todos y se divulgará al propio tiempo[99].

Nos momentos en que se comeza a escoitar na cidade o Himno, inicialmente só na súa interpretación instrumental para banda militar, aparece xa como remate no programa da banda de música do rexemento de Isabel la Católica para as veladas nos xardíns de Méndez Núñez[100], con noticias sobre o futuro acompañamento de voces orfeónicas[101] e, tamén, subliñando o feito das frecuentes repeticións por petición directa do público.



Estas interpretacións son repetidamente comentadas por Antón Vilar Ponte, fundador das Irmandades da Fala e un dos redactores nesta altura de *La Voz de Galicia,* nun artigo anónimo baixo o título de «Veiga y Pondal. El himno a Galicia», falando xa da necesaria oficialización e expansión do himno, dun incipiente cerimonial na súa interpretación e recollendo comentarios de Gómez Carrillo, cronista parisiense e poeta guatemalteco («Tiene la grandeza de un himno nacional»), e mais de Alfredo Vicenti, director de *El Liberal* («La misma augusta sobriedad del "Himno inglés"»):

> Era una gran pena que este «Himno» nuestro, que no es oficial, pero que debiera serlo, fuese apenas conocido. Hay que hacer que lo sepan todos los gallegos. Deben tenerlo en su repertorio todos los orfeones [...]; deben cantarlo todos los coros que aspiran a reconstituir la música regional y repetirlo jóvenes y viejos de vuelta de las romerías. Debe, en fin, hacerse popular y ser escuchado con la cabeza descubierta.
>
> En ello no hay ni puede haber nada inquietante. No es un himno que cante violencias sino el santo amor a la región[102].

Ao día seguinte, aparece un segundo artigo de Vilar Ponte a partir do cal, polo feito de expresar a xeral ignorancia sobre o himno, o xornal inclúe a letra das tres primeiras estrofas:

> Como ya hemos dicho, la banda de música del regimiento de Isabel la Católica, a requerimientos del público y con plausible acierto, viene ejecutando estas noches en el Relleno el «Himno a Galicia», de Pascual Veiga. La composición, antes conocida por muy pocos –y ahora ya algo divulgada– gusta a la mayoría de las personas. Cada vez son más las que se acercan al templete para oirla.
>
> Laméntase, generalmente, que no sea posible conocer al propio tiempo que la música de Veiga, la inspirada letra que el insigne bardo Pondal escribió para ella. El Orfeón coruñés con gusto la cantaría, y acaso pronto llegue a cantarla. Pero no figuraba en su repertorio, como no figura en casi ninguno de las demás masas corales gallegas –lo cual constituye una triste deficiencia a subsanar– y por lo mismo, al menos por ahora no podremos oir sino la música del bello himno.
>
> La letra, consta de varias estrofas, aunque son tres las que más se cantan. Y ya que se nos ha pedido, la daremos a conocer a los lectores[103].

Estes dous últimos artigos serán lembrados por Adela Veiga, filla de Pascual Veiga, que escribe desde San Nicolás de los Arroyos (Bos Aires) a *La Voz de Galicia,* emocionada pola popularización do Himno, recoñecida polo xornal nunha apostila da redacción en que se afirma (a finais de 1916) que «el 'Himno a Galicia' se ha hecho francamente popular. Se canta en todas las escuelas, lo corean las gentes, es familiar y querido»:

> ¡Ya es popular el himno a Galicia! Ya hay quien identificado con el maestro en su amor a nuestra región querida, aboga porque lo canten todos los gallegos. Hágase oficial o no, –¿que importa?– que lo lleven todos en el corazón y lo entonen con igual fervor con que mi padre lo compuso. Como que él quiso expresar el amor a su idolatrada tierra!
>
> En aquel lenguaje tan suyo solía decirnos refiriéndose al himno: «Es contundente ¿no os parece?». Y solía añadir: «quisiera que lo tocasen en mi entierro».
>
> ¡Cuántas veces arrulló a sus nietos cantándoles las bellas estrofas de Pondal!
>
> ¿Quién dispuso que fuese tocado el himno en Mondoñedo? ¿Sería el venerado y buenísimo maestro de maestros D. Alfredo Vicenti? ¿Acaso fué el Centro Gallego de la Habana, en cuyo poder obraba la partitura? No lo sé.
>
> Pero si hasta los muertos llegan los homenajes a ellos dedicados, el alma de mi padre debe de haberse estremecido de júbilo al recibir la ofrenda de su canto a Galicia[104].

A difusión do Himno, polo menos na cidade coruñesa, é rápida e preludia o que rapidamente vai acontecer no resto da Galiza, porque, como di o diario coruñés no anuncio da interpretación do himno con orfeón para o día 1 de setembro de 1916:

> Aquí el «Himno a Galicia» comienza a ser difundido. Anoche lo tarareaba mucha gente con el orfeón. Será popular y merece serlo. Es de dos grandes artistas consagrados, y el carácter «oficial», digámoslo así, que falta a la obra, se lo dará el sentimiento unánime de los gallegos. Este «Himno» debe ser consagrado también, aunque se escriban otros[105].

Nesta liña de enxalzamento dos valores patrios, aparece unha das primeiras utilizacións institucionais do Himno Galego proveniente dunha alcaldía importante, a da Coruña, neste momento ocupada por Casás, que dá instrucións ás escolas para facilitar os ensaios do Himno para a homenaxe a Concepción Arenal:

> Encarezco de los Sres. Profesores y Profesoras de las Escuelas Nacionales que se sirvan dar todo género de facilidades para que los alumnos y alumnas de aquellos centros ensayen, bajo la dirección de los músicos de la banda del regimiento de Isabel la Católica, el himno a Galicia, de Veiga y Pondal, a fin de cantarlo en la fiesta de inauguración del monumento erigido a la ilustre escritora Doña Concepción Arenal.
> El acto de referencia se celebrará, probablemente, el dia 17 del actual.
> Espero de los Sres. Profesores y Profesoras que han de cooperar, como siempre, al mayor lucimiento y brillantez de la fiesta citada, prestando su concurso personal y su entusiasmo.
> La Coruña, 4 de Septbre. de 1916.
> El Alcalde Presidente M. Casás [rubricado][106].

Efectivamente, *La Voz de Galicia* confirma que os nenos van cantar o himno, «que cada vez se hace más popular»[107], nesa homenaxe a Concepción Arenal, presidida por Eduardo Dato, presidente do Consello de Ministros[108], e que o volverán interpretar na súa visita ao Hospicio[109], e, de novo, na súa honra, perante o Palace Hotel[110]. O texto cantado foron as catro estrofas iniciais d'*Os Pinos*, cuxo texto foi repartido en pequenas follas impresas.

O que acontecía na Coruña debeu, en maior ou menor medida, producirse noutros lugares de Galiza[111], porque na madrileña revista *Estudios Gallegos*, dirixida por Aurelio Ribalta, de convicción e práctica foneticistas, xunto coa edición do texto do Himno, aparece o seguinte comentario: «Reproduzimos a letra, qe moitos desean conozere desqe se ten cantado en barias festas de distintas bilas gallegas. A música, como e sabido, e do maestro Veiga»[112].

Con certeza, é a partir de finais de 1916, despois da fundación e da acción continuada das Irmandades, por unha banda, e da expansión dos coros populares, pola outra, que a música e o texto do Himno comezan verdadeiramente a espallarse no país. Practicamente en todos os actos dos coros, organizacións que se van multiplicar nas primeiras décadas do século, se remata coa interpretación do Himno Galego, que ocupa un lugar de honra por cerrar as actuacións. Por outra parte, a maioría dos coros van estar ligados aos actos importantes celebrados en toda a xeografía galega, non só festivos, mais tamén aos de carácter cultural e político e/ou reivindicativo, e en moitas ocasións aos actos de índole galeguista.

Así se pode documentar, como exemplo paradigmático, na historia do coro ferrolán 'Toxos e Froles' (fundado en 1914), que, desde a súa presentación pública en 1915, terá numerosísimas actuacións dentro e fóra de Galiza cerradas co himno, podéndose computar cerca de cen interpretacións rexistradas entre 1916 e 1936[113]. E non de menor importancia son as primeiras gravacións do himno en disco en 1918 ('Cántigas e ATuruxos' de Lugo), 1921 ('Cántigas da Terra') e 1922 ('Toxos e Froles')[114], feito que multiplicará a súa difusión a través das emisoras radiofónicas, tanto en Galiza como na emigración.

A modo de exemplo, a presentación pública do coro 'Cántigas da Terra' (cuxo presidente era Eladio Rodríguez, contando con persoeiros como Carré Aldao ou Iglesias Roura), dirixido por Mauricio Farto, iníciase e cérrase co Himno Galego[115]; será comentada a súa actuación en termos musicais xa que, na crónica do redactor, non se dubida en propoñer a supresión dos matices indicados na partitura para unha máis fácil popularización desta:

> Terminaron cantando el Himno gallego que todos los concurrentes escucharon puestos en pie. Un reparo hemos de hacer a esta nota artística: no debe Farto pensar en que es una obra para orfeón. Nada de pianos ni ritardandos, ni de efectismos que la desnaturalicen. Crea sólo que el Himno es algo muy popular que debe cantar todo el mundo, siquiera haya natural claro oscuro en las voces. Otra cosa que sobra es la parte que corresponde a la banda de música, o a la orquesta o al piano. Cuando solo está el coro, debe acabar el Himno donde acaba la letra. Y nada más, porque esos compases de acompañamiento, a boca cerrada, disuenan, Farto[116].

Este acto, de marcada significación galeguista, debeu ser certamente importante porque Antón Vilar Ponte, na súa sección «Con letra del siete», perante a actitude de respecto do público na inter-









Esquerda:
Portada da 1ª edición rexistrada da partitura do Himno en que figuraban como autores Eduardo Pondal e J. A. Veiga (nomes corrixidos nesta ilustración)

Dereita:
Partitura editada polo Banco de Galicia (Montevideo, 1956-1966)

pretación, pregúntase: «¿Hay entonces, en la fiesta de anoche, algo más que una sencilla audición de cantores gallegos? ¿Fué el ensayo de un acto político?»[117]. E no segundo concerto deste coro tamén vai ser interpretado ao final o Himno[118], que foi escoitado «con respeto» e con aplausos[119].

Ademais, nos programas das festas galegas dos coros comeza a aparecer a interpretación final do Himno Galego por parte de todos os orfeóns conxuntamente (e ás veces tamén coas bandas militares) co cerimonial acostumado: público en pé e os homes coa cabeza descuberta[120].

Por outra parte, naquelas Irmandades da Fala en que existía un coro propio, o himno era interpretado decote[121]. Co paso dos anos, o número de coros das Irmandades ía aumentando e acrecentándose a súa influencia, como mostra a interpretación do himno tamén en representacións teatrais, como, entre outras moitas, as realizadas pola 'Agrupación Artística' en Pontevedra (*Minia*, de Lugrís Freire)[122] ou pola Escola Dramática Galega en Sada (*A Ponte*, tamén de Lugrís)[123].

Así pois, as actuacións en que interveñen as agrupacións corais galegas acababan sempre coa interpretación do Himno, recollidas nas reiteradas noticias e comentarios d'*A Nosa Terra* (confirmadas pola restante prensa galega) a respecto de, entre moitos outros, 'Queixumes dos Pinos' (de Lavadores)[124], 'Foliadas e Cantigas' (de Pontevedra)[125], 'De Ruada' (de Ourense)[126], 'Cántigas da Mariña' (de Ribadeo)[127], 'Ecos da Terra' (de Ferrol)[128] etc.

É máis, o propio voceiro das Irmandades fai, por veces, comentarios arredor da calidade ou do sentimento interpretativo: sobre unha actuación de 'Cántigas da Terra' indícase n'*A Nosa Terra* que estaría moi ben que o himno «fose cantado con mais brío e mais movido»; neste mesmo comentario de 1923 é tamén de interese a observación final do artigo:

> Notamos tamén como estas festas vanse enxebrizando cada vez mais. Agora fanse os programas en galego, o públrico acude con entusiasmo e interés e o noso Hino Nacional escóitase sempre de pé e con verdadeira relixiosidade. Todo esto non pasaba fai tres anos e por iso nós querémol-o rexistrar pol-o que representa[129].

Así pois, foron verdadeiramente as Irmandades as que con absoluta consciencia acolleron o himno de Pondal e Veiga e o espallaron por todo o territorio galego a través de múltiplos actos polí-

ticos, culturais ou, simplemente, cívicos. Mais a súa actuación co símbolo (o mesmo que fixeron coa bandeira) levou consigo o estabelecemento dun cerimonial que chega até hoxe, cun respecto ao himno que é xeral en todas as nacións e/ou Estados:

> E termiñado o discurso que foi moi apraudido, todol-os irmáns postos en pé, e cheos de maor entusiasmo, entonamos con relixiosidade e amore o himno galego, coma temos por costume, termiñar calquer aito na Irmandade da Fala[130].

Desde o comezo mesmo das actividades irmandiñas, pódese percibir claramente a fonda emoción e o gran respecto mostrado cara ao Himno: «os hirmans cruñeses no tren, entoaron o Hino Gallego, con voces fortes e variles, cheas d' entusiasmo, tremantes de fe. Todos descubertos, todos ergueitos. Un relixioso istante que fixo escintelear o comenzo de bágoas nos ollos de moitos»[131]. O cerimonial non se limitaba aos actos máis directamente políticos, tamén se percibía en todo tipo de ocasións[132], e era asumido socialmente de maneira unánime («El himno gallego [...] no se oye ya sin que naturalmente obligue a escucharlo de pie y descubiertos»[133]). O recoñecemento da 'imposición' do himno e do seu cerimonial faise explícito en diversas ocasións n'*A Nosa Terra* xa á altura de 1917[134]:

> Pol-a nosa aituazón, ascóitase tocal-o noso himno, en pé e con relixiosidade, por mais que cando nós comenzamos a impoñel-o, chamóusenos *ridículos* e *pavorosos*[135].

> Houbo en Lugo e no Ferrol festas enxebres. N'elas cantouse o noso hino galego.
> Oyéuse pol-as xentes, en pe e descubertos.
> ¿E quen impuxo isto? ¿Non fono aqueles irmáns na Fala cruñeses que chamaron bárbaros algús cursis?
> Eisí é todo na vida[136].

Así mesmo, protéstase iradamente contra algunha ruptura esporádica da cerimonia hímnica estabelecida desde o inicio mesmo das Irmandades:

> Comenzou o festival cantando o himno de Pondal e Veiga a pano baixo, que ascoitado foi en pé pol-os nosos irmans qu' atopábanse n-un palco, e algunha qu' outra persoa mais, e perdóenos ista nosa sinceiridade a prensa local [...]. Termiñado o festival, nosos irmans pidiron que cantaran o hino novamente, sendo compracidos; mais ô notare nosos irmans que o públrico non seguía o seu exempro de ascoitalo en pé, berraron: ¡Érganse, érganse!, e o públrico todo, coma obedecendo a un máximo conxuro, púxose en pé[137].

Mesmo se dan instrucións para que a repetición doutras pezas musicais non turben a solemnidade interpretativa do Himno:

> Rogamos tamén que ao finar unha festa ou cirimonia calquera en que se cante o himno galego, póndose o públrico respetuosamente de pé e descuberto, como adoita, non se rompa despois o emocionante momento repitindo outra cántiga por boa que ésta sexa. Se o públrico ovaciona debe repetirse o himno, para que estes sons esgrevios queden no corazón como recendo d'aquel amor que a todos nos axunta, inda que non queiramos, na mais grande e pura das irmandades[138].

Con certeza, no inicio da actividade das diferentes Irmandades da Fala que ían aparecendo e consolidándose ao longo do país, a organización debeu ter que loitar contra a propia ignorancia ou esquecemento, de explicación histórica clara, entre os seus propios membros, a teor das declaracións de Francisco Vales Villamarín, membro das Irmandades e conselleiro 1º da de Betanzos, que recoñece que «descoñecía o himno galego, cando Antón Villar Ponte lle envía a partitura para que a difundiran» na Irmandade betanceira[139]. E fóra das Irmandades o descoñecemento aínda era maior, de modo que, como exemplo da necesidade social do símbolo e do seu espallamento, un «fato de bos galegos» residente en Melilla solicita, en xaneiro de 1917, a *A Nosa Terra* a publicación do Himno de Pondal-Veiga, recoñecendo que moitos galegos, concretamente eles, non o coñecen[140].

Mais a intensa actividade propagandística, que pode ser seguida a través das páxinas da prensa galega, foi realizada en todas as frontes. Como é lóxico, o himno estaba presente en todo tipo de



reunión ou mitin político de carácter galeguista, sen esquecer os movementos agraristas, en que o noso himno vai desprazando aos poucos o de Cabanillas[141]:

> Foi [...] a xira mais galeguista que pódese maxinare. A ila concurriron mulleres e homes. Levaban gaita e tamboril. Cantáronse *alalás*, muiñeiras e o noso Hino [...]. Dempois, todos en pe, os homes descubertos, cantouse o hino a Galicia de Veiga e Pondal [...] unha notabre arenga patriótica, que foi acollida con vivas a Galicia e co canto do noso Hino, outra ves[142].

Convén notar, ademais, que nos primeiros tempos das Irmandades se canta tamén ás veces o himno de Brañas a carón do himno pondaliano[143] e que, por outra parte, polas relacións estabelecidas entre os nacionalistas galegos e o nacionalismo catalán e vasco, en actos políticos en que estaban presentes representantes destas nacionalidades tamén se interpretaba «Els Segadors» e mais «Gernikako arbola»[144]. En fin, a actividade propagandística das Irmandades rapidamente comezaba a dar froitos:

> Cando os irmáns da Fala, voltaron pr'á Cruña, unhas 2.000 persoas, tod' o pobo de Sada, acompañóu ôs porpagandistas mais d'un kilómetro, carreteira adiante. Cantábase o hino galego; ceibábanse berros contr' o caciquismo e vivas â nosa terra[145].

No mes de marzo de 1917, Xosé Fontenla chega á Galiza como delegado do Centro Galego da Habana con motivo da translación dos restos de Chané para o cemiterio da Coruña. O promotor galego-cubano do noso Himno vai visitar a Eduardo Pondal, moi enfermo nos primeiros días deste mes, o día 5 de marzo:

> Agradeció el enfermo con la cautivadora llaneza en él característica el recuerdo y el saludo del alcalde y de sus amigos. Tuvo para el «Centro Gallego» elogios tan sobrios como justos y con efusivos apretones de manos expresó al señor Fontenla su reconocimiento por el noble afán con que difundió en Cuba el «Himno a Galicia», compuesto por Veiga sobre las robustas estrofas que el propio Pondal escribió hace años[146].

Tres días despois, o 8 de marzo, morre Pondal e o seu enterro constitúe unha manifestación cidadá de dó e sentimento pola morte do bardo bergantiñán, autor da letra do Himno. No cemiterio, despois dos discursos de Manuel Casás e Lugrís Freire, en galego, os sepultureiros continuaron no seu labor mentres caían as flores sobre a terra e un grupo das Irmandades «entonó, bien acordado y lleno de unción el viril "Himno a Galicia" que compuso el maestro Veiga sobre los magníficos versos de Pondal»[147]. Na realidade, estas poden ser palabras exactas porque foron só os membros das Irmandades («Os únecos que entoamos o himno gallego no cementeiro»[148]) os que cantaron o himno, seguramente porque aínda non era de coñecemento xeral a principios de 1917.

No día 10 de marzo xa hai unha homenaxe das Irmandades da Fala a Pondal na Academia Galega que conclúe co canto do Himno de todos os asistentes postos en pé[149], para, no día seguinte, día da tradicional ofrenda a Curros, aproveitar a data para tamén seguir homenaxeando o autor d'*Os Pinos*; asemade, anúnciase que se cantará perante as tumbas dos nosos ilustres devanceiros[150] e incluirá tamén a tumba de Chané[151]. E aproveitando a estadía de Fontela no país, os «Amigos da Fala» da Coruña ofrécenlle un xantar de recoñecemento e irmandade, onde, como era norma, se acabou cantando aquel himno («E pol-o derradeiro, postos en pé, todol-os xantadores entoaron o Hino galego») que, mercé á inicial actividade proselitista de Fontenla na Habana, se estaba a converter no verdadeiro e 'oficial' himno de Galiza[152].

E por estas mesmas datas, arredor da morte do Pondal, proliferaron os actos na súa honra, moitas veces aproveitados para reivindicar o himno como símbolo nacional galego. Sirvan de mostra os comentarios críticos d'*A Nosa Terra* sobre a intervención de Cambón, vicepresidente do Ateneo de Ourense, que interveu na homenaxe a Pondal, onde, despois de ler fragmentos d'*Os Pinos*, «veu dicire que conece pouco a obra de Pondal, e que é inxusta a nota de nacionalismo galego que se ll'aprica»; mais *A Nosa Terra* pregúntase:

¿Non é nazonalista un hino no que se fala de nazón e de patria, ¿No que se lembra â Lusitania coma irmá de raza e de língoa? ¿Non aconsella por outra parte, o bardo que dispoñamol-o peito para o «intrépido combate?» ¿Non lles di âs fillas de Breogán que insinen ôs seus fillos «fortísimos acentos?» ¿Non recomenda que non deamos a esquecemento da inxuria o rudo encono, pra que desperte e se ridima a NAZÓN GALEGA?[153].

Tamén neste mesmo ano de 1917 se interpreta o himno na homenaxe a Pascual Veiga, celebrada na cidade natal do músico:

Nós non podíamos faltar n'ise homenaxe porque Veiga foi o autor do hino rexional galego, hino que ficaba esquencido, e nós, os irmáns da fala fixemos o milagre de resucitalo, levámolo âs multitudes e cô noso exempro erguemos un verdadeiro moimento vivente, un moimento vibrante e patriótico, â sua lembranza[154].

Unha das liñas de actuación das Irmandades foi o constante recoñemento ao labor, á obra e, en fin, ao sacrificio dos nosos devanceiros, de modo que, sistematicamente, se fan honras anuais a diversos persoeiros da nosa cultura. Así, a tradicional homenaxe anual a Curros, iniciada polo Circo de Artesáns, a que se suman a Real Academia Galega e as Irmandades e despois os coros e outras institucións cívicas, vaise ampliando progresivamente. Nun primeiro momento, e tras a súa morte, xa se inclúen tamén os nomes de Pondal e Chané, interprétase sempre o símbolo nacional e, mesmo, é «cantado tamén pol-o pobo que escoitaba»[155].

Posteriormente, vanse sumando outros nomes a medida que as grandes figuras da cultura galega van desaparecendo ou se van recuperando para a memoria colectiva (Curros, Pondal, Chané, Murguía, Tettamancy, Vaamonde, Martínez Salazar, Marcial del Adalid...). E nestes actos xa se fai notar que o Himno é cantado por «unha gran parte do públrico», que entoa «solemnemente o Hino Galego, que foi escoitado con relixioso silencio»[156].

Como é de esperar, tamén era moi habitual conmemorar diversos eventos relacionados con Rosalía, tanto aniversarios[157] como homenaxes de diversa condición e alcance; existe constancia de que, xa nesta altura, o himno era tamén utilizado para cerrar os actos, e chegouse a criticar publicamente a súa ausencia, como aconteceu na homenaxe celebrada en Santiago no ano 1917, onde si se interpretou a Marcha Real española: «Debió haber tocado el himno gallego de Veiga, nuestro himno, que todas las músicas de la región tienen el deber de incorporar a sus programas y saber de memoria»[158].

A recuperación e a lembranza destas figuras sobranceiras da patria alcanza non só aos grandes vultos, mais tamén a outras figuras de menor relevo que non por iso son esquecidas na memoria colectiva dos galegos, como mostra, entre outros exemplos posíbeis, a inauguración do mausoleo a Leiras Pulpeiro en Mondoñedo, onde o «himno nazional» foi interpretado polo orfeón 'A Lira'[159].

Máis aínda: a presenza do Himno detéctase nas homenaxes que, organizadas desde diversas instancias, son ofrecidas a persoas relevantes no movemento galeguista ou na cultura galega, como Eladio Rodríguez González[160] ou o violinista e compositor Manuel Quiroga: «A saida do teatro, o gran violinista foi levado sobre os hombros de rapaces da "Irmandade", antr' a multitude que berraba e apraudía, mentras ouvíase cantar o himno nazonal galego»[161].

Nesta liña, as Irmandades aproveitaban todas as circuntancias para seguiren no labor de extensión e consolidación do noso himno, ás veces con repartimentos masivos da letra: inauguracións de exposicións de arte galega[162], exposicións de pintura («o sesteto Cánepa e o mestre Brage, tocaron aires da terra con moito amore. Tocaron tamén o noso himno nazonal que coreou a mocedade rexa da "Irmandá"»[163]), celebracións de diverso carácter, como por exemplo a «Festa da Árbore Froiteira»[164], ou conferencias de persoeiros, como aconteceu en 1922 con ocasión dunha conferencia de Castelao en Ferrol, en que o Himno foi interpretado polo coro 'Airiños da miña terra'[165]. E nas empresas tradicionalmente ligadas ao nacionalismo, como o Balneario de Mondariz[166], onde desde moi cedo aparecía o Himno nos actos sociais (no salón de festas do estabelecemento[167]), agora é interpretado sistematicamente polo menos dous días á semana como remate nos concertos semanais que se celebraban no parque do Balneario[168].

E como é lóxico, o Himno terá presenza obrigada nas diversas e variadas celebracións que se fan da festa do 25 de Xullo por parte de galegos emigrados en América e as súas sociedades, así como



no interior do país por entidades cívicas diversas ou, obviamente, por organizacións de carácter máis político[169].

Entre tanto, a organización e o labor coordinado e múltiplo das Irmandades vai avanzando social e politicamente, de modo que na Asemblea Nacionalista de Lugo en 1918, partindo dunha práctica social que comeza a ser xeral, acórdase que «en tódolos actos oficiaes nos que se cante o himno nazonal galego s' incruya ista estrofa, feita por Pondal com' as outras para a música de Veiga.

A nobre Lusitania
os brazos tende amigos [...]»[170].

Isto é unha mostra máis da constante preocupación polas relacións Galiza-Portugal que o galeguismo, en xeral, e as Irmandades, en particular, tiñan xa desde os primeiros momentos da súa fundación[171]. Non é casual que, entre os acordos políticos, na Asemblea Nacionalista de Lugo se inclúa a «Federación da Iberia», con «igoaldade de relaciós con Portugal», de modo que «Crendo n-a accidentalidade das formas de goberno, intrésanos acrarar que non apelamos por ningunha, mais simpatizaremos, dende logo, con aquela que se amostre mais doada pra chegare â federación con Portugal»[172].

Estes principios, con prolongación doutrinaria e programática en todo o corpo ideolóxico-político do nacionalismo, estaban presentes na poesía de Pondal (vid. QP 45 e 75; PI 33; PM 41 e 44; PA 17) e, moi concretamente, na estrofa d'*Os Pinos* que non formou finalmente parte do Himno galego e que as Irmandades tiñan sempre presente: «Xa o dixo Pondal n'unha estrofa do noso himno, que temos de cantar sempre: *A nobre Lusitania...*»[173]. Nesta liña debemos considerar que as Irmandades cantaban, polo menos esporadicamente, esta estrofa, tal como é recollido nas páxinas d'*A Nosa Terra:*

Cando o coro «Cántigas da Terra» esgotou o reportorio púxose a entonar o himno nazional galego. Tódal-as cabezas descubríronse como movidas por un resorte. E as estrofas do himno ouvíanse craramente:

¡...Non dés a esquencemento
da inxuria o rudo encono,
desperta do teu sono
nazón de Breogán.
¡A nobre Lusitania
os brazos tende amigos
aos eidos ben antigos
con un punxente afán;
e cumpre as vaguedades
dos teus soantes pinos,
d'uns máxicos destinos
nazón de Breogán...![174].

Toda a estrutura organizativa dos 'irmandiños' ou 'irmáns' e a súa constante acción propagandística arredor da instauración do texto pondaliano e da música de Veiga como himno nacional tiveron os seus froitos, que poden ser comprobados a través das publicacións periódicas cando informan sobre a cuestión, a pesar de que se constata o silenciamento da prensa allea ou inimiga do movemento de redención galega: «Todo isto, tan públrico, tan notorio, foi silenciado por tod' a prensa da Cruña. Por toda... sin esceipciós. Nada mais elocuente e vergoñoso»[175]. En 1924, en plena ditadura de Primo de Rivera, xa se rexistra a seguinte pregunta retórica: «¿Non se canta hoxe en toda Galicia o noso Himno?»[176].

Efectivamente, percíbese que o Himno é interpretado non só polos coros galegos mais por todo tipo de agrupacións musicais («Un apraudido quinteto de señoritas francesas que ven autuando con moito ésito no *Café Méndez Núñez* e que dirixe o intelixente mestre Brage, tocóu *Negra Sombra,* de Montes e o hino nazonal galego»[177]), bandas de música[178] e, de grande importancia para a difusión xeral, por orquestras populares, ás veces por petición expresa das Irmandades: «as orquestas que tocan nos cafés da Cruña executaron programas de música galega, a petición da Irmandade, e ao

final dos concertos o Himno a Galicia»[179]. Deste modo, as festas populares comezan a galeguizarse e a integrar o Himno como un elemento importante tamén ligado ao lecer dos cidadáns:

> Notamos tamén como estas festas vanse enxebrizando cada vez mais. Agora fanse os programas en galego, o públrico acude con entusiasmo e interés e o noso Hino Nacional escóitase sempre de pé e con verdadeira relixiosidade. Todo esto non pasaba fai tres anos e por iso nós querémol-o rexistrar pol-o que representa[180].

O resultado, en consecuencia, é a extensión do Himno a amplas capas da poboación, que o asume tanto na súa interpretación como no cerimonial e solemnidade que implica: «e como nota curiosa réstanos dicir que cando nos cafés se tocaba o hino a Galicia, as xentes descubríronse sempre, póndose en pé e coreandoo»[181]. Perante esta situación, devagariño, tamén algunhas institucións administrativas van asumindo o Himno como símbolo de Galiza: «O Auntamento da Cruña tivo o patreóteco acordo de trocar a marcha real [isto é, o himno español] pol-o *Himno Nazonal Galego* na inaugurazón do novo Pazo Municipal»[182]. E en 1923 xa se afirma con rotundidade o seguinte: «O hino galego popular, o que se canta de cote en todas partes, é o hino do gran bardo Pondal»[183].

Porén, en 1923 prodúcese o golpe de estado e comeza a ditadura de Primo de Rivera, que finaliza con Berenguer en 1931. A Presidencia do Directorio Militar publica un Decreto en que se establece no artigo 1º o seguinte: «Serán juzgados por Tribunales militares, a partir de la fecha de este decreto, los delitos contra la seguridad y unidad de la Patria y cuanto tienda a disgregarla, restarle fortaleza y rebajar su concepto, ya sea por medio de la palabra o por escrito, o por la imprenta o cualquier medio mecánico o gráfico de publicidad y difusión, o por cualquiera clase de actos o manifestaciones». E no artigo 2º vén a condena: «La difusión de ideas separatistas por medio de la enseñanza, o la predicación de doctrinas, unas y otras de las expresadas en el artículo 1º, prisión correccional de uno a dos años»[184]. A derrogación do ditatorial decreto, «ya que es manifiesta la cordialidad con que se desenvuelven los sentimientos regionales dentro del ideal de la unidad de la Patria», demorouse máis de sete anos, producíndose o 13 de xuño de 1930[185].

Esta nova situación política, especialmente entre 1923 e 1925, durante o estado de excepción, ten o seu efecto no nacionalismo galego e nas Irmandades, coa conseguinte diminución de actos de exaltación patriótica (galega). Non é que o Himno desaparecese totalmente, mais ficou moi rebaixada a súa presenza pública, o mesmo que todas as actividades relacionadas coa lingua e cultura, así como a organización cívico-política da cidadanía galega. Boa mostra é o comportamento dalgúns coros, como por exemplo 'Cántigas da Terra': «Como o coro ['Cántigas da Terra'] non cantou o Hino, como o facía sempre nos seus festivás, unha gran parte do púbrico pediullo, sen conquerir ver satisfeitos os seus desexos»[186].

A represión dos símbolos, pois, vaise notando no longo período ditatorial, como mostra que en «O homenaxe a os mortos ilustres» (nun número moi censurado d'*A Nosa Terra*) se comente que as Irmandades da Fala levaron flores «e o pau da sua bandeira, sin ésta, con un grande crespón de loito». O ambiente de represión política condiciona a cidadanía e interiorízase a falta de liberdade:

> Houbo unha nota cómica e redícula que deu o coro «Cántigas da Terra». Ao se enterar pol-a prensa local de que iba ser a Irmandade que organizaba o acto, anti[ci]pouse a celebralo pol-a sua conta, cando os outros anos o fixera xuntamente co'as demais entidades, indo ao cimiterio o domingo anterior e anunciando que non levarían o estandarte nen habería cantos. «¡Eso chámase ser prudente e comedidos!»[187].

Así mesmo, a situación na ditadura non permite, ou restrinxe, a habitual celebración do 25 de Xullo. Así se explican os eufemismos explícitos d'*A Nosa Terra* («Aló na intimidade dos nosos espritos é onde festexamos o único e verdadeiro "Día de Galicia"»), así como o recoñecemento da imposibilidade de actuación («Téñase en conta que os tempos non axudan moito para facer alardes sobre todo n'unha revista do caráiter da nosa. Emporiso; chegamos a onde poidemos»[188]); tan importante celebración pasará sen manifestacións públicas de identidade: «A outa siñificación da data transcurrirá sin manifestación púbrica, sin a facultade de expoñerse leda e espida ante os ollos dos galegos»[189].



Isto non quere dicir que o Himno non fose interpretado en ningunha ocasión: documéntanse, a pesar de todo, numerosas actuacións dos coros en que os versos de Pondal seguen a resoar desde os escenarios[190]. Mesmo se producen situacións paradoxais: os músicos do cruceiro alemán «Braunschweig» interpretan o Himno galego nos coruñeses xardíns de Méndez Núñez como mostra de galantería co público galego:

> A «Irmandade» da Cruña querendo corresponder ao nobre feito dos alemás entregoulles un milleiro de artísticas tarxetas co'a letra do hino e no medio a cruz de Sant-Yago. No pé levaban a seguinte adicatoria:
>
> «A Irmandade da fala da Cruña, agradecida pol-o homenaxe que os mariños alemás do "Braunschweig" rendiron a Galicia executando o noso **Santo Hino,** adícalles esta edición do mesmo»[191].

Mais seguramente feitos como este non deixaban de ser anécdotas nun tempo en que o nacionalismo estaba sometido ao férreo control da ditadura que obrigaba a «esquecer» os símbolos: algúns intelectuais alemáns homenaxeados no Teatro Rosalía, despois de a banda de música interpretar o himno xermano, «pediron que se tocase o himno galego. Pero non poideron ser compracidos. Seique ninguén o sabía...»[192].

Non é casual que precisamente na ditadura de Primo de Rivera aparecese unha campaña de desprestixio do Himno Galego en dous medios xornalísticos de carácter antinacionalista, despois dun período de expansión e consolidación do símbolo hímnico. Nesta campaña é elemento importante a revista *Vida Gallega,* en cuxas páxinas aparecían desde ben cedo condenas antinacionalistas centradas especialmente nas Irmandades da Fala:

> Hay un *nazonalismo* gallego desde que la musa sombría y quejumbrosa de Pondal, habló, *por* una *casualidad* puramente céltica, «d'a nazón de Breogán»; nacionalidad brumosa, inquieta, desdibujada, *becqueriana* (admírese la corrupción de la mágica palabra). Nacionalismo *d'a Irmandá d'a Fala*[193].

O comportamento da revista ten continuidade ao longo das súas páxinas e dos anos, por veces incluíndo o Himno na condena xeral dos símbolos nacionais galegos:

> Pues vea usté que esos pobres ilusos, esos míopes de vista y de intelecto, pasan la vida cantando (en malísimo gallego) al zoco, a *la zoca,* y a la *chuvia;* cantando el horrendo *Hino a Galiza,* de Pondal; profiriendo expresiones hueras, y *arrenegando* a todas horas de Hespanha y de Castela; como si con todas esas babiecadas lograsen poner a Galicia a la cabeza de todas las regiones españolas[194].

En 1925, Portela Pérez inicia a campaña en xaneiro nas páxinas de *Faro de Vigo,* con intervención posterior de Rodríguez Elías, Galo Salinas, Varela Silvari ou Jaime Solá, entre outros[195]. Esta «polémica» tivo o seu correlato nas páxinas da antinacionalista *Vida Gallega*, cun carácter aínda máis marcadamente contrario ao Himno de Pondal e Veiga[196]. En ambos os medios xornalísticos hai convites expresos á participación na polémica nun intento de desprestixiar un himno xa consolidado que, pola súa vez, será tamén criticado noutros medios desde posicións tamén radicalmente antinacionalistas, como a de Mouriño Estévez[197].

De todos os modos, a campaña, que tivo tamén resposta noutros xornais[198], foi inútil e a solidez do Himno non ficou abalada por tantas plumas e tantos intereses persoais que ocultaban o desexo de difundir os himnos propios nunha bastarda pretensión de usurpar o lugar do poeta bergantiñán e do músico mindoniense. Con razón se preguntaba en 1931 o musicólogo Indalecio Varela Lenzano: «¿Fué oportuna y patriótica la cruzada emprendida unos tres lustros después, arremetiendo despiadadamente contra la música del Himno?»[199]. E *A Nosa Terra* non ficou calada perante semellante campaña de desprestixio:

> Parecenos todo eso ganas de perdel-o tempo ou de lles inflar o fol aos que pretenden de cote desprestixiar canto con Galicia ou o que lle é mais querido se relaciona.
>
> O Himno Galego que se adoutou, que se consagrou repetidas veces cô respeto do pobo enteiro que o escoita en pe e descuberto sempre que se canta ou que algunha música o executa, non pode ser mudado. Os que pretenden rebaixalo ou desprestixialo, serán tachados de malos galegos[200].

Algús envexosos que se sinten magoados no seu amor propio porque son autores de *fermosísimos e valentísimos* himnos que ninguén quixo reconocer e adoutar como himno galego por... ¡pol-o que fora! agora andan tratando de zoupar con todal-as suas cativas forzas no Himno que compuxeron os dous groriosos e inmortaes, Pondal e Veiga, e que o pobo enteiro (a esceición de algún que outro coro rexional) canta con amor e fé; que a xente toda venera e escoita en pé e descuberta.

¡Pero señor! ¿Non comprenderán eses *aspirantes a inmortalidade* que de nada sirven os seus artigos periodísticos ante á vountade do pobo?

Din eles que o Himno que se canta e venera non é tal himno, que o seu é *moito mellor*.

Non o duvidamos, abonda que eles o digan; pero... Pondal e Veiga acertaron co gusto e mail-o sentimento do pobo. Xa está consagrado o seu Himno...[201].

No entanto, por razóns diversas, as Irmandades da Fala entran progresivamente nunha crise, seguramente acelerada pola ditadura e polas contradicións crecentes entre as diversas tendencias que convivían no seu seo. En 1928, Losada Diéguez retrotrae a crise da organización e da súa acción social a bastantes anos antes:

Dende 1921 a acción galeguista péchase en sí mesma, mantense da sua propia carne, e a intensidade dos seus traballos perde en forza vital e mais en fecondidade cidadán [...]. Os tempos das Irmandades da Fala, Irmandades rexionalistas, e Coros galegos, tempos variles, heróicos pasaron. As Irmandades devalaron nos bizantinismos e xenreiras tan nosos [...]. Os Coros convertíronse en festeiros de todol-os *Segismundos*, *vermouts* de todo xantar político de calquer política [...]. Pro de par de esta galeguización crecente da cultura [refírese a iniciativas como o Seminario de Estudos Galegos] está a desgaleguización metódica da vida galega, que dende 1921 non se detén un istante[202].

Mais co paso dos anos, após 1925, a ditadura instaurada por Primo de Rivera rebaixa o seu nivel de represión e percíbese un incremento nas reclamacións do movemento nacionalista, que solicita publicamente a desaparición da censura e se dispón novamente á acción pública no período final da ditadura (1930-1931):

E nós, os galeguistas militantes, pensemos xa inmediatamente en saír â vida púbrica. A chamar nas portas da concencia galega. Tan axiña como se permita irmos a nos reunir na nosa sexta asambreia, a extractar do noso programa básico un programa mínimo accidental e a propagal-o por todol-os ámbitos da nosa Galicia chamando aos galegos â loita pol-o conquerimento para a Terra das arelas, feitas realidades, que inspiran a nosa autuación patriótica[203].

As reclamacións expresadas a través d'*A Nosa Terra* dan conta dese relaxamento da situación represiva, que ten unha mostra significativa na reaparición pública e notoria do Himno en diversas actividades: no 25 de Xullo do ano 1930, día en que algunhas entidades cívicas van pór a bandeira galega, pídese que as librarías mostren libros galegos e que os grupos musicais interpreten música galega[204]; efectivamente, a bandeira é izada en numerosos lugares, entre eles o Circo de Artesáns coruñés, nunha velada en que «ao remate unha orquesta executou o hino que foi escoitado con relixiosidade pol-o numeroso púbrico que apraudeu con calor e deu vivas a Galicia»; o mesmo aconteceu noutras moitas vilas e cidades de Galiza, onde «o noso hino fixo vibrar de emoción e patriotismo, pois tocouse en todas partes»[205], tal como se viña facendo tradicionalmente, incluídas as homenaxes a persoeiros nacionalistas[206].

A situación sociopolítica está a mudar e o movemento galeguista reagrúpase a partir de 1930 e retoma as asembleas anuais suspendidas durante anos: «O Domingo 27 de Abril celebrouse na Cruña a VI asambreia nazonalista. Con ésta reanudan as Irmandades as súas asambreias anuás que ficaron suspendidas durante os anos dictatoriás»[207].

A ditadura acaba en 1931 coa proclamación da II República e a recuperación das liberdades democráticas: na Coruña e en Santiago mesturáronse «A Marsellesa» co Himno Galego, igual que conviviu a bandeira republicana coa galega[208].

Na Asemblea celebrada en Pontevedra durante os días 5 e 6 de decembro de 1931 constitúese o Partido Galeguista, a organización política do nacionalismo anterior á guerra de 1936. Nos principios políticos desta organización, o himno pondaliano é declarado «himno nacional»:



O noso himno nacional é o himno galego, escrito pol-o gran poeta Eduardo Pondal e con música do compositor Pascual Veiga. Iste himno foi titulado pol-o seu autor OS PINOS, porque n-il os piñeiros representan os nosos antepasados que chaman por nós pra que defendamos a nosa Patria, a Patria galega[209].

Consecuentemente, nos mitins, conferencias e asembleas e mais en todos os actos do Partido Galeguista cántase sempre o himno[210], o mesmo que nos encontros de Galeuzca, onde son interpretados os himnos das tres nacións periféricas do Estado español. A través da sección «Actividades do Partido» d'*A Nosa Terra* (agora subtitulada *Boletín do Partido Galeguista*) pódese comprobar que a interpretación é sempre feita, como estaba xa institucionalizado desde había moitos anos, «en pé e solenemente»[211], ocupando un lugar central na celebración do Día da Patria Galega entre 1931 e 1935, con manifestacións políticas multitudinarias. E como é lóxico, o Himno volve a aqueloutras conmemoracións ou actos en que tradicionalmente se facía presente, como por exemplo no enterro de Antón Vilar Ponte[212]. Neste sentido, o centenario do nacemento de Eduardo Pondal en 1935 dá lugar á reivindicación da súa figura, sempre asociada ao Himno: «Eduardo Pondal autor da letra do noso himno e bardo galego en cuia obra está representada como en ningún outro poeta noso a conceición nacional e patriótica galega»[213]. Ou en palabras de Alexandre Bóveda: «Ningunha figura máis simbólica que a de Pondal para motivalo [a fe nos destinos da Patria], porque ningún dos nosos poetas soupo presentir como il o movimento nacional galego nin cantalo [...] coa firmeza do Himno de Pondal»[214].

Cando as actividades eran feitas con outras organizacións republicanas ou na celebración do día da República, por exemplo en 1935, interprétase o Himno de Riego xuntamente co Himno Galego: «Na inauguración da Casa da Repúbrica [en Santiago] pendurouse primeiro a bandeira galega tocándose o noso hino e a continuación a bandeira tricolor aos acordes do Hino de Riego»[215]. Mesmo nalgunha ocasión o himno é acompañado doutras cancións patrióticas galegas[216], como na IV Asemblea do Partido, en que se canta tamén o himno de Brañas[217], que se convertera no himno oficial das Mocedades Galeguistas[218], organización nacionalista xuvenil (fundada en 1932), que seguía a mesma política co Himno, como se pode comprobar nas páxinas de *Gueiero. Outavoz Patriótico da F.M.G.* ao longo de 1935 e 1936[219].

En definitiva, o nacionalismo galego deseña, organiza e promove todo tipo de símbolos, institucións, organizacións, actividades... necesarias para a consolidación do movemento galeguista e a conquista da hexemonía política e social: «unha esperanza: a de que, así como temos xa un Himno, unha Bandeira, uns Cantos [...], teremos tamén axiña o noso Baile Nacional»[220].

E, como é lóxico, comezan a mobilizarse outros sectores sociais de inspiración nacionalista. Na Igrexa xorden voces que reclaman a substitución da marcha real española polo Himno galego:

Pero hoxe só quero falar do himno galego. Este himno popular entre nós, este himnos [sic] que conecen todol-os emigrados e que lles fai bulir o corazón no peito sempre que o escoitan; este himno solene, cheio de senso relixioso enxebre, no que latexan as nosas arelas de libertade, que xa ten o «placet» de Galicia enteira, ¿non merece ser o himno que sostituia á Marcha real nas próximas festas eucarísticas da nosa Terra?[221].

E nos sectores pedagóxicos tamén se detecta un movemento semellante. Sen dúbida, a acción destes mestres comeza a percibirse en resultados concretos, como mostra que «Os nenos que se educan nas nosas escolas públicas, do Páramo, cantan decote o Hinno [sic] Galego e outras canzóns galegas, dirixidos con verdadeiro fervor pol-os seus mestres»[222]. Á parte das iniciativas dos mestres galeguistas, tamén existiu un traballo de concienciación xuvenil a través dos grupos Ultreia, fundados en 1932 (e desaparecidos en 1934) por Álvaro de las Casas, que publicaron *Os nosos cantos* (co Himno como composición inicial), dirixidos precisamente ao público máis novo[223].

Deste xeito, na campaña do Estatuto de 1936 o Himno é omnipresente e mesmo se reclama a súa audición xeral e masiva no día do referendo:

As emisoras de Galicia deberán estar emitindo constantemente o Himno Galego, e os mestres que contén [sic] con meios de facelo, instalar nos colexios aparatos que o reproduzan. Onde non poida haber

radio sempre poderá precurarse un gramófono e un disco do Himno encarregando a un rapás que o teña funcionando, podendo dárselle a variación con varios discos que o teñan por banda, por orfeón ou por coro. D-iste xeito non soio darán os mestres unha proba de patriotismo senón que llo inculcarán aos novos ciudadáns d-unha Galicia nova que escomenza[224].

Paralelamente, comezaban a explicitarse novas protestas públicas contra persoas ou institucións que desprezaban o símbolo. En Pontevedra, sofren a reacción irada do público diversas persoas que non se ergueron durante a interpretación do Himno:

> Na ruidosa protesta interviñeron xentes de todos matices. Xa non lles quedará dúbida aos emilianistas e comparsas de que o respeto ao noso Himno e aos nosos símbolos non son soio cousa dos galeguistas. Ningún galego consinte xa que señan despreciados, seña quen queira, outo ou baixo, o que se permita o desprecio[225].

E nos medios xornalísticos tamén ecoan protestas diversas, como a da supresión do Himno Galego ao remate das emisións diarias da emisora radiofónica da Coruña, recollidas n'*A Nosa Terra*[226] e mais en *El Pueblo Gallego,* xornal en que apareceu un artigo de Antón Vilar Ponte denunciando a agresión e reivindicando a figura de Casás como irradiador do Himno a toda Galiza[227]. De Ramón Vilar Ponte é outro escrito contra o alcalde de Viveiro, que prohibiu a interpretación do noso himno despois da do español na celebración do terceiro aniversario da República[228].

En definitiva, a política simbólica do nacionalismo en relación ao Himno era «Que non haxa un galego que non seipa o hino do noso país», como proclamaba unha das consignas do «bo galego», significativamente publicadas e difundidas nun boletín de estudos políticos como *Alento*[229].

* * *

Mentres tanto, nas comunidades galegas de América[230], despois da declaración de oficialidade para o poderoso Centro Galego da Habana, o Himno é interpretado en numerosas ocasións non só na illa cubana mais tamén nas importantes comunidades do Río da Prata, de Brasil e mesmo doutros países. Alén da constante e contrastada presenza do Himno na Habana a partir da súa oficialización en xaneiro de 1908[231], unha das primeiras interpretacións de que temos constancia foi a realizada no «Centro Galaico» de Pará (Brasil), na festa do día 25 de Xullo de 1910, noticia recollida por *Vida Gallega*[232]. E neste mesmo centro debeu continuar a interpretación da partitura de Veiga, especialmente nestas mesmas celebracións anuais: «el orfeón de la sociedad ensayaba *La Alborada* de Veiga, y el himno regional del mismo maestro, ese mismo himno –con letra de Pondal– que casi como una novedad estuvo aplaudiendo días pasados el pueblo de la Coruña»[233].

Loxicamente, o himno estará presente na Velada en honra de Eduardo Pondal celebrada no Teatro Nacional da Habana o 17 de decembro de 1919: «como broche aúreo [sic] con que quedó cerrada, se expuso el retrato del poeta con un excelente medallón de grandes dimensiones a los sones del Himno Gallego "Os Pinos" letra de dicho poeta, ejecutado por la Banda Municipal y escuchado de pie por todos los asistentes con gran reverencia y respeto»[234]. E da mesma maneira, o Himno continúa presente noutras homenaxes feitas en América a importantes figuras da cultura galega, como, por exemplo, Chané e Xesús Rodríguez López, que son honrados en Bos Aires pola Asociación Coral Galega[235].

O interese das comunidades galegas por disporen dun símbolo unánime era alto, como mostra a noticia da constitución en Bos Aires dun comité para a difusión do Himno galego[236]:

> Un fato de rapaces mozos, con entusiasmo i emoción nova, fundaron un «Comité pro espallamento do Himno Gallego», e propoñense facer unha propaganda que os leve a conquerir o[s] mais nobres resultados. O «Centro Gallego» pol-a sua conta, tamen decrara que fará álgo, pra que as estrofas variles de Pondal e a armoniosa música de P. Veiga, sexan coñecidas entre as nosas xentes.
>
> Todo elo conta co-as nosas simpatías, xa que e cousa que a Pondal escomenzou, dándolle a expansión que os seus medios llo permitiron.
>
> O himno é a bandeira galega, levada ésta decote no pirmeiro termo, son os que e mester dar a coñecer entre os galegos emigrados[237].



A existencia dunha publicación nacionalista como a bonaerense *A Fouce* (especialmente nos anos 1930-1935) permítenos dispor de noticias polo miúdo arredor da difusión e consolidación definitiva do texto pondaliano como Himno Galego na emigración durante os anos anteriores á Guerra Civil. Como xornal nacionalista na emigración recolle as noticias e efemérides das comunidades galegas transterradas, facendo referencias de cando en vez á interpretación do Himno en actos políticos ou culturais: a súa posición principal era constante nas actividades e homenaxes a Eduardo Pondal feitas pola Sociedade Nazonalista Pondal[238], nas actuacións do coro 'Os rumorosos', na constante difusión do texto do himno a través de panfletos ou follas voantes («Choiva de papeles impresos con léndas galeguistas, poesías e letra do Himno Galego»)[239].

Ao mesmo tempo, a antecitada revista, como voceiro da corrente arredista de Bos Aires, prodiga as críticas a todo tipo de rebaixamento do carácter de *nacional* referido a Galiza ou ao seu himno[240], louva as iniciativas a prol da difusión do texto[241] e recolle as noticias galegas sobre as faltas de respecto ao símbolo:

> Facemoslle saber a «El Pueblo Gallego» que aquí en Bos Aires, cando se canta ou se toca o himno nazonal, os que non son arxentinos non ten mais remedio que descubrirse si non queren que algún os descubra cun estacazo, que ven a ser a razón mais eficáz pra os desleigados e irrespetuosos[242].

Ao final, semella que a actividade proselitista debe ter éxito, a teor das afirmación d'*A Fouce* sobre a asunción progresiva do símbolo hímnico no exterior: «A proba mais outa témola co himno que nadie quería cantar, e oxe felismentes os que mais reaccionarios eran son agora valentes e entusiastas propagandistas»[243].


Los gallegos en el Brasil. — El Centro Galaico de Pará

O Himno Galego en Pará, Brasil, nunha información de *Vida Gallega*




Himno Galego da Imprenta Nós




Os Pinos, 1936





## O HIMNO NO EXILIO (INTERIOR E EXTERIOR)

*Son misteriosas lembranzas*
*Do desterrado afrigido*
*Que s' acorda da súa terra*
*En terra allea cautivo*.
(E. Pondal, QP 14.67-70)

O 18 de xullo de 1936, en plena expansión do movemento galeguista e nacionalista en Galiza, comeza a guerra e instáurase a ditadura no Estado español. Todo o labor de décadas anteriores fica destruído, desartellado o movemento e mortas ou exiliadas as máximas figuras da intelectualidade e da política galegas.

Obviamente, o Himno galego fica radicalmente eliminado da manifestación pública dos cidadáns e das institucións, tamén desaparecidas e substituídas ou transformadas polas nacidas do fascismo. A cultura, a política... e o Himno exiliáronse nas conciencias dos galegos do interior ou nas terras americanas, para onde foron maioritariamente os galegos desterrados.

É certo que, en América, fundamentalmente en Bos Aires mais tamén en Montevideo, A Habana ou México, inicialmente a vida prosegue..., mesmo durante a Guerra Civil:

> Con el fervor y respeto que puede apreciar el lector en la ilustración gráfica que acompaña a esta información [na páxina anterior], ha sido escuchado el Himno Gallego «Os Pinos», del gran bardo Eduardo Pondal, musicalizado por Pascual Veiga. En pié y avanzando, siempre dispuestos para la conquista del ideal de una era mejor y de una patria grande y digna, es la postura y el ademán y el proceder adecuados para que le adopten cuantos sientan bullir alguna idea en la cabeza y algún noble sentimiento en el corazón![244].

O boletín *A Nosa Terra,* que ten continuidade na emigración bonaerense, editado pola Irmandade Galega, é a principal fonte de información para o seguimento do nacionalismo galego no exilio e para a presenza do Himno no exterior. Dentro do posíbel, é aquí onde a vida política e cultural se desenvolve cunha certa normalidade e o Himno terá presenza en todos aqueles actos importantes relacionados con Galiza, habitualmente con participación dos exiliados galegos da guerra.

Os diversos centros galegos de Bos Aires son a principal infraestrutura material e organizativa para a celebración de todo tipo de actos que habitualmente levan consigo a interpretación do Himno. Por un lado, as actividades culturais de importancia para a cultura galega (exposicións[245], conferencias[246] etc.), así como todo tipo de actuacións musicais dos coros dos centros galegos, que sempre privilexian –agora en primeiro lugar e frecuentemente acompañado do himno arxentino– a interpretación do noso Himno[247]. Así mesmo, a colectividade galega de Bos Aires conta con programas radiofónicos en días significativos que comezaban co Himno, mesmo «co prego ós ouvintes de pórense en pé pra escoitar o hino galego»[248]. A maioría destas emisións facíanse precisamente o 25 de Xullo, que era solemnemente celebrado e simbolizado a través do canto unánime do Himno[249], que presidía inevitabelmente todo tipo de reunión, mitin ou simple xuntanza patriótica das organizacións galeguistas e/ou nacionalistas[250].

Unha conmemoración anual moi frecuente era tamén a da data do plebiscito do Estatuto de autonomía de Galiza de 1936, que provoca ampla literatura xornalística n'*A Nosa Terra*, voceiro da Irmandade Galega bonaerense[251]. E como se viña facendo na Galiza de preguerra, tamén en Bos Aires se estimulaba a memoria colectiva da galeguidade a través da celebración de homenaxes a persoeiros dun período non afastado (Xoán Montes[252] ou Valentín Lamas Carvajal[253]), mais tamén de heroes ou mitos históricos galegos (Mártires de Carral[254] ou Pardo de Cela[255]).

Estas homenaxes ampliáronse a figuras simbólicas que foran vítimas da represión fascista, particularmente Alexandre Bóveda[256]. A carón deste mártir da barbarie franquista, tamén a emigración galega homenaxea figuras representativas do nacionalismo galego que desenvolvían a súa actividade política en Bos Aires, como Antón Alonso Ríos, Manuel Puente...[257] e, nomeadamente, Castelao, que, polo seu carisma e transcendencia, recibe homenaxes nos anos do exilio, sempre presididas polo Himno Galego:

> De pronto, como obedecendo a un impulso que saíra do máis fondo das entranas, escoitouse unha voz que estremeceu os corazóns. O Hino Galego, como un canto sacro que subir aos beizos da moitedume, deixouse ouvir no meio dun relixioso silenzo, que facía encher os ollos de bágoas. Foi un momento verdadeiramente impresionante, que Castelao non esquencerá sen dúvida; é en calquera parte onde se atope, e pase o tempo que pase, sempre haberáse de lembrar cos ollos nubados do intre que tanta emoción lle causou a él e a todol-os que tivemos a dita de atoparnos presente[258].

Após a súa morte no día 7 de xaneiro de 1950, as homenaxes fanse moi frecuentes, como corresponde a tan alto representante da nación galega no século XX [259].

En todas estas actividades, celebracións ou vindicacións, o Himno ocupa o lugar sobranceiro e simbólico dunha patria lonxincua e oprimida. E algo semellante ao que acontecía en Bos Aires[260] tamén ocorría noutros destinos da emigración galega, especialmente Montevideo e México, cidade onde se publica o *Cancioneiro da Loita Galega*[261] e onde, por exemplo no banquete do 25 de Xullo de 1946, se indica que «sobor de cada plato, había unha cartulina coa letra e música do Hino Galego»[262].

Mais, con certeza, non toda a colectividade é unánime no sentimento político e na reivindicación nacional de Galiza, podéndose percibir a progresiva presión das autoridades españolas para coutar determinado tipo de expresións político-culturais. Talvez é unha mostra disto a eliminación do adxectivo *nacional* que se tentou consagrar no sintagma *Himno Nacional Galego*, especialmente en actos do Centro Galego de Bos Aires, o que provoca iradas protestas: «Se consideramos que Galiza constitui un *Povo diferenzado*, unha *Nación* e, por cuios ideais de liberdade nacional loitamos, xusto é enxerguer, que o seu Hino –mesmo a sua bandeira– é *nacional* en función de sere Galiza unha Nación»[263]. Co paso dos anos, a diplomacia do réxime actúa cada vez con maior forza e as presións transparecen decote na prensa:

> Un galego desleigado, refugado por todos, que ven actuando de escriba dun pasquín apañado pola embaixada; que se edita escrusivamente coa pavera teima de «franquizar» ó Centro Galego (non ten outro destinatario); fixo a «denuncia» da *ilegalidade xurídica* do Hino Galego pra sere executado no magno recinto do gran coliseu municipal... *denuncia* que o señor embaixador derivou por via diplomática cun gracioso pase de muleta... perante as autoridades arxentinas, co resultado que todos conocemos.
>
> Será bon deixar sentado que os galegos de Bos Aires de fai moitísimos anos, nos seus actos patrióticos veñen oustentando con lexítimo orgulo os símbolos nacionáis de Galiza: Bandeira, Hino... amén do idioma. A marcha Real e a roxa e marela bandeira, óllanse coma os afrentosos símbolos do noso coloniaxe como país e como povo, coas dramáticas secuelas de atraso, miseria i emigración...[264].

* * *

E no interior? A cultura galega desaparecida desde 1936 até a década dos 50, cando comeza a actividade de Galaxia, Benito Soto, Xistral etc. e se inicia unha tímida recuperación cultural, as organizacións políticas prohibidas e perseguidas, a lingua ausente das actividades públicas... e o Himno, como símbolo nacional, desterrado da vida cotiá e institucional de Galiza.

Con todo, na procura de esporádicas aparicións do símbolo hímnico, pódense achar algunhas manifestacións fugaces (só das dúas primeiras estrofas!)[265], para alén das versións folclorizadas que, como expresión do «regionalismo sano y bien entendido», por veces se deixan ouvir nuns cros controlados politicamente[266]. Semella que o Himno apareceu brevemente nalgunhas celebracións 'culturais' no ano 1952, a pesar de que Otero Pedraio tivo que renunciar ao galego na súa intervención:

> A aituación dos coros d' Ourense e A Cruña cantando en locais pechados e na rúa, deu unha leda nota de corido enxebre que o público premiou con aplausos e vivas, sendo de destacar un da cibdade herculina que cantou no Casino da vila o Himno Nazonal Galego, que foi escoitado en pé con relixoso silencio, pol-a numerosa concurrencia, que ó final aplaudiu con entusiasmo desbordante[267].

Outras alusións á interpretación do Himno remiten a actos de estudantes composteláns en 1957, perante a prohibición de utilizar o galego nos discursos das Festas Minervais («En el pecho de los estudiantes al salir de los claustros resonó más vibrante y sonoro que nunca el Himno Gallego»[268]), ou ás festas de María Pita, na Coruña, onde parece que abriu «o aito central dos festexos»[269]. Mesmo semella que o Himno foi interpretado en 1955 perante o ditador nunha recepción do concello coruñés a Franco, que pasaba uns días de lecer no Pazo de Meirás[270]. Así mesmo, o Himno foi o acto final na estrea do *Incerto Señor Don Hamlet, Príncipe de Dinamarca*, en xuño de 1959, no Teatro Colón da Coruña, como narra un dos seus protagonistas:



> Toda a Galícia viva estivo presente naquel dia. De Vigo viñeran Paz Andrade, Fernández del Riego, Isla Couto, os Álvarez Blázquez, Celso Emilio... De Compostela, García Sabell, Manuel Beiras e os seus fillos, Ramón Piñeiro, Sixto Seco... De Lugo, Manuel Maria, Novoneyra... De Ferrol, Carballo Calero e Tomás Barros. O que era a galeguidade, que moita se perdeu. Ao final, despois de baixar o pano e de aplaudir a Álvaro Cunqueiro e a Antonio Naveira nun abrazo total, erguemo-nos todos e cantamos por primeira vez en público despois de moitos anos o Hino Galego con ar de marcha triunfal[271].

Mais todo isto non deixaba de constituír anécdotas dun tempo en que se o Himno existía era na conciencia e na memoria das persoas ou na intimidade das casas: «a casa de García Sabell, a final da merenda, co disco do Hino Galego posto a toda pastilla no picú e todos de pé ouvíndoo en versión bonaerense de coro e orquestra (rumor inesquencíbel de timbais...)»[272].

Por outra parte, aínda que coa lingua galega totalmente ausente da liturxia, é precisamente na misa anual de Rosalía en San Domingos de Bonaval onde o Himno volvía soar como acto de afirmación galeguista: «Era un acto de afirmación patriótica [...] o feito de canta-lo himno galego no adro, eran dos poucos actos públicos de carácter galego ós que nos era dado asistir»[273].

Mais a ditadura franquista comeza a mostrar síntomas de descomposición e os acontementos aceléranse a partir da década dos 60: creación de partidos políticos galegos na clandestinidade (PSG e UPG.) e, despois, organizacións sindicais (SOG, UTEG, etc.), formación de asociacións culturais (*O Galo*, Santiago; *O Facho*, A Coruña; *Asociación Cultural*, Vigo; *Agrupación Cultural Auriense*[274], Ourense etc.), mobilizacións estudantís, realización de recitais musicais e/ou poéticos contestatarios... En todos estes actos, a maioría deles prohibidos ou realizados nunha semiclandestinidade, o Himno reaparece como acto de afirmación galega e patriótica, servindo moitas veces tamén como bandeira na loita antifranquista[275].

## A INSTITUCIONALIZACIÓN DO HIMNO

*Ouzo un himno de gloria inmortal*
(E. Pondal, PM 12.12)

No final da ditadura, após a morte de Franco e a chamada 'transición', recupéranse as liberdades democráticas formais, promúlgase a Constitución española (1978) e instáurase a Comunidade Autónoma Galega coa aprobación do Estatuto de autonomía (1981) e a conseguinte articulación das novas institucións galegas. E en 1984 o Parlamento galego aproba unanimente a Lei de símbolos, do 5 de maio de 1984[276], que estabelece a definitiva oficialidade do Himno Galego de Eduardo Pondal e Pascual Veiga, recollendo a práctica histórica consolidada e a conciencia colectiva da cidadanía galega[277]. A Lei, partindo de que Galiza ten himno «de seu» (como di o art. 6 do Estatuto de autonomía), constata que xa existía «no ánimo e no pensar do pobo» e oficializa a «letra e [...] música que Pondal e Veiga puxeron na memoria e na boca dos galegos».

Por conseguinte, o texto do Himno, tal como é recollido na Lei de símbolos, corresponde ás catro primeiras estrofas d'*Os Pinos*, consagrando a práctica histórica maioritaria a partir de 1890, e máis concretamente a partir de 1916. O certame musical daquel ano estabelecía que se tiña de compor música «sobre las dos primeras octavas [isto é, estrofas] de la letra [...], quedando las restantes para repetir la música de dos en dos, y la novena como final de la composición». Isto quere dicir, e as primeiras publicacións antes de 1916 así o demostran, que o texto do Himno era o poema com-

pleto de nove estrofas. Porén, non temos constancia documental de que houbese interpretacións coa totalidade dos 72 versos.

Probabelmente, xa desde os primeiros tempos, posto que a partitura difundida desde os *Apuntes* de 1909 só incluía no papel pautado as catro primeiras estrofas[278], esta debeu ser desde o principio a práctica xeral, aínda que existen probas puntuais de certa flexibilidade na escolla de estrofas: Antón Vilar Ponte afirma en 1916 que «La letra, consta de varias estrofas, aunque son tres las que más se cantan» (isto é, as tres primeiras, aínda que recoñece a importancia da cuarta estrofa)[279]; en 1918, as Irmandades aproban que no Himno se inclúa tamén a estrofa VI, a referida a Portugal[280]; así mesmo, a través do repertorio do coro 'Agarimos da Terra', sabemos que cantaban as dúas primeiras estrofas, as dúas últimas e mais a estrofa acrecentada anomalamente en 1917 (vid. *infra*); e, finalmente, os grupos Ultreia tiñan unha versión particular do Himno, por canto interpretaban as dúas primeiras e mais as dúas derradeiras[281].

Ningunha destas opcións minoritarias triunfou, porque desde as primeiras publicacións do texto do Himno, ao lado da versión do poema completo, maioritaria e progresivamente se foron decantando para as catro primeiras estrofas canónicas[282], finalmente consolidadas, desde a década dos 20, na práctica social e no recoñecemento institucional[283]. Só os elementos e correntes de pensamento máis ferozmente centralistas defenderon, no seu momento, unha versión, reducida e amputada, do Himno consagrado historicamente.

Eis, pois, o texto oficial do Himno Galego, segundo a «Lei 5 / 1984, do 5 de maio, de símbolos de Galicia»:

¿Que din os rumorosos
na costa verdecente,
ao raio transparente
do prácido luar?
¿Que din as altas copas
de escuro arume arpado
co seu ben compasado
monótono fungar?

Do teu verdor cinguido
e de benignos astros,
confín dos verdes castros
e valeroso chan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono
fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden
e con arroubo atenden
o noso ronco son,
mais sóo os iñorantes
e féridos e duros,
imbéciles e escuros
non os entenden, non.

Os tempos son chegados
dos bardos das edades
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán;
pois, donde quer, xigante
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán.



Se se fai un confronto entre este texto e o publicado (e, por tanto, autorizado) por Eduardo Pondal nas bases do Certame Musical de 1890, fica de manifesto que a actual versión oficial do Himno altera significativamente o texto orixinal.

Xa a partir dos primeiros momentos da aparición do poema *Os Pinos*, cuxos trinta e dous versos iniciais se constituíron historicamente como Himno, o texto comeza a ser sometido non só aos criterios gráficos particulares de cada editor ou publicación, senón tamén a un proceso de acumulación de erros lingüísticos, interpretativos e, en definitiva, textuais, certamente importantes. Despois da aparición das bases do Certame, que incluían o poema de Pondal, en diversas publicacións periódicas do interior e do exterior xa con algúns erros (especialmente *chan* e *ronco*)[284], as seguintes edicións producíronse na Habana, o centro oficializador e difusor do texto pondaliano como Himno Galego, cuxa interpretación oficial se produciu na capital cubana en decembro de 1907. En 1905, a revista cubana *Galicia*, para alén de grallas e erros diversos, altera o léxico do texto (9: cingido] cinguido; 12: clán] chán; 22: férridos] feridos[285]) e introduce modificacións que impiden a comprensión da sexta e sétima estrofa do poema (41: ven] ben; 53: e aló] c'aló; 67: quen] quer)[286]. A mesma revista, en 1907, perpetúa a lección errada *cinguido* (v. 9), mais reintroduce o castelanismo *ronco* (v. 20) e realiza outras modificacións importantes (69: c'un] con; 43: q'os] c'os), ademais de acumular moitos erros de imprenta[287].

Mais é a versión de 1909, aparecida nos *Apuntes para la historia del Centro Gallego de La Habana*, a que terá maior transcendencia para o futuro textual do poema, xa que desta publicación se derivan todas as posteriores. Limitándonos aos versos do Himno, todos os erros anteriores son incorporados (9: *cinguido;* 12: *chan;* 20: *ronco;* 21: *mais, só, féridos*), para alén de malinterpretar o posesivo nos vv. 18, 20 e 30 utilizando a segunda persoa e anular, dese xeito, o xogo dialóxico entre a pregunta inicial aos «rumorosos» e a resposta destes. Esta versión de 1909 é a que se difunde por Galiza a partir de 1910 a través da revista *Vida Gallega*[288], que recolle unha copia textual da edición cubana de 1909, da mesma maneira que ten de ser a base para a publicación en abril de 1917, despois da morte de Pondal, do texto d'*Os Pinos* no *Boletín* da Real Academia Galega[289], de onde pasou a absolutamente todas as edicións modernas.

O confronto entre os textos evidencia que o *Boletín* de 1917 segue a edición dos *Apuntes* de 1909 (e de *Vida Gallega* de 1910), pois coincide literalmente en todos os erros, coa excepción de *rouco* (v. 20) e das verdadeiras formas do posesivo nos vv. 18, 20 e 30, cunha innovación: incorpora unha nova estrofa final no poema, a décima, coa particularidade de que a maioría dos versos non presentan acento (primario ou secundario) na segunda sílaba, como fora expresamente solicitado por Pascual Veiga.

Esta versión de 1917 é incorporada á edición da obra pondaliana feita pola Academia Galega en 1935 para celebrar o centenario do poeta[290], cos mesmos erros de 1917, embora se produzan certas innovacións gráficas e se acumulen novas alteracións do texto pondaliano. Os editores académicos asumen todas as alteracións textuais e increméntanas coa acomodación lingüística do poema aos seus criterios[291]: o resultado é un texto alterado e 'diferente' do escrito e publicado por Eduardo Pondal para o Himno Galego.

A transcendencia desta edición de 1935 reside en que a versión da Academia se converteu na degradada vulgata de onde procederán todos os textos pondalianos editados a partir dela. Deste xeito, a edición moderna fundamental antes da Lei de símbolos, isto é, a de Xosé María Álvarez Blázquez (1970)[292], é unha reprodución literal do texto de 1935, que só modifica para acomodar formalmente aqueles aspectos que diferían das prácticas gráficas modernas[293].

Esta progresiva e acrítica acumulación de innovacións no texto d'*Os Pinos*, desde a súa publicación inicial en 1890 até a edición-vulgata de 1935 e a súa continuación de 1970, só pode ser xulgada como unha grave alteración da vontade pondaliana, expresada a través da publicación inicial e mais dun recorte dese texto feito polo poeta, no que a única corrección (autógrafa) é a efectuada no título, que é riscado e substituído por *Breogán*. É máis: o feito de que algunhas deturpacións impidan a comprensión de dúas estrofas do poema (vid. vv. 41-44 e 49-56), tal como foi transmitido historicamente, confirma que as mudanzas non responden á vontade do autor, nin sequera ao proceso de popularización: son produto quer de mudanzas mecánicas, quer de lapsos, quer de modificacións propositadas –conscientes ou por descoñecemento– dos diversos editores na transmisión do texto,

Nesta páxina e seguintes: Primeira edición da partitura do Himno nos *Apuntes* de 1909












de modo que moitas destas intervencións espurias chegaron a facer parte do texto oficial do Himno, que procede, sen dúbida ningunha, da supracitada edición de 1970. A análise da transmisión encadeada dos erros e mais todas as probas documentais confirman a publicación inicial do poema *Os Pinos* no Prospecto do Certame de 1890 como texto verdadeiro e real do Himno composto por Eduardo Pondal, cunhas características lingüísticas e lexicais que se poden documentar na restante produción pondaliana, así como nas numerosas redaccións manuscritas previas do Himno conservadas na Real Academia Galega.

Deste xeito, a versión oficial dos versos do Himno evidencia algúns problemas referidos á presentación formal do texto xa que omite os puntos suspensivos nas dúas preguntas iniciais, ao tempo que mostra unha puntuación altamente defectuosa, especialmente nos vv. 7-8 (en que non usa vírgula entre os dous adxectivos) e nos vv. 15-16 (sen vírgula no vocativo). De todos os xeitos, aínda é máis transcendente a eliminación de calquera indicación de que o texto hímnico é un diálogo (a través das aspas ou dos trazos de diálogo), isto é, unha pregunta aos «rumorosos» (vv. 1-8) e a correspondente resposta (vv. 9-32), de modo que se condiciona a interpretación semántico-literaria[294].

Por outra parte, o texto oficial reconverte a orixinal forma contracta *ó* (unha sílaba métrica) nunha aglutinación gráfica *ao* (dúas sílabas métricas), ao tempo que moderniza o adxectivo *trasparente*.

No que se refire a aspectos fono-morfolóxicos, unha versión respectuosa co texto orixinal debería manter *cinxido* (en lugar da variante *cinguido*, allea a Pondal) e a forma *mas* da conxunción adversativa, usada polo poeta a partir de 1886.

No relativo ao léxico, é indubidábel a forma *clan* (termo de orixe céltica co significado de 'descendencia, pobo...') que Pondal utiliza en diversas ocasións na súa poesía (ás veces coa forma gráfica *clam*), sempre como sinónimo de grupo humano, tanto no poema central (QP 45) de *Queixumes*, como na restante produción lírica. Ademais, o texto oficial reconverte o adxectivo *sós*, que confire un valor intensificador ao texto e impide a sinalefa, nun adverbio baixo a arcaizante forma *soo*. E aínda se detecta no texto unha forma inexistente na lingua pondaliana (e na lingua galega) como *féridos*, corrupción (seguramente por erro de imprenta) da forma correcta *férridos* utilizada por Pondal co valor de 'duros como o ferro, férreos'.

Finalmente, aparece no v. 21 unha forma pseudogalega como *iñorantes*, incorrecta desde o punto de vista lingüístico, que o poeta xamais utiliza en lugar da correcta *ignorantes*, documentado, ademais, en diversas pasaxes da obra pondaliana.

O actual texto oficial do Himno Galego é, por tanto, produto dun proceso de acumulación acrítica de erros que foron acollidos e acrecentados historicamente até desembocar na Lei de símbolos, que contradí a vontade do poeta precisamente no seu texto máis emblemático, na medida en que eses versos foron escritos para representar a toda a cidadanía galega. Velaí o texto do Himno actualizado graficamente:

Que din os rumorosos,
na costa verdecente,
**ó** raio **trasparente**
do prácido luar...?
Que din as altas copas
de escuro arume harpado
co seu ben compasado,
monótono fungar...?

«Do teu verdor **cinxido**
e de benignos astros,
confín dos verdes castros,
e valeroso **clan**,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono:
desperta do teu sono,
fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden,
e con arroubo atenden
o noso **rouco** son;
**mas sós** os **ignorantes**
e **férridos** e duros,
imbéciles e escuros,
non os entenden, non.

Os tempos son chegados
dos bardos das edades,
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán,
pois donde quer, xigante,
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán».

O Himno Galego, especie de síntese da lírica pondaliana, con presenza de todos os elementos constitutivos do seu universo poético, é un poema que exhorta á necesaria redención dun pobo opreso no presente, que precisa recoñecerse na súa paisaxe, na súa historia heroica e na esperanza dun futuro digno daquel glorioso pasado.

Como tal texto literario, de alta calidade artística, cómpre lelo e interpretalo. O poema completo *Os Pinos* está composto de nove estrofas, que van desenvolvendo gradual e progresivamente os motivos da composición. O elemento metaforizado, os piñeiros (os «rumorosos»), presente no título do poema e mais no seu primeiro verso, é interrogado polo poeta para descubrir a súa mensaxe. O poema comeza, por tanto, cunha pregunta. A escenografía inicial presenta a terra (a través dos «rumorosos»), o mar (a «costa verdecente»), a música natural (o «arume harpado») e o firmamento (o «prácido luar»), elementos escollidos porque son identificadores da Galiza, como as rochas, os monumentos megalíticos ou a impoñente paisaxe de Bergantiños e da Costa da Morte, a xeografía nativa e literaria de Eduardo Pondal: representan, por tanto, o elemento telúrico inconmutábel e imprescindíbel para a resurrección e redención pretendida. A partir desta estrofa inicial, nas restantes até o final do poema (e do Himno) aparece a resposta dos piñeiros á pregunta formulada na primeira.

Cal é, pois, a mensaxe dos piñeiros e mais da natureza acompañante? Na segunda estrofa, os piñeiros diríxense directamente á nación galega, ao «fogar de Breogán»[295]. A invocación ao colectivo, á nación, asenta nun pasado heroico de resonancias célticas («verdes castros», «valeroso clan»), nun tempo en que, nesta concepción mítico-poética, os galegos naceron á historia nos «célticos eidos» en combate co «duro romano» (PI 1.37; PM 5.3, 20.12, 44.22, 83.32). A mensaxe actualizadora, como imperativo categórico («desperta do teu sono»), está explicitada na utilización dun dos referentes máis recorrentes da poesía decimonónica e, nomeadamente, da pondaliana: os galegos, para despertaren do sono secular, precisan ter presente o «rudo encono» da inxuria (cf. *decide comigo, / injuriados e rudos gallegos, / decide comigo: / «Ou honra… ou ferro!»,* PM 62.19-22 e 35-38)[296].

Após afirmar, na terceira estrofa, a existencia de que os galegos «bos e xenerosos» entenden a mensaxe redentora («a nosa voz» e «o noso rouco son»), face os «ignorantes, e férridos e duros, imbéciles[297] e escuros», xordos á voz da Terra, a exhortación final aparece na cuarta estrofa, porque, por fin, xa «son chegados» os tempos dos célticos bardos e, por conseguinte, a redención da «nazón de Breogán»: é o tempo de actuar, a voz colectiva da nación proclama en toda Galiza a necesidade da acción para esa redención[298].

Até aquí, o texto que integra real e institucionalmente a letra do Himno. As restantes estrofas d'*Os Pinos* constitúen unha intensificación argumental e retórica: os «fillos vagorosos» van dispondo o peito a «intrépido combate» para se liberaren dun presente oprobioso; Galiza debe voltar os ollos para Portugal, pola historia compartida (vid. especialmente PA 17); a raza[299] «briosa» (mulleres e homes) responderá ao «amor de terra verde», ao tempo que as «fillas de Breogán» ensinarán á «nobre prole» os robustos ecos das harpas breogánicas, non «mólidos concentos»: dualidade masculino / feminino (isto é, forza, valentía e coraxe fronte a brandura e moleza), que atravesa axialmente a poesía de Pondal funcionando topicamente en moitos poemas como elemento positivo e negativo, respectivamente.



A estrofa derradeira cerra o poema por medio do apelo final: o son dos piñeiros convoca o son das armas, abandonando todo «vil xemido brando».

En resumo, trátase dun poema dialóxico (pregunta vs. resposta) e dicotómico, construído a base de dualidades e oposicións: bos e xenerosos vs. férridos e duros, masculino vs. feminino, xemido vs. armas…; e, ao mesmo tempo, é un poema inscrito no celtismo, na procura dunhas bases históricas poético-míticas en que asentar a renacenza da nación galega. Renacenza poetizada a través dun tempo e dunha épica nacional (celtas vs. romanos = Galiza vs. Castela): os celtas, os primeiros galegos, son o símbolo preclaro da autonomía da patria, dun tempo en que ela se ergueu libre e soberana, antes da conquista, da derrota e da rendición. Esta é a funcionalidade principal do celtismo no Himno e no conxunto da lírica pondaliana, que Murguía e outros autores desenvolverían en prosa histórica e que vertebra un poema cargado de proxección patriótica, convertido desde 1890 no Himno nacional galego.

* * *

A música do Himno presenta algunhas incógnitas até agora non aclaradas na súa totalidade. Como xa se dixo, a orixe da composición está no premio convocado no Certame Musical, organizado na Coruña, polo 'Orfeón Coruñés nº 4', en 1890, de que Pascual Veiga era presidente, co fin de dotar Galiza dunha *Marcha Regional Gallega* ou «himno regional gallego que sea la espresión fiel del espíritu de esta región, con objeto de que a manera de la Marcha Real, Marsellesa, etc., sea cantado en toda Galicia con el entusiasmo que despierta en el ánimo el Sentimiento de la patria». Co himno gañador prevíase clausurar os actos nun gran festival, mais sería substituído polo escrito por Pascual Veiga, con total suxeición ás bases, no caso de que ningunha das obras presentadas acadase o primeiro premio. Estas bases establecían que a «Marcha Regional Gallega» fose para orfeón, sobre as dúas primeiras oitavas da letra de Pondal consignada no programa, ficando as restantes para repetir a música, de dúas en dúas, e a novena como final da composición, entendéndose que esta non podería exceder de 32 compases de catro por catro, sen comprender o dito final[300].

A partitura do Himno de Pascual Veiga, ensaiada para o certame de 1890, foi moi probabelmente cantada por todos os orfeóns que o mestre mindoniense dirixirá en Madrid a partir de 1892[301], e entre eles, como xa foi dito, o do Centro Galego daquela capital[302]. A partitura orixinal do Himno Galego non chegou a nós[303], aínda que sabemos que a estrutura desta obra, exclusivamente coral, se axustaba ao establecido nas bases. O número de oitavas que se cantaban, e que incluía obrigatoriamente a primera e a segunda (sobre as que se compoñería a música), estaba aberto, mais sempre era impar, pois era preceptivo que se cantase, como final, a epifonemática novena estrofa, derradeira do poema, feito que se reflicte en cada unha das dez partituras presentadas ao certame de 1890:

Estima non se alcanza
Cun vil xemido brando,
Cal quen requer rogando
Con voz que esquecerán;
Mas cun rumor xigante,
Sublime e parecido
Ó intrépido sonido
Das armas de Breogán!

Tampouco temos ningunha constancia da existencia real da partitura que, para banda militar, se debería ter realizado do himno para ser interpretado, xuntamente co Orfeón, como remate das festas musicais organizadas pola colectividade coral presidida por Pascual Veiga.

Documentada, pois, a existencia e a interpretación da *Marcha Regional Gallega «Os Pinos»* de Veiga escrita para orfeón, Xosé Fontenla Leal, tras o coñecemento de que o compositor xa tiña preparada a música d'*Os Pinos* para a súa edición, co patrocinio previsto do Centro Galego da Habana, solicita a Veiga o envío dunha copia da partitura a aquela capital, onde, polas razóns que










Himno Galego da Agrupación Cultural Auriense, 1970

Dereita, arriba:
Himno Galego da Irmandade Rexional Galega, 1917

Dereita:
Portada de *A Nosa Terra*, Bos Aires, maio de 1945





Fontenla expón na petición, é aconsellábel facer a impresión[304]. A partitura chega á Habana o día 14 de xullo, dous días despois da morte en Madrid do autor da *Alborada*[305].

Dúas observacións cabería facer á carta de Fontenla, visto que achega datos valiosos para o coñecemento dunha partitura que se vai publicar por primeira vez nos *Apuntes* de 1909 e que constitúe a única fonte documental para a música do noso Himno xa que, como tamén ocorre coa partitura de 1890, non se coñece autógrafo de Veiga. A primeira, e máis importante, é que a partitura dos *Apuntes* non puido ser revisada polo músico como estaba previsto: «Para que pueda correjir las faltas que tengan [sic] el trabajo grabado le mandaré 2 ó 3 pruebas, para que pueda correjir», dille Fontenla na súa carta; e a segunda observación é que se trata dun arranxo da primitiva partitura do certame de 1890 («se me ocurre indicarle lo conveniente que será el que la partitura sirva también para piano solo, en la misma forma que Ud. arregló en su Obra *A Escala*, que sirve para Orfeón y al mismo tiempo para piano»), se ben parece que non é doada a separación total da parte vocal da instrumental, non existindo, polo contrario, problema ningún na interpretación exclusivamente pianística do Himno.

A partitura, que aparece xa explicitamente baixo o título de *Himno Regional Gallego*, abandonando a denominación de *marcha* rexional con que coexistía, escrita en compás binario de 4 por 4, na tonalidade de sol maior, para tenores primeiros, segundos e baixos, con acompañamento de piano ou piano só, carece de indicación metronómica de tempo, mais o seu carácter é cualificado como «aire marcial».

Comeza o himno cunha introdución instrumental (piano) de oito compases –introdución, por tanto, allea á partitura composta para o certame de 1890– e, a seguir, o himno propiamente dito, escrito sobre as dúas primeiras oitavas do texto pondaliano, nun esquema que se repetirá cada dezaseis versos (nos *Apuntes* reprodúcense as nove estrofas do texto, baixo o título d'*Os pinos*, co subtítulo de *Himno Rexional Gallego*), para rematar cunha coda instrumental de seis compases.

A lectura da partitura, escrita para orfeón e piano, presenta algúns problemas interpretativos que ao longo do tempo foron encontrando diferentes solucións e que nalgún caso ficaron sen resolver na actual partitura oficial publicada na Lei de Símbolos (Lei 5/1984), que ten como base os orixinais realizados por Xosé Fontenla Leal para a impresión das pranchas dos *Apuntes* e que serán reproducidos no Proxecto de lei de símbolos no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*[306].

Así, na partitura editada na Habana non se especifica o momento xusto da repetición da música, pois carece da dobre barra indicativa, extremo que, con contadas excepcións, nunca significou un «especial» problema interpretativo. Este erro, que pasou desapercibido nos primeiros estudos da tramitación da Lei, quedará finalmente resolvido na partitura oficial (orfeón/piano) inserida na Lei de símbolos.

Tampouco fica aclarado convenientemente na Lei se na versión coral do himno a introdución instrumental debe ser suprimida, como parece o lóxico, ou se se pode cantar a boca cerrada, como adoitan facer os nosos coros nas súas interpretacións artísticas[307].

Así mesmo, a partitura dos *Apuntes*, aínda tendo coda instrumental, carece de coda vocal final, polo que, cando se interpreta coralmente, sen acompañamento, é necesario recorrer a unha coda cantada, deficiencia resolvida na partitura institucionalizada na Lei de símbolos, da mesma maneira que, con diferentes solucións, xa se viña facendo tradicionalmente e que ten como base a coda instrumental e, no texto, os versos «Fogar de Breogán» (v. 16) / «Nazón de Breogán» (v. 32)[308].

Composto na tonalidade de sol maior, dada a súa extensión vocal, o noso himno, escrito orixinalmente para tenores primeiros, segundos e baixos, resulta por veces difícil de cantar cando os intérpretes –na maioría das ocasións– non teñen condicións para o canto, feito que tampouco abordou o lexislador nunha Lei que debería ser máis explícita. Ademais da fixación do *tempo* (velocidade con que a obra ten que se interpretar) por medio do metrónomo (requisito que aínda recortando a liberdade artística parece «esixíbel» por se tratar dunha partitura correspondente a un texto normativo), debería contemplar a necesidade da canonización de versións para as diferentes formacións musicais: sería conveniente e recomendábel, cando menos, versións oficiais de partituras para coro (*a capella*, con arranxo vocal da introdución, se é o caso, e da coda final), orquestra (con e sen coro), banda (con e sen coro), gaita(s) e mais para piano e voz. Na realidade, xa desde 1931 é sentida esta necesidade de unificación, estandarización e institucionalización da execución

musical do Himno, como mostra que a Deputación da Coruña pensase organizar un certame de orfeóns galegos para febreiro de 1932: a obra de concurso sería o «Himno regional gallego», cun importante e único premio, e a súa finalidade explícita era «unificar la ejecución en toda Galicia de nuestro himno»[309].

A composición de Veiga foi estreada, como xa se dixo, no Gran Teatro Nacional da Habana pola Banda Municipal baixo a dirección de Guillermo M. Tomás o día 20 de decembro de 1907, sendo o arranxo para Gran Banda Militar do músico daquela agrupación Ramón López Ejea[310]. Tamén, e asinada naquela cidade no día 16 de decembro de 1907, posuímos outra transcrición da partitura do «Imno Regional Gallego, del Mtro. Veiga, Instrumentada por Martín Menéndez. Propiedad del Centro Gallego», arranxo e instrumentación para banda militar, que leva o carimbo a tinta da Banda Municipal de Música da Habana, curiosa obra en que non figuran nin a introdución nin a coda de Veiga, que é substituída pola do arranxador.



Capa do disco *Himno Galego. Venceremos Nós*, 1976

Non existindo durante moitos anos edición impresa do himno, a excepción da realizada na Habana, a súa partitura transmitirase a través de copias manuscritas e fixéronse transcricións e arranxos desta segundo as necesidades. Vai ser Ildefonso Alier, Editores de Música, de Madrid, quen vai editar a partitura[311] baixo o título de *Himno Rexional Gallego*, letra de Eduardo Poudal [sic] e música de J. A. Veiga. José Adolfo Veiga Paradís, sobriño de Pascual Veiga[312], rexistra ao seu nome a partitura do Himno en 1926[313], razón que explica os violentos ataques de que é obxecto pola usurpación da autoría do símbolo da Patria.

A partitura rexistrada aparece musicalmente revisada e depurada dos erros dos *Apuntes* de 1909 (falta de dobre barra de repetición e de coda vocal), aínda que contén numerosísimas grallas tipográficas nos seus trinta e dous versos de texto.

A aprobación da Lei de símbolos, que inclúe a partitura do Himno para voces masculinas e acompañamento de piano, levou consigo a necesidade de publicación dalgunhas versións, onde destacará o traballo realizado polo compositor Rogelio Groba.

* * *

Para a rehabilitación completa dos sinais de identidade do pobo galego cómpre tamén a restauración da letra e música certas do Himno, un dos símbolos que nos identifican colectivamente, tal como a Lei proclama. É por isto que este labor de restauración textual e musical do Himno Galego, para combinar o respecto ás creacións de Eduardo Pondal –texto literario– e Pascual Veiga –partitura– cunha axeitada, e definitiva, actualización para os tempos presentes e futuros[314], é aínda unha tarefa pendente, que os intentos do Parlamento en 1996 (constitución dunha ponencia parlamentar conxunta para estudar e propor as correccións precisas na letra do Himno) e en 2001 (aprobación unánime dunha Proposición non de Lei, en que se pretendía restaurar a letra fidedigna do Himno e facer cumprir e divulgar a Lei 5/1984) non resolveron[315].

* * *

Murguía afirmou que un poeta e un músico poden erguer unha patria. A patria existía, mais Eduardo Pondal e Pascual Veiga contribuíron a fortalecela por medio dun poderoso símbolo ideado para unir todos os galegos nunha causa común.

*Vivat, floreat natio galaica!*







2.244
DIARIO OFICIAL DE GALICIA
Nº 120 - 23 de xuño de 1984




Nº 120 - 23 de xuño de 1984
DIARIO OFICIAL DE GALICIA
2.245

# NOTAS

[1] As referencias e citas da obra de Eduardo Pondal serán feitas a partir da edición da súa *Poesía Galega Completa* por Manuel Ferreiro en Edicións Sotelo Blanco (Santiago de Compostela), coas siglas *QP* (= *Queixumes dos pinos*), *PI* (= Poemas Impresos), *PM* (= Poemas Manuscritos), *PA* (= Poemas Apógrafos), *E* (=*Os Eoas*): Eduardo Pondal, *Poesía Galega Completa*. Vol. I. *Queixumes dos pinos* (1995). Vol. II. *Poemas Impresos* (2001). Vol. III. *Poemas Manuscritos* (2002). Vol. IV. *Os Eoas* (2005).

[2] Vid**.** Sadie, Stanley (ed.): *The New Grobe Dictionary of Music and Musicians,* Londres, MacMillan, 1980.

[3] Vid., respectivamente, «De Sol á Sol», *La Voz de Galicia,* A Coruña, 12-8-1884, e Roque d'as Mariñas [Manuel Lugrís Freire], «A festa de Tacón», *A Gaita Gallega,* N-a Habana, 2 d'o mes d' Agosto de 1885, tocata segunda. No segundo caso, seguramente se trataba do himno de Manuel Barros e Pérez Camino (vid. *infra*).

[4] Cf. «La Sociedad de Juegos Florales en Pontevedra», *La Ilustración Gallega y Asturiana*, Madrid, 8-3-1880, t. II, n.º 7, p. 92.

[5] Precisamente, despois deste certame orfeónico, Pascual Veiga, que acudiu co seu orfeón, dará a coñecer a que será célebre *Alborada*, con letra do mesmo poeta coruñés.

[6] Véxase a convocatoria en «Juegos Florales. Programa para el Certámen Literario y Musical que se verificará en Pontevedra el mes de Agosto de 1884», *El Correo Gallego*, Ferrol, 14-5-1884.

[7] Cf. *Revista de Galicia,* A Coruña, 10-9-1880, p. 282.

[8] Texto tirado da partitura publicada en *Himno á Galicia*. Letra de Dn. M. Barros. Música de Dn. R. Camino. El autor de la música tiene el honor de dedicarlo á la digna C. D. del Centro Gallego, Bos Aires, Almacén de Música de J. da Costa Amaro, [1880]. Vid. tamén «Los himnos gallegos», *Faro de Vigo*, 26-5-1925. Sobre Manuel Barros [realmente, Manuel Vázquez Castro], vid. A. Couceiro Freijomil, *Diccionario bio--bibliográfico de escritores*, Santiago, Editorial de los Bibliófilos Gallegos, 1953, vol. III, pp. 469-470, e A. Vilanova Rodríguez, *Los Gallegos en la Argentina*, Buenos Aires, Ediciones Galicia, 1966, pp. 811-820.

[9] Polo feito de tirarmos o texto das partituras, existe un problema de interpretación deste verso, que tamén podería ser *Libertá que das almas eu canto*.

[10] *El Eco de Galicia,* Bos Aires, 30-1-1894, n.º 82, p. 3. Sobre este músico, vid. A. Vilanova Rodríguez, *Los Gallegos en la Argentina*, Bos Aires, Ediciones Galicia, 1966, pp. 804-808; véxase tamén Manuel Novóa Costoya, «Ricardo Pérez Camino», *El Eco de Galicia*, Bos Aires, 30-1-1894.

[11] Cf. «Programa del Certámen musical que tendrá lugar en la ciudad de Santiago en el mes de Julio de 1884», *El Censor,* Betanzos, 2-2-1884, n.º 15.

[12] Cf. «Himno de Galicia», *El Censor,* Betanzos, 16-2-1884, n.º 17. A reprodución da letra nesta publicación presenta un erro de transcrición, pois faltan os vv. 1 e 5 da primeira estrofa.

[13] *A Gaita Gallega,* N-a Habana, 26 d'o mes de Outubre de 1886, tocata 13ª, p. 4. O texto, con leves modificacións gráficas, foi recollido na recompilación da obra poética feita polo autor en 1918: *Da terriña (Versos gallegos)*, A Habana, 1918, pp. 121-122 (O poema fora publicado por primeira vez en libro na obra *Caldo de grelos,* A Habana, 1895, agora recompilada). Por outra parte, en *La Tierra Gallega,* A Habana, 21-7-1895, n.º 79, anúnciase a súa interpretación, que é glosada despois por Curros Enríquez: «El Orfeón *Hércules* invade el escenario y entona un precioso *Himno Gallego* original de nuestro amigo y conterráneo, Sr. Armada Teijeiro, en que en frases de acero se contiene la protesta contra nuestros eternos explotadores. ¡Bien por el poeta! [...]. Así deben cantar los esclavos de hoy, más desgraciados en la vida de la democracia, que los siervos de ayer, bajo el imperio de la tiranía histórica» (cf. «25 de Julio de 1895», *La Tierra Gallega,* A Habana, 28-7-1895, n.º 80).

[14] Vid. «Noticias de Galicia», *El Eco de Galicia,* Bos Aires, 10-11-1893, n.º 74. Este himno foi interpretado en Madrid «antes que en Galicia, no obstante llevar el honor a nuestra hermosa región» (cf. Galo Salinas Rodríguez, «Crónicas Gallegas», *La Tierra Gallega,* A Habana, 5-1-1896, n.º 103). Vid. tamén «Notas regionales», *Revista Gallega,* A Coruña, 16-7-1895, n.º 18, p. 5; «El maestro Silvari», *Revista Gallega,* A Coruña, 22-9-1895, n.º 28, p. 6; e «El Maestro Varela Silvari», 8-12-1895, n.º 39, p. 7.

[15] No orixinal, *hastra*, corrixido polo autor en todas as follas soltas conservadas na RAG, aínda que as primeiras publicacións presentan a versión inicial (vid., por exemplo, *El Derecho,* Ourense, 25-4-1893).

[16] «Círculo Católico de Obreros de Ferrol. Tercer Certamen Literario, Científico y Musical», *El Correo Gallego,* Ferrol, 18-1-1904. No seguinte número do xornal, Ramón de Arana (1859-1936) fai unha razoábel crítica das bases do certame pola súa indefinición musical (Pizzicato, «Musiquerías. Un certamen en Ferrol», *El Correo Gallego,* Ferrol, 19-1-1904).

[17] «Círculo Católico de Obreros. Tercer Certamen Musical», *El Correo Gallego,* Ferrol, 18-3-1904.

[18] «El Círculo Católico. Certamen Literario Musical», *El Correo Gallego,* Ferrol, 4-4-1904.

[19] Publicados no volume *Album Literario 1907 da Asociación Iniciadora e Protectora da Real Academia Galega da Habana,* Universidade da Coruña, 2001. Os textos aparecen nas pp. 69 (Lugrís Freire), 35 (Carré Aldao), 121 (Florencio Vaamonde) e 71 (Martelo Paumán).

[20] No dactiloscrito da RAG as estrofas 2ª e 4ª aparecen invertidas e marcadas con numeración indicativa da orde.

[21] Este poema, co título «Himno Militar Gallego», foi posteriormente publicado polo autor en *Landras e bayas. Versos,* A Cruña, Tipografía d'EL NOROESTE. *¡Terra a Nosa!* Imprenta de EL NOROESTE. Ano I. A Cruña, agosto de 1919. Volume 15, pp. 11-12, con variantes gráficas e de redacción nalgúns versos (II, 2: firmes] xuntas; III, 1: Fidalgos] Os nobres; 3: onda] ola) e coa adición de máis dúas estrofas finais:

Bandeira santa do Sacramento
¿á quen divina non porás ley
cando berremos con forte alento
brandendo as fóuces, Dios, pátria é Rey?

Afora os negros do chán sagrado,
afora os corvos, Anglo e Francés,
n'este cristiano reino arrombado,
fé dos valentes, proba quen ês.

[22] Cf. «Unión Redencionista», *Galicia,* A Habana, 11-2-1911, n.º 6.

[23] Vid. «Noticias de Galicia», *Galicia,* A Habana, 8-4-1911, n.º 14, onde se informa que «El médico santiagués D. Luis Taibo García ha puesto música á un himno gallego del Sr. Brañas».

[24] Téñase en conta, ademais, que o poema «Hai unha terra», co estribillo *Ergue, labrego! Érguete e anda! / Coma en Irlanda! Coma en Irlanda!*, tamén foi escrito como himno (vid. Mouriño Estévez, J. [pseud.: El Marqués de Sabuz], «La política del gallego y de los himno galicianos», en *De literatura galaica* (volume encadernado por Cándido Valentín, Valladolid, s.d.), pp. 214-215.

[25] Cf. «Un himno gallego», *Galicia,* A Habana, 24-6-1911, n.º 25.

[26] Aparece a fotografía da partitura e mais o texto poético en *Vida Gallega,* Vigo, 1911, n.º 32, de onde recollemos o texto coa disposición métrica orixinal.

[27] Cf. «Los himnos gallegos. El "Deus Fratresque Gallecia"», *Vida Gallega,* Vigo, 30-5-1915, n.º 68.

[28] Cf. R. Cabanillas Enríquez, *Vento mareiro,* A Habana, Imp. Artística Concordia y Campanario, 1915, pp. 69-70.

[29] Vid. [A. Villar Ponte], «Con letra del siete. Quisiera ver cien nobles...», *La Voz de Galicia,* A Coruña, 28-11-1913. No *Repertorio do Coro Agarimos da Terra,* da Sociedad Artística del Tea (Mondariz, Imprenta do Balneario, 1920, p. 7), a música aparece atribuída a J. G. Páramos.

[30] *El Eco de Galicia,* Bos Aires, 28-2-1914, n.º 804.

[31] Cf. «N. da R.», *Vida Gallega,* Vigo, 30-1-1915, vol. V.

[32] O inventario de propostas hímnicas é aínda máis amplo, pois nas publicacións periódicas aparecen noticias sobre outras convocatorias de certames con himnos de que actualmente tampouco temos texto nin música. Vid., por exemplo, «Noticias de Galicia», *El Eco de Galicia,* Bos Aires, 30-8-1917, n.º 930, onde se cita a organización dos Xogos Florais en Pontevedra, nos que un dos temas era «'Himno a Galicia', escrito en dialecto regional, (premio del ex presidente del congreso señor González Besada)».



[33] Cf. *Vida Gallega,* Vigo, 10-3-1923, n.º 219.

[34] Autor de obras como *Pingas d' orballo,* Bos Aires, Contreras y Sanz, 1921, e *Cartas abertas e contos enxebres*, Bos Aires, Imprenta de José A. Santos, [1925], 1ª ed., [1927], 2ª ed.

[35] Cf. «Himno Gallego», *Eco de Galicia,* A Habana, 1-1-1925, n.º 224, p. 8. A versión posterior de *Vida Gallega* (B. Paradela, «Poesía gallega. El libro de este momento», *Vida Gallega,* Vigo, 15-5-1925, n.º 276) presenta algunhas modificacións textuais, fundamentalmente no v. 5 (no] do) e no v. 7 (venturoso] feiticeiro).

[36] Cf. «Los restos de Veiga reposan en Mondoñedo», *La Voz de Galicia,* A Coruña, 18-9-1912.

[37] Cf. [A. Vilar Ponte], «Con letra del siete. La "Alborada" y su letra», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 26-9-1912.

[38] Cf. X. Filgueira Valverde, *O Himno Galego. Da «Marcha do Reino de Galicia» a «Os Pinos» de Veiga e Pondal*, Caixa de Pontevedra, 1991, p. 5. A excelente pianista Pilar Castillo musicou, entre outros textos, a muiñeira *Maruxiña* de Eduardo Pondal.

[39] Actualmente na RAG.

[40] Varela Silvari non dubidará en afirmar que o Himno procede dunha ladaíña escrita en 1864 polo músico decimonónico Santiago Peralta Rodríguez, nado en 1817 (vid. Varela Silvari, «La letanía-himno o el himno-letanía», *Faro de Vigo,* 14-12-1925).

[41] A identificación completa do Prospecto é a seguinte: Orfeón Coruñés Número 4 | La Coruña | Certamen Musical | 1890 | Comisión organizadora del Concurso de Composición, Bandas Militares y Civiles, Masas Corales y Sextetos | Gran Concurso Internacional. | Tip. La Gutenberg, Barrera, 19, Coruña.

[42] O certame musical esencialmente galego na súa concepción e no seu desenvolvemento foi o organizado por *O Galiciano* no ano 1885, xa que tanto os textos do certame como o programa estan escritos integramente en galego e as obras musicais son galegas. Véxase o «Programa do Certame Gallego Literario-Musical de 1886» de Pontevedra, organizado por *O Galiciano* (RAG, Fondo Pascual Veiga, 227/53.0.0.0).

[43] As cartas de Pascual Veiga dirixidas a Eduardo Pondal, custodiadas durante moitos anos no Arquivo Parga Pondal (actualmente na RAG), xa foron previamente editadas por Amado Ricón Virulegio («Origen y sentido del himno gallego», *Boletín de la Real Academia Gallega*, A Coruña, decembro de 1974, n.º 356, pp. 51-55), por B. Cores Trasmonte (*Los Símbolos Gallegos*, Santiago, 1986, pp. 148-150) e por M. Ferreiro, *Pondal: do dandysmo á loucura (Biografia e correspondéncia)*, Santiago de Compostela, Laiovento, 1991, pp. 160-163. Para maior facilidade de lectura, na súa transcrición, actualizaremos a acentuación e as grafías <b, v>, modificando a puntuación cando for necesario.

[44] Para a transcrición e estudo dos sucesivos materiais da confección do texto do himno, vid. Manuel Ferreiro, *De Breogán aos Pinos. O texto do Himno Galego,* Santiago de Compostela, Libraría Couceiro, 2007 (1996, 1ª ed.), 3ª ed. corrixida e aumentada, pp. 19-57.

[45] Outros metros semellantes na poesía pondaliana poden verse en PI 39 e PM 102.

[46] Non sabemos con seguranza se esta versión con correccións acentuais é a devolta por Veiga a Pondal ou se é unha copia desa mesma versión. En calquera caso, trátase dun manuscrito reaproveitado (como indica que en 5r volva aparecer o título), tanto para as correccións do propio poema como para outras notas, como mostra o feito de que en 9v aparezan tres versos d'*Os Eoas* e en 10r, de novo, *Breo[gán]*.

[47] Recolocamos no final do poema esta aclaración, que no orixinal aparece na primeira papeleta do texto.

[48] Obviamente, Pascual Veiga sufriu un lapso ao reproducir ritmicamente a estrutura do primeiro verso do Himno, que debería aparecer como *La--rí-ra la-ra-rí-ra*.

[49] Transcribimos sen modificación ningunha o texto completo do poema, acrecentando unicamente a numeración das estrofas e dos versos.

[50] Esta modificación aparece con posterioridade ao Prospecto do Certame (vid. o cartel anunciador do Certame, conservado na RAG; e tamén «Programa de las fiestas que el Ayuntamiento de A Coruña...», *El Telegrama,* Coruña, 17-7-1890; «De Sol á Sol», *La Voz de Galicia,* A Coruña, 20-8-1890).

[51] Cf. «Orfeón Coruñés número 4. Grandes fiestas musicales que esta sociedad coral, de acuerdo con la comisión de festejos del Excmo. Ayuntamiento, celebrará en la Coruña los días 30 y 31 de Agosto de 1890», *El Telegrama,* A Coruña, 20-8-1890.

[52] «Circo Coruñés» e mais «La Coruña. Orfeón Coruñés número 4», *El Telegrama,* A Coruña, 30-8-1890.

[53] Dez son as partituras conservadas, debidamente rexistradas por Tettamancy, e dez, efectivamente, foron as presentadas, como se recolle en «De Sol á Sol», *La Voz de Galicia,* A Coruña, 24-7-1890.

[54] Segundo as *Actas* da RAG, será nomeado académico correspondente da Academia o día 19 de xuño de 1912, proposto o 1-12-1911 por José Pérez Ballesteros, Francisco Tettamancy e Florencio Vaamonde.

[55] Cf. «El veredicto de un jurado», *La Voz de Galicia,* A Coruña, 14-9-1890.

[56] Este primeiro premio foi erradamente atribuído uns días antes de se facer público ao músico lucense Xoán Montes («De Sol á Sol», *La Voz de Galicia,* A Coruña, 28-8-1890; vid. tamén «La ciudad», *El Regional,* Lugo, 29-8-1890). A falsa noticia é recollida igualmente por J. Trapero Pardo (*Lugo: 100 años de vida local,* Lugo, Círculo de las Artes, 1969, p. 145); esta atribución errada pasou ao artigo «Veiga Iglesias, Pascual», na *Gran Enciclopedia Gallega,* vol. 30, 1974, pp. 9-11 (asinado por F.L.--A.L., co-autor do presente traballo, que tomou o dato de *El Regional*), así como á nova *Gran Enciclopedia Galega* (edición non revisada polo autor). Un posíbel segundo erro deste artigo, e tamén referido ao Himno, é afirmar que a partitura de Veiga aparece asinada polo compositor o 13 de xullo de 1890 (data da asinatura da partitura de Ivo Gotós, actualmente na RAG), sen dúbida confusión nacida da afirmación de Augusto Veiga, fillo do compositor, que así o manifestara a Lence-Santar Guitián, que estaba a preparar unha biografía do músico mindoniense.

[57] «Crónica Regional», *El Regional,* Lugo, 28-8-1890.

[58] Cf. «Veiga perdió el *seso*: las personas que acaba de abandonar eran dignas de más consideracion por parte suya. Yo con ellas, hubiera conquistado el mundo entero», afirmación expresada nunha carta, asinada por Waldo, ao director de *El Álbum Literario,* Ourense, 21-9-1890, n.º 138.

[59] Cf. «Comunicado», *El Regional,* Lugo, 19-9-1896.

[60] Vid. unha síntese biográfica de Xosé Fontenla en X[osé] N[eira] V[ilas], «Fontenla Leal, José», en *Gran Enciclopedia Gallega*, 1974, vol. 13, pp. 188-189.

[61] «El himno de Galicia», *El Regional,* Lugo, 30-8-1907.

[62] «Certamen musical en La Coruña», *Eco de Galicia,* A Habana, 5-7-1890, n.º 419, pp. 2-3.

[63] Estas pranchas deben corresponder ás utilizadas para a publicación da partitura en *Apuntes para la historia del Centro Gallego de La Habana de 1879 á 1909,* A Habana, Imprenta «Avisador Comercial», de Miranda, López Seña y Cª, 1909.

[64] «En honor á Pascual Veiga», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 15-9-1906 (tamén en *El Regional,* Lugo, 19-9-1906).

[65] «La velada en honor del Maestro Veiga», *Galicia,* A Habana, 22-12-1907, n.º 51.

[66] Glosada, parabenizada e con chamamentos a prol do seu éxito na revista *Galicia* da Habana. Vid. «El himno gallego», 5-12-1908, n.º 50, e «El himno gallego», 12-12-1908, n.º 51.

[67] Cf. *Apuntes…, op. cit.*, p. 188.

[68] Información de L. Peynó, *Vida Gallega*, Vigo, marzo 1909, n.º 3.

[69] «¡Viva Galicia!», *Galicia,* A Habana, 26-9-1908, n.º 40. Sobre a interpretación, vid. J. Fontenla, «El himno gallego», no mesmo número.

[70] Xa publicada en M. Ferreiro, *Pondal: do dandysmo á loucura, op. cit.*, pp. 224-225.

[71] Debe referirse a Jesús Peinó, destacado activista cultural na emigración galega na Habana durante as primeiras décadas do século XX.

[72] Esta crenza permaneceu até épocas ben recentes, impulsada por un breve artigo divulgador de Juan Naya («El himno gallego. Notas para su historia», *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires*, Bos Aires, xullo-agosto 1971, n.º 58, pp. 22-23), onde se repiten literalmente as afirmacións de Francisco Camba e de Eladio Rodríguez (vid. *infra*). Os datos deste artigo foron recollidos e divulgados en *La Voz de Galicia* (vid. Juan Ramón Díaz, «El 'himno gallego' y sus autores», A Coruña, 10-9-1971) e chegan á redacción da entrada dedicada a Xosé Fontenla na *Gran Enciclopedia Gallega* (vid. nota 60) ou, aínda, a traballos moito máis recentes, como Victoria Armesto, «José Fontenla y el himno galle-

go», e *Los hijos cautivos de Breogán. El rastro de Castelao en América*, Sada-A Coruña, Ed. do Castro, 1986, pp. 126-132.

73 Cf. F[rancisco] C[amba], «El himno gallego», *Vida Gallega*, Vigo, vol. V, 30-1-1915 (reproducido en *Tierra Gallega*, Montevideo, 30-12-1917, n.º 46, p. 2).

74 Cf. Eladio Rodríguez González, «Don José Fontenla Leal», *Boletín de la Real Academia Gallega*, A Coruña, 1º de agosto de 1920, n.º 136, pp. 171-172.

75 F. L[ópez]-A[cuña] L[ópez], «Veiga Iglesias, Pascual», *op. cit;* Baldomero Cores Trasmonte, *Los símbolos gallegos*, *op. cit*. (o esquema básico xa aparecera na voz «Himno gallego» da *Gran Enciclopedia Gallega*, 1974, vol. 17, pp. 122-126, do mesmo autor); Xosé Filgueira Valverde, *O Himno Galego…*, *op. cit*. (compilación de artigos anteriores, que, pola súa vez, xa estaban recollidos no *Segundo Adral*, Sada-A Coruña, Ed. do Castro, 1981, pp. 217-236); Manuel Ferreiro, *De Breogán aos Pinos…*, *op. cit.;* X. Neira Vilas, «Xénese e consolidación do Himno Galego», Apéndice en *Crónicas galegas de América (Rolda Terceira)*, Sada-A Coruña, Ed. do Castro, 2001, pp. 325-383; Cora, J. de, *Pascual Veiga*, Lugo, El Progreso, 2002 etc.

76 Cf. «Xosé Fontenla Leal», *A Nosa Terra*, A Coruña, 10-3-1917, n.º 12.

77 [A. Vilar Ponte], «Con letra del siete. Por sus obras los conoceréis…», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 6-3-1917.

78 Despois do artigo de Francisco Camba, aparece unha extensa nota de redacción na que, entre outras consideracións, a revista fai unha acesa defensa de Xosé Fontenla: «hombre modestísimo, galleguísimo, brioso y entusiasta como pocos, fiel conservador del fuego sagrado de una desinteresada, santa y sana veneración á Galicia que no pudo apagar una ausencia que acaso rebase de ochos lustros» (vid. nota 73).

79 «Viajeros: Don José Fontenla», *Vida Gallega*, Vigo, 15-3-1917, n.º 83.

80 Cf. «El cadáver de Castro Chané», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 3-3-1917.

81 *Apuntes…*, *op. cit*, pp. 189-202.

82 Cf. «El himno regional de Galicia», *Vida Gallega*, Vigo, 30-11-1910, n.º 28.

83 Carré Aldao, Eugenio, *Literatura Gallega con extensos apéndices bibliográficos y una gran antología de 200 trabajos escogidos en prosa y verso de la mayor parte de los escritores regionales*, Barcelona, Casa Editorial Maucci, 1911, pp. 596 e 597. Neste mesmo apéndice, o autor recolle tamén a referencia ao himno de Brañas e Taibo (p. 597).

84 «Mondoñedo», *El Regional*, Lugo, 22-7-1912 (citando fontes do bisemanario *Mondoñedo*). Vid. tamén «Noticias de Galicia», *El Eco de Galicia*, Bos Aires, 30-8-1912, n.º 750.

85 Aínda que nalgún momento se pensou en enterrar a Pascual Veiga en S. Domingos de Bonaval, no denominado Panteón de Galegos Ilustres: «El orfeón Unión Artística Compostelana proyecta hacer un homenaje al malogrado Pascual Veiga, organizando entre todas las masas corales una suscripción para levantar en la iglesia de Santo Domingo, un artístico mausoleo en el que descansen al lado de la incomparable Rosalía y del buen gallego Alfredo Brañas, las cenizas del reputado maestro, propagador en Galicia de la cultura orfeónica» (cf. «Correo de Galicia. Santiago», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 20-7-1906). Véxase tamén «La ciudad», *El Regional*, Lugo, 19-7-1906.

86 «Del homenaje á Veiga», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 1-9-1912.

87 «De Madrid á Mondoñedo. Los restos de Veiga», *La Voz de Galicia*, Coruña, 8-9-1912.

88 J. Lombardía, «Homenaje a Pascual Veiga» (crónica do 22-9-1912), *Vida Gallega*, Vigo, 1912, n.º 39. O subsecretario era Avelino Montero Villegas, fillo de Montero Ríos; a Banda de Isabel la Católica estaba dirixida por Pedro Quiroga Marcos, músico militar monfortino (1877-1941).

89 Alejandro Barreiro, «Homenaje al autor de "La Alborada" (Informaciones de nuestro redactor-jefe)», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 19-9-1912.

90 Peña Novo, Luís, «Pascual Veiga», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 15-9-1912.

91 «Pontevedra. La estatua de Rosalía de Castro», *Faro de Vigo*, 14-1-1913. Vid. tamén «La estatua de Rosalía. Primera cuestación y homenaje», *El Noroeste*, A Coruña, 22-1-1913.

92 O certo é que «motivos que no se expresaron impidieron la realización del festival. Se habló no sé qué de agobios económicos, de falta de ambiente y escasez de entusiasmo, lo cierto es que al noble poeta no se le tributó la honra que por derecho le pertenecía y el proyecto fracasó» (cf. Galo Salinas, «Eduardo Pondal y Abente», *El Eco de Galicia*, Bos Aires, 20-4-1917, n.º 917).

93 Cf. «Fiesta de la poesía gallega», *El Regional*, Lugo, 30-11-1912. Véxase tamén «Noticias de Galicia. La Coruña», *El Eco de Galicia*, Bos Aires, 10-1-1913, n.º 763.

94 Vid. «La ciudad», *El Regional*, Lugo, 31-5-1915; e «En Orense. El certámen de orfeones», *El Regional*, Lugo, 2-6-1915.

95 Vid. «Las fiestas de San Froilán. Organizadas por la Liga de Amigos de Lugo […]. Programa», *El Regional*, Lugo, 22-9-1915; «Fiesta Gallega. Programa», 9-10-1915; e «Fiestas de San Froilán. La Fiesta Gallega», 11-10-1915; «Fiestas de San Froilán. Impresiones y noticias», *El Progreso*, Lugo, 10-10-1915.

96 Cf. M. Casás Fernández, «Unas palabras», en *Conferencias del Primer Cursillo*, xaneiro 1918, A Coruña, Reunión R. e I. de Artesanos, Instituto de Estudios Gallegos, pp. 3-4). Vid. tamén o diario de Casás, reconstruído por Santiago Daviña Sáinz (ed.), *Nuestro diario íntimo. Memorias del alcalde Manuel Casás Fernández (Al servicio de La Coruña y de Galicia)*, Ayuntamiento de La Coruña/Concello de A Coruña, 1999, especialmente as pp. 52 e 167. As palabras de Casás fan referencia á «Festa Galega» sen indicar data concreta, que unha monografía sobre 'Toxos e Froles' (J. J. Rodríguez de los Ríos, *Real Coro "Toxos e Froles" (1914-2000)*, Deputación da Coruña, 2003, 2 vols.), coro fundado en 1914 e actuante nesta festa, data erradamente en 1915: no libro de actas do Circo de Artesáns (fonte invocada por 'Toxos e Froles') non aparece ningunha referencia nin anotación marxinal á interpretación do Himno en 1915.

97 «Las fiestas de María Pita», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 18-8-1916; «Gran Fiesta Gallega», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 20-8-1916 (cítase como «Himno a Galicia»).

98 «La Fiesta de la Música Gallega», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 21-8-1916.

99 «De Sol á Sol», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 23-8-1916.

100 Vid. «De Sol á Sol», *La Voz de Galicia*, 26-8-1916; «De Sol á Sol», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 27-8-1916; «Anoche en el Relleno. Música gallega», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 28-8-1916.

101 Xa se anuncia que vai cantar o Orfeón en *La Voz de Galicia:* «De Sol á Sol», 30-8-1916, e «El himno gallego de Pondal y Veiga. Esta noche cantará el Orfeón», 31-8-1916.

102 Cf. «Veiga y Pondal. El himno a Galicia», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 26-8-1916.

103 «Pondal y Veiga. El himno y los orfeones», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 27-8-1916.

104 Cf. Adela Veiga, «El himno a Galicia. Un voto de gratitud», *La Voz de Galicia*, Coruña, 2-12-1916.

105 «El himno a Galicia», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 31-8-1916. Véxase tamén «En el Relleno. La velada musical de hoy», *El Noroeste*, A Coruña, 31-8-1916, e «En el Relleno. La sesión musical de ayer», *El Noroeste*, A Coruña, 1-9-1916 (a crónica recolle que a interpretación do Himno foi repetida até catro veces).

106 Cf. «Paseos. Expediente sobre la creación del monumento a Doña Concepción Arenal y Doña Rosalía Castro. Año de 1914» (Concello da Coruña, Arquivo Municipal).
A prensa recolle o contido desta instrución ao profesorado: «El alcalde desea que vuelva a ser interpretado el himno a Galicia con ocasión del homenaje a la ilustre escritora doña Concepción Arenal.
A tal fin, interesará de los maestros y maestras de las escuelas nacionales que dispongan que sus respectivos alumnos ensayen dicho himno, acompañados de la banda de música del regimiento de Isabel la Católica» (cf. «El himno a Galicia», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 5-9-1916).

107 Cf. «Después del homenaje. Varias noticias», *La Voz de Galicia*, Coruña, 19-9-1916.

108 «Un homenaje. El monumento de Concepción Arenal. El acto inaugural», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 13-9-1916.

109 «Un homenaje. El monumento de Concepción Arenal», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 16-9-1916.

110 «Después del homenaje. Varias noticias», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 19-9-1916.

111 Véxanse, por exemplo, as noticias da interpretación do Himno en Ribadavia por parte do orfeón coruñés 'El Eco' e mais a banda de música 'La Lira' («Las fiestas de Ribadavia. El certamen de orfeones», *El Noroeste*, A Coruña, 11-9-1916).

112 «Ino a Galizia», *Estudios Gallegos*, Madrid, novembro 1916, n.º 21.

113 «[…] la Masa Coral siempre lo interpretó como un alto símbolo de la nación que representaba» (cf. J. J. Rodríguez de los Ríos, *Real Coro «Toxos e Froles» (1914-2000)*, *op. cit*., vol. I, p. 17).



114 Probablemente a primeira gravación do Himno é a de 1918, debida ao coro lugués (vid. «Ayer. 19 de noviembre», *El Progreso*, Lugo, 20-11-1918). Para a gravación do disco de 'Cántigas da Terra', vid. «La música popular gallega. Impresión de discos fonográficos», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 16-1-1921, xornal en que aparecerá o anuncio comercial do disco no 19-11-192; este mesmo coro volve gravar un segundo disco en 1928, finalizando a ditadura (vid. «Divulgación de la música gallega», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 2-10-1928). As dúas interpretacións foron dirixidas polo mestre Fernández Amor. A ficha de un dos discos (sen data) é a seguinte: Odeon - Himno a Galicia (SO 4885). Coro Cántigas da Terra. Coruña. 182.354 a. Pola súa parte, o disco de 'Toxos e Froles' é o seguinte: AE 166 -Himno Gallego (264561). Dirixido polo Maestro Darío Pazos [Plazas na etiqueta do disco] Cajide (1887-1956). Editado por Disco «Gramófono» –La voz de su amo–. O texto cantado corresponde, como é lóxico, ás catro estrofas canónicas.

115 Vid. «Cántigas da Terra», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 11-7-1917; «Cántigas da Terra», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 12-7-1917.

116 «El festival de anoche. 'Cántigas da Terra'», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 13-7-1917.

117 «Con letra del siete. Algo más que música», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 13-7-1917. Lémbrese que en 1918 se vai celebrar a Asemblea Nacionalista de Lugo.

118 «Cántigas da Terra», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 21-7-1917.

119 «Cántigas da Terra. La fiesta de ayer», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 22-7-1917. A noticia aparece tamén noutras publicacións extracoruñesas (vid., por exemplo, «Festas sempátecas. N-A Cruña», O *Tío Marcos d'a Portela (Terceira época)*, Ourense, 7 de agosto de 1917, Parrafeo doce).

120 «La fiesta gallega», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 1-8-1917; «Nuestras fiestas», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 5-8-1917; «Ayer en la plaza de toros. La fiesta gallega», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 6-8-1917.

121 Véxase, por exemplo, «Teatro gallego. En Betanzos», *A Nosa Terra*, A Coruña, 15-12-1919, n.º 108 (falando da Irmandade de Betanzos); «Teatro galego. Escola Dramática Galega. En Villalba», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1-3-1923, n.º 180 (a Irmandade de Vilalba).

122 «Noticias de Galicia. Pontevedra», *El Eco de Galicia*, Bos Aires, 20-6-1919, n.º 994.

123 «Teatro galego. Escola Dramática Galega», *A Nosa Terra*, A Coruña, 15-5-1923, n.º 185.

124 Vid. «Novas da causa», *A Nosa Terra*, A Coruña, 15-6-1923, n.º 187; ou «Festas galegas. Queixumes dos pinos», *A Nosa Terra*, 1-3-1925, n.º 210.

125 «Festas galegas. Foliadas e Cantigas», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1-3-1924, n.º 198.

126 «Festas galegas. O coro 'De Ruada'», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1-6-1924, n.º 201.

127 «En Ribadeo. Unha gran festa galega», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1-10-1924, n.º 205.

128 «Festas galegas. Ecos da Terra», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1-7-1926, n.º 226.

129 Cf. «Duas festas galegas», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1-7-1923, n.º 188.

130 Cf. «Honrando a quen nos honróu», *A Nosa Terra*, A Coruña, 30-7-1917, n.º 26.

131 «Lugo-Cruña-Monforte, Vilalba. Unha xornada groriosa e patriótica. Galicia pol-a vez primeira fala c'oa sua lingua», *A Nosa Terra*, A Coruña, 6-2-1917, n.º 9. Sobre o acto político en Lugo e a fervorosa interpretación do himno, vid. a carta do «Comité d'Aición Galleguista da Cruña», do 29-1-1917, publicada en *El Noroeste*, A Coruña, 31-1-1917.

132 «O bóo exempro. Un xantar enxebre», *A Nosa Terra*, A Coruña, 20-3-1917, n.º 13.

133 «Opiniones. Índices de galleguidad», *El Pueblo Gallego*, Vigo, 11-8-1934.

134 A actitude respectuosa co himno foi asumida mesmo por Emilia Pardo Bazán, no Teatro de la Zarzuela en Madrid: «lo más conmovedor, lo que verdaderamente llegó al fondo de nuestros corazones […] aquel instante en que, cuando entonaron el Himno á Galicia, la ilustre condesa de Pardo Bazán, dando un plausible ejemplo, se puso en pié en el palco que ocupaba é hizo que todos los espectadores, como si á la compacta la moviese un sólo resorte, se alzasen también para escuchar respetuosamente el himno» (cf. W. F[ernández] F[lórez], «Crónica. Una fiesta gallega», *El Regional*, Lugo, 28-11-1917, noticia tomada do diario coruñés *El Noroeste*). Lémbrese, a este respecto, que na inauguración do monumento a esta escritora o himno galego fora interpretado pola Banda de Música 'Isabel la Católica' e mais os nenos das escolas públicas coruñesas (vid. «Los actos de ayer. El homenaje a la Condesa de Pardo Bazán», *El Noroeste*, A Coruña, 16-10-1916).

135 «A semente prendeu», *A Nosa Terra*, A Coruña, 10-9-1917, n.º 30.

136 «Peneirando…», *A Nosa Terra*, A Coruña, 20-10-1917, n.º 34.

137 «Un coro galeguista mais. 'Cántigas da terra'», A Coruña, *A Nosa Terra*, 20-7-1917, n.º 25.

138 «Cántigas da Terra», *A Nosa Terra*, A Coruña, 15-6-1922, n.º 165.

139 Cf. Xesús Torres Regueiro, *A Irmandade da Fala de Betanzos 1917-1930*. Separata do *Anuario Brigantino*, Betanzos, 1991, n.º 14, p. 104.

140 José Rodríguez Ogea, «'A Nosa Terra' en África», *A Nosa Terra*, A Coruña, 5-1-1917, n.º 6.

141 Vid. «Noticias de Galicia. Lugo», *Galicia*, A Habana, 24-6-1922, n.º 26 (sobre un gran comicio agrario en Chantada).

142 «As Irmandades da Fala. Fe de vida», *A Nosa Terra*, A Coruña, 10-6-1917, n.º 21.

143 Vid., por exemplo, «Ferrol-Cruña. Unha nova xornada galleguista. O enxebrismo tragueranos o progreso e a libertá», *A Nosa Terra*, A Coruña, 16-2-1917, n.º 10.

144 «Santiago-Cruña-Monforte-Pontevedra. As Irmandás da Fala, cada vez mais fortes. Nova xornada trunfal», *A Nosa Terra*, A Coruña, 20-5-1917, n.º 19; «Falamos cheos d' orgulo. O primeiro ano da Irmandade», *A Nosa Terra*, A Coruña, 20-5-1917, n.º 19; «As Irmandás da Fala, cada vez mais fortes», *A Nosa Terra*, A Coruña, 20-5-1917, n.º 19; «O primeiro ano da Irmandade», *A Nosa Terra*, A Coruña, 20-5-1917, n.º 19; etc.

145 «Sada pol-o galeguismo. O imperio dos caciques vai afundíndose», *A Nosa Terra*, A Coruña, 30-3-1918, n.º 50.

146 «El representante del "Centro Gallego" de La Habana», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 7-3-1917.

147 «Una grandiosa manifestación de duelo. La Coruña ha demostrado ayer su afecto a Pondal. El entierro del poeta», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 10-8-1917.

148 «Post-mortem. Homenaxe a Pondal. A sua obra vivente», *A Nosa Terra*, A Coruña, 20-3-1917, n.º 13.

149 «En Santa Lucía. Funerales por Pondal […]. Un homenaje», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 11-3-1917.

150 «Curros y Pondal. Mañana en el cementerio», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 10-3-1917.

151 «Ante las tumbas de Curros Enríquez, de Pondal y de Chané», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 12-3-1917.

152 «O bóo exempro. Un xantar enxebre», *A Nosa Terra*, 20-3-1917, n.º 13; véxase tamén «Un banquete enxebre», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 16-3-1917.

153 «N' Ourense. Lembrand' o Bardo», *A Nosa Terra*, A Coruña, 30-4-1917, n.º 17.

154 Cf. «En Mondoñedo. Homenaxe a Veiga», *A Nosa Terra*, A Coruña, 30-10-1917, n.º 35. Véxase tamén «Un homenaje a Pascual Veiga», *El Regional*, Lugo, 19-10-1917.

155 Cf. «Un gran día nacionalista na Cruña. O homenaxe a Curros Enríquez, Pondal e Chané. O banquete ós Catedráticos de Santiago», *A Nosa Terra*, A Coruña, 15-3-1922, n.º 159; vid. tamén «Velada n' homenaxe á Curros, Pondal e Chané, que fixo a *Irmandade da Fala* da Cruña», *A Nosa Terra*, A Coruña, 20-3-1918, n.º 49; e «Novas da causa», *A Nosa Terra*, A Coruña, 24-3-1919, n.º 84.

156 Cf. «Honrando aos nosos mortos», *A Nosa Terra*, A Coruña, 15-3-1923, n.º 181; tamén «Homenaxe aos galegos ilustres», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1-4-1926, n.º 223; «Homenaxe aos galegos ilustres», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1-4-1927, n.º 235.

157 Vid., por exemplo, «En memoria de Rosalía», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 20-7-1917.

158 Cf. «Galicia y su poeta. El homenaje a Rosalía», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 31-7-1917; vid. tamén «Homenaxe a Rosalía en Santiago», *A Nosa Terra*, A Coruña, 25-4-1920, n.º 118.

159 Cf. «Actos nazonalistas. Inauguración do mausoleo a Leiras Pulpeiro en Mondoñedo», *A Nosa Terra*, A Coruña, 15-11-1921, n.º 151. Vid. tamén «Noticias de Galicia», *El Eco de Galicia*, Bos Aires, 30-12-1921, n.º 1096.

160 «Un banquete», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 10-8-1917.

161 «Os homenaxes a Manolo Quiroga», *A Nosa Terra*, A Coruña, 10-8-1918, n.º 63.

162 «La exposición de arte gallego. El acto inaugural», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 27-8-1917; «La exposición de Arte Gallego», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 7-9-1917.

163 «Paisaxes de Imeldo Corral. Unha exposición d' arte na Cruña», *A Nosa Terra*, A Coruña, 10-8-1918, n.º 63.

[164] «No Seixo. A festa da arbre froital», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1-4-1929, n.º 259.
[165] «Castelao», *A Nosa Terra*, A Coruña, 15-4-1922, n.º 161.
[166] Propiedade de D. Enrique Peinador Lines, que despois será membro do Partido Galeguista.
[167] Vid. a sección de programación dos concertos en *La Temporada en Mondariz*, a partir de xuño de 1918 (por exemplo, 9-6-1918, n.º 1).
[168] Vid. a sección «Conciertos en el parque» en *La Temporada en Mondariz* a partir do número 1 do 12-6-1921.
[169] Vid., por exemplo, «O día de Galicia na Cruña», *A Nosa Terra*, A Coruña, 15-8-1922, n.º 168; «O 'Día de Galicia'», *A Nosa Terra*, A Coruña, 15-8-1923, n.º 190.
[170] Cf. «Unha estrofa do noso Himno», *A Nosa Terra*, A Coruña, 5-12--1918, n.º 73 e 74.
[171] Vid. «Galicia e Portugal. Nosos ideaes poden beneficiar a España», *A Nosa Terra,* A Coruña, 30-5-1917, n.º 20.
[172] *Ao pobo galego. Manifesto da Asambleia Nazonalista de Lugo*, Tip. «El Ideal Gallego».
[173] «Portugal e Galicia. Unha festa dina de lembranza», *A Nosa Terra*, A Coruña, 20-6-1918, n.º 58. Débese ter en conta que, no texto orixinal do himno, Lusitania é considerada *serva,* constituíndo *nobre* a única innovación que talvez o propio poeta aceptou (vid. Manuel Ferreiro, *De Breogán aos Pinos*, *op. cit.*, pp. 84-85).
[174] «Jornadas trascendentes. Portugal e Galiza no bon camiño. O primeiro acto de intertroque cultural e artístico entre portugueses e galegos. O ilustre pensador Leonardo Coimbra na Cruña», *A Nosa Terra*, 15-9-1921, n.º 147.
[175] «Novas da causa», *A Nosa Terra*, A Coruña, 15-2-1919, n.º 81.
[176] «As conferencias da Irmandade», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1-2-1924, n.º 197.
[177] «Honrando aos nosos artistas. Unha Velada», *A Nosa Terra*, A Coruña, 20-3-1918, n.º 49.
[178] «Novas da causa», *A Nosa Terra*, A Coruña, 15-2-1919, n.º 81.
[179] «O Día de Galicia», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1-9-1924, n.º 204.
[180] «Duas festas galegas», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1-7-1923, n.º 188. É significativo que, por exemplo, nas festas de Betanzos se interprete o Himno, ben seguro que por influencia das Irmandades: «E rematóu todo co Hino Galego, que todol-os concurrente[s] ouviron en pe e descubertos» (cf. «As nosas festas», *Rexurdimento*, Betanzos, 16 d' Agosto do 1922, n.º 2, p. 5); «Finalizóu a ceremonia c'a execución, pol-a banda d' Isabel a Católica, do Hino galego, e mentras tanto, moitos dos concurrentes, firmaban unha aita na que constaban que eran testigos do solene aito» («As nosas festas», *Rexurdimento*, Betanzos, 1 de setembro do 1922, n.º 3, p. 6).
[181] Cf. «Un gran día nacionalista na Cruña. O homenaxe a Curros Enríquez, Pondal e Chané. O banquete ós Catedráticos de Santiago», *A Nosa Terra*, A Coruña, 15-3-1922, n.º 159.
[182] «Cadro de Rosas», *A Nosa Terra*, A Coruña, 30-9-1918, n.º 67-68.
[183] «O Hino galego de Alfredo Brañas», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1-7--1923, n.º 186.
[184] *Gaceta de Madrid,* 19-9-1923, n.º 262.
[185] *Gaceta de Madrid,* 10-6-1931, n.º 161.
[186] «Festas Galegas. 'Cantigas da Terra'», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1-1--1924, n.º 196.
[187] «O homenaxe a os mortos ilustres», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1-4--1924, n.º 199.
[188] «A actualidade galega», *A Nosa Terra*, A Coruña, 25-7-1924.
[189] Cf. «No decorrel-os días», *A Nosa Terra*, A Coruña, 25-7-29, n.º 263.
[190] *A Nosa Terra*, A Coruña, 1-6-1924, n.º 201 ('De Ruada' de Ourense); *A Nosa Terra*, A Coruña, 1-10-1924, n.º 205 ('Cántigas da Mariña' de Ribadeo); *ANosa Terra*, A Coruña, 1-3-1925, n.º 210 ('Queixumes dos pinos' de Lavadores).
[191] Cf. «O Hino Galego», *A Nosa Terra*, A Coruña, 25-7-1924, n.º 203.
[192] Cf. «En poucas verbas», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1-5-1925, n.º 212.
[193] Felipe Pedreira, «España y los Castilla, nación». *Vida Gallega*, Vigo, 10--9-1919, n.º 132.
[194] Felipe Pedreira, «Al freir será el reir. Para los tontos nacionalistas», *Vida Gallega,* Vigo, 20-11-1922, n.º 211.
[195] Vid. F. Portela Pérez, «El Himno Gallego», 7-1-1925 (tamén en *Acción Gallega*, Buenos Aires, febreiro 1925, n.º 52); A. Rodríguez Elías, «El himno gallego», 11-1-1925; Wenceslao S. R. Gil, «El himno gallego», 12-2-1925; Galo Salinas Rodríguez, «El himno gallego. Una carta de Galo Salinas», 14-2-1925; S[alinas] R[odríguez], G[alo], «El himno gallego», 15-2-1925; Varela Silvari, «El himno gallego. Una carta del maestro Silvari», 26-3-1925; Galo Salinas, «El himno gallego», 1-4--1925; «El himno gallego» [fragmento dun artigo de Errante, isto é, Luciano del Río, en *Diario de Pontevedra*], 5-4-1925; Augusto de Paiva, «Himno Gallego», 11-4-1925; «El himno gallego. Comienza la prueba documental» [letra de Galo Salinas, partitura de Varela Silvari], 24-4--1925; «El himno gallego» [letra de Galo Salinas, partitura de Varela Silvari], 3-5-1925; Enrique Varela Díaz, «El himno gallego», 7-5-1925; «Himno a Galicia» [letra de Andrés Muruais, partitura de Felipe Paz Carbajal], 10-5-1925; «Los himnos gallegos», 15-5-1925; «Los himnos gallegos», 26-5-1925; A. Rodulfo, «Acerca del Himno Gallego», 29-5--1925; «Los himnos gallegos», 30-5-1925; «Os Pinos» [partitura de Francisco R. Núñez], 4-7-1925; Jaime Solá, «La lectura del veredicto», 2-9-925; Varela Silvari, «La letanía-himno o el himno-letanía», 14-12--1925.
[196] Vid. F. Portela Pérez, «El himno gallego» (5-3-1925, n.º 271); Varela Silvari, «El himno gallego» (20-3-1925, n.º 272); B. Paradela, «Poesía gallega. El libro de este momento», 15-5-1925, n.º 276; Galo Salinas Rodríguez, «El himno de Galicia» (15-5-1925, n.º 276); Plácido P. Castro del Río, «El himno gallego» (25-7-1925, n.º 281).
[197] Cf. «¿Pueden o no pueden estar satisfechos con este himno los hijos de Breogán? ¿Hay o no hay acierto en la adjetivación de "fillos vagarosos", "eidos ben [sic] antigos", "punxent' afán", "garridos xustillos", "rumor xigante", "intrépido sonido", con otras lindezas que, aunque sean puro cascote, no es cierto que, si con tales medios se pretende alborotar "a la raza de Ousinde y de Froxán", para que haga unha gallegada, le será mejor que no se mueva del sitio?» (*op. cit.*, p. 212).
[198] Vid. Correa Calderón, «Arar y cantar. El himno gallego», *El Pueblo Gallego*, Vigo, 23-5-1925.
[199] «El himno gallego», *Boletín de la Real Academia Gallega*, A Coruña, 1--10-1931, n.º 235-240, p. 389.
[200] Cf. Xavier Fraga, «O Himno Galego», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1º de marzo 1925, n.º 210, p. 4.
[201] Cf. «En poucas verbas», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1-5-1925, n.º 212.
[202] Cf. A. Losada Diéguez, «No día», *A Nosa Terra*, A Coruña, 25-7-1928, n.º 251.
[203] Víctor Casas, «Do momento», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1-2-1930, n.º 269.
[204] «Pra o Día de Galicia», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1-7-1930, n.º 273.
[205] «O día de Galicia», *A Nosa Terra,* A Coruña, 1-9-1930, n.º 275. Neste mesmo número, en «Novas da causa», nárrase que en Betanzos, no 17 de agosto, a bandeira «izóuse ao son do himno galego que foi interpretado pol-a banda municipal e gaiteiros de Soutelo de Montes, e coreado pol-o coro 'De Ruada d'Ourense'».
